

F E S T A   D A   P A L A B R A

S I L E N C I A D A

# OS FEMINISTAS



22

Publicación Galega Feminista  
Galicia. 2006



F E S T A D A P A L A B R A

S  
I  
L  
E  
N  
C  
I  
A  
D  
A

**Edita: FIGA**

**Subvenciona: Concellaría da Muller  
do Concello de Vigo.**

**Dirección:** María Xosé Queizán

**Deseño:** Margarita Ledo Andión

**Maquetación:** Mónica Bar / María  
Xosé Queizán

**Consello de Redacción:** Mónica Bar  
Cendón / María Xosé Queizán /  
Marga R. Marcuño

**Asesora Lingüística:** Marga Rodríguez  
Marcuño

**Colaborado@s:**

María Xosé Queizán  
Rosa Cobo Bedia  
Alicia H. Puleo  
María Xosé Agra Romero  
Avelino Muleiro García  
Ana de Miguel  
Rosalia Romero  
Dolores Limón Domínguez  
Gustavo Adolfo Garrido  
Iolanda Martínez Suárez  
María Armesto  
Luis Bonino  
Carlos L. Bernárdez  
Pura Vázquez  
María Xosé Vázquez Rodríguez  
María Debén Alfonso

Paula Mariño  
Mónica Bar Cendón  
Isabel Allende  
Afonso Becerra de Becerreá  
Manuel Bragado  
Mercedes Oliveira Malvar  
Luis Álvarez Pousa

**Ilustracións e portadiña Monográfico:**  
Maribel Longueira

**Portada:** Manuel G. Vicente

**Portadiña Actualidade:** Marcos  
Canosa Maya

**Enderezo-e:**

festadapalabra@wanadoo.es


**Distribúe:** www.andelvirtual.com

**Imprime:**

ALFER, etiquetas en contínuo, S.A.

**Dep. Legal:** VG-241-1983

M O N O G R Á F I C O



## EDITORIAL

Neste número, *Os Feministas*, a *Festa da Palavra* quere recoñecer a achega masculina á teoría feminista. Esta contribución foi decisiva en épocas nas que as mulleres, recluídas no espazo doméstico e privadas de educación e formación académica, apenas collían a pluma nin deixaban constancia das súas ansias de liberación, no caso de telas.

A aldrabada que abre a porta á teoría feminista son as ideas da Ilustración. Situar o ser humano no centro do discurso a través da razón e, como consecuencia, a consideración de igualdade de toda a humanidade, tivo como resultado que algunhas mulleres e homes reclamaran esa igualdade para o que, anos despois, Simone de Beauvoir chamaría o segundo sexo. Non todos os ilustrados lograron vencer os prexuízos adquiridos e o pensamento de fondo que infravaloraba ás mulleres, que as "naturalizaba", relegándoas a un estadio inferior, criterio avalado pola relixión e a filosofía durante séculos. As dominacións sempre lle parecen naturais a quen as exerce. Esta contradición dentro da propia teoría ilustrada, a de considerar diferentes as persoas segundo o sexo, foi superada por outras grandes figuras da época, como se demostra nas seguintes páxinas.

Cómpre destacar que nos ilustrados galegos a defensa das mulleres, como aparece no título do texto de Feixóo, e como se desprende dos escritos de Sarmiento, foi unánime. Este aspecto, entre outros, distingue aos ilustrados galegos que non caen, como Rousseau e moitos máis, en esquecementos, controversias ou arbitrariedades. As mulleres galegas, que tivéramos tan excelentes avogados no S.XVIII e unhas premisas sólidas para o pensamento feminista, fomos as primeiras prexudicadas pola deriva ideolóxica reaccionaria dos anos vindeiros.

Á forza da razón ilustrada engadiuse o afán de xustiza promovido polo marxismo que se propón o apoio ás masas desfavorecidas. Tamén aparece estudado neste número, o interese de pensadores marxistas sobre a opresión das mulleres e as causas socio-económicas que a motivaron.

No S.XIX xa encontramos mulleres, galegas excelsas algunhas, que erguen a voz e fan uso da pluma, reclamando, como alicerce necesario, a educación feminina. Será no S.XX cando aparezan as grandes teóricas feministas, nun pensamento vivo e lúcido que non cesa e ha continuar mentres sexa necesario racionalizar a liberación das

mulleres. Paralelamente, diminúe a contribución teórica masculina, e deixan nas mentes das mulleres a elaboración do discurso. O abandono, ben por prudencia, por desinterese, por resentimento, de todo habería, non foi beneficioso para a sociedade. Considerar o feminismo cousa de mulleres, centrado na diferenza, nos órganos reprodutivos, opinión compartida tamén por moitas mulleres, abriu unha sima ideolóxica difícil de salvar. Un tipo de feminismo, que teño cualificado como uterino, centrou o proxecto no tema sexual e nas consecuencias de tales diferenzas, ao tempo que, esquecendo a teoría política, xustificou a ausencia masculina. Pero hai outro aspecto que determinou o desprestixio do feminismo nas voces, incluso autorizadas, masculinas. A liberación das mulleres facíalles perder privilexios e creáballes conflitos. O "compromiso" masculino noutras ideoloxías non os implicaba persoalmente do mesmo modo. No feminismo, a diferenza doutras teorías, xoga un papel fundamental a praxe, e o comportamento masculino, o costume dos dereitos adquiridos, do abuso, da dominación, facían moi difícil, por non dicir imposible, compartir as ideas feministas que llelos ían toller.

Sempre hai, sempre houbo, con todo e iso, persoas con valores éticos, cun afán de xustiza que, ao longo da historia, as leva a participar da opresión, da explotación de outrén. Tanto mulleres, como homes brancos adoptaron a pel negra para reclamar a abolición da escravitude, ou son quen de inmiscirse na carne aldraxada das prostitutas para reivindicar a fin desa abominable práctica. Esta capacidade humana de empatía, primeiro, e, despois, de coraxe para reclamar aquilo que non nos afecta directamente pero que nos indigna, é aplicable tamén aos Feministas, homes que se mostraron e mostran implicados nos agravios sobre as humanas, e son quen de denuncialos.

Sexan cal fosen os motivos da escasa participación pública e reflexión teórica masculina, cando xorde a idea deste número, ante a pregunta de homes feministas do S.XX, tanto mulleres como homes con instrución, quedaban sen resposta. Seguramente porque o tema suxire a filosofía e nesta materia, sobre todo desde o postmodernismo, os criterios non favoreceron a igualdade das mulleres, senón todo o contrario. En cambio, no campo científico, superando a misoxinia dos científicos do XIX, sobre todo a craneometría que pretendía demostrar a inferioridade das

mulleres alegando o menor tamaño dos seus cerebros en relación cos dos homes, son moitos os achados que facilitaron a liberación feminina. O fallo reside en non considerar a ciencia como pensamento e en separala das humanidades, ignorando que no S.XX son moitos os científicos que unen ambas materias e profundan nun pensamento avanzado e humanista. Ademais da ciencia a psicanálise tamén propiciou estudos de homes feministas que asomarán neste número da *Festa da Palabra*.

Nos últimos anos o feminismo, recoñecido como artífice das maiores transformacións sociais, políticas e económicas do S.XX, adquire prestixio, e o pensamento feminista, confirmado como unha teoría política fornecedora dos principios éticos da democracia e o estado de benestar, chama á participación masculina tanto institucional como particular. O actual goberno socialista, ademais de formar un goberno paritario e situar unha muller, excelente por outra parte, na vicepresidencia, promulgou a Lei de Igualdade ou a Lei da Violencia de Xénero, que van cambiar a situación das cidadás nos anos vindeiros. Ademais, son moitos os colectivos masculinos que se unen reivindicando a igualdade de

xénero ou a abolición da prostitución. Daquela, neste nº recoñecemos o labor masculino ao longo dos últimos séculos, con ausencias que desculpamos, e celebramos a incorporación de Os Feministas para conseguir unha sociedade verdadeiramente democrática.

E D I T O R I A L



**M** O N O G R Á F I C O

## UN FILÓSOFO FEMINISTA NO SÉCULO XVII: POUILLAIN DE LA BARRE

A finais do século XVII aparece o nome dun filósofo racionalista cuxa obra publicada xira en torno á igualdade entre os sexos. A obra dese pensador, chamado Poullain de la Barre, permaneceu oculta ata mediados do século XX, malia ter sido un dos referentes teóricos de Stuart Mill ou de Simone de Beauvoir. E non só iso, pois as contribucións de Poullain ao relato de estado de natureza propio do contractualismo son moi relevantes a efectos de demostrar a igualdade “natural” de homes e mulleres. Nesta dirección, cómpre subliñar que o relato do estado é un dos máis significativos na construción do principio ético e político da igualdade no século XVIII. Asimesmo, as reflexións deste filósofo sobre o carácter histórico das relacións sociais é unha das reflexións máis significativas sobre a que se asenta o saber sociolóxico. A teoría feminista, na súa incansable tarefa de recuperar e reconstruír a nosa memoria histórica, rescatou para a filosofía e para o feminismo a obra deste filósofo de filiación cartesiana que tivo o mérito de poñer todos os argumentos racionalistas ao servizo da causa das mulleres.

A obra de François Poullain de la Barre inscribíase nunha tradición intelectual de crítica ao prexuízo que xorde nos albores da modernidade. En efecto, este

filósofo argumenta que a crenza tradicional na inferioridade das mulleres é un prexuízo que non descansa en ningunha reflexión racional e por iso mesmo non pode demostrarse empiricamente. Esta tradición de pensamento está profundamente vinculada ao racionalismo, pois se asenta sobre a idea de que nin a tradición nin as sagradas escrituras – tras as que habitualmente se enmascaraban os prexuízos- podían ser os instrumentos adecuados na formación do xuízo e da opinión. Efectivamente, a práctica sistemática da dúbida, a necesidade de chegar a ideas claras e distintas, a necesidade do libre exame e o esquecemento necesario dos argumentos de autoridade para alcanzar a verdade, configúranse como os pasos necesarios na desactivación do prexuízo sobre o que repousa a argumentación da desigualdade entre os sexos. Este novo discurso, o da igualdade entre os sexos, aparece no pensamento de Poullain de la Barre inserto nun discurso político máis amplo e xeral que non se desenvolverá plenamente ata o século seguinte.

E nesta dirección merece a pena subliñar que a obra de Poullain de la Barre desmente outro gran prexuízo que en boa medida se utilizou para descalificar as vindicacións feministas. Este prexuízo basease na

aparentemente “inocente” idea de que non existían as condicións histórico-sociais que fixesen posible nesa época producir un discurso crítico sobre a inferioridade social das mulleres. Ese prexuízo repousa sobre a abundancia de discursos patriarcais- e mesmo misóxenos- no século XVII e sobre a invisibilidade de discursos críticos coa desigualdade de xénero. Non embargantes, os escritos de Poullain de la Barre desmenten este prexuízo e poñen de manifesto que no século XVII non só se podía pensar criticamente contra a desigualdade e ter outro tipo de consideración sobre as mulleres, senón que estas reflexións, lonxe de seren discursos illados, inscribíanse nunha tradición de pensamento crítica sobre a desigualdade dos sexos.

### O DEBATE SOBRE A DESIGUALDADE ENTRE OS SEXOS

A obra deste filósofo preilustrado inscribíase nunha polémica sobre os sexos que se desenvolverá moito máis amplamente na Ilustración. Ata ese momento existían dous tipos de discursos sobre as mulleres : o da inferioridade e o da excelencia. O discurso da inferioridade subliñaba que a subordinación das mulleres



era o efecto dunha inferioridade natural e biolóxica, mentres que o discurso de excelencia destaca o carácter excelso das mulleres e sinala que é o efecto do seu apartamento do político e dunha natureza inclinada ás tarefas de coidados. O filósofo cartesiano ábrese camiño entre ambos discursos e perfila por primeira vez na historia do pensamento un discurso novo, o da igualdade entre os sexos. Porén, hai que sinalar que este discurso aparece no pensamento de Poullain de la Barre inscrito noutro máis amplo e xeral que non se desenvolverá plenamente ata o século seguinte<sup>1</sup>.

En efecto, Poullain de la Barre publicou no ano 1673 un texto que no seu momento foi amplamente coñecido e difundido, *La igualdad entre los sexos*<sup>2</sup>. O propósito deste libro é mostrar a igualdade natural entre homes e mulleres por encima de prexuízos e tradicións. O argumento ao que acode o noso autor é nitidamente racionalista, pois desautoriza o torrente interminable de prexuízos sobre as mulleres que deixaron marca na historia da filosofía e funda a igualdade no "bon sens" cartesiano. Certo, a igualdade repousa sobre unha facultade compartida por todos os membros da especie humana : a razón. Se todos os seres humanos temos o mesmo atributo natural, que é a

razón, todos debemos ser iguais en dereitos.

Poullain asume o concepto cartesiano de "bon sens", tal e como o define Descartes: " a facultade de vulgar e distinguir o verdadeiro do falso, que é propiamente o que chamamos bo sentido ou razón é naturalmente igual en todos os homes"<sup>3</sup>. O noso filósofo asume este postulado de Descartes como unha razón orixinaria pertencente a toda a especie, é dicir, a homes<sup>4</sup> e mulleres indistintamente, e sobre o que se asenta a igualdade

entre os sexos. Con todo, este concepto – "bon sens"- utilizado por Descartes para desmontar prexuízos no ámbito epistemolóxico sofre unha transformación en Poullain ao usar este como desarticulador de prexuízos sociais, neste caso sexistas. A operación que realiza Poullain consiste en trasladar o instrumental lóxico cartesiano ao terreo social ou, en palabras de Henri Pieron, en pragmatizar o *cogito*<sup>5</sup>. Poullain radicaliza o racionalismo cartesiano e estende o *cogito* desde a epistemoloxía



ata a moral e a sociedade :  
"Poullain sepárase de Descartes nun punto importante e significativo. Se o autor do *Discurso do método* se limitaba á crítica do prexuízo no ámbito da ciencia, como condición "sine qua non" para intuír o seu novo método e o seu programa de reforma da mente, Poullain aplícase á impugnación racional do prexuízo "dans les mœurs"; terreo no que Descartes se mostraba moito máis conformista"<sup>6</sup>. A razón de Poullain adquire unha nova dimensión ao operar no espazo social e político. Só daquela se converte en virtude.

Efectivamente, Poullain toma a inferioridade das mulleres como "o indicador social máis eficaz e determinante para analizar a sociedade. Christine Fauré subliñará que para o noso autor a cuestión das mulleres é un "analyzer" – analyseur – da sociedade. Celia Amorós estúdao no mesmo sentido: "o prexuízo relacionado coa desigualdade entre os sexos é o máis obstinado e ancestral, ergo si podemos refutalo... *a fortiori* poderémolo facer con todos os demais"<sup>7</sup>.

#### CARA A UNHA PEDAGOXÍA ILUSTRADA

Un ano despois de ter publicado *De l'égalité des. Sexes*,

Poullain de la Barre publica *De la Educación de las Damas*<sup>8</sup>, libro no que traza as liñas fundamentais da nova educación que se está a xestar e que ha cristalizar no século XVIII. No terreo da educación, o noso filósofo volve a romper rotundamente coas ideas tradicionais. Bernard Magné sinala que as características da educación feminina na segunda metade do século XVIII resúmense nunha pedagogía específica para as mulleres e outra para os homes<sup>9</sup> e nun sistema educativo orientado á aceptación da estrutura social estamental. Ese conservadurismo pedagóxico encontra a súa razón de ser na aceptación da desigualdade entre os sexos, na aceptación da educación restritiva para as mulleres e na aceptación das estruturas sociais dominantes. O discurso de Poullain supón unha ruptura profunda con esa concepción educativa tradicional e propón unha pedagogía racionalista que se asenta sobre a crenza na igualdade natural entre os sexos e entre os individuos que forman as diferentes ordes sociais.

A operación que realiza Poullain de la Barre consiste en dar a volta por completo ás argumentacións tradicionais : as diferentes educacións específicas para homes<sup>10</sup> e mulleres non son consecuencia da desigualdade natural entre os sexos senón que, polo contrario, é a propia desigualdade social a que produce e lexítima as dúas educacións. Se ben Poullain sostén que non todos os individuos teñen as mesmas



capacidades intelectuais, tamén cre que esas diferencias varían en función de individuos e non de sexos. A educación debe ser igual para ambos sexos porque a igualdade natural entre homes<sup>11</sup> e mulleres sustentase na demostración racional e tamén porque, como nos recorda o propio filósofo na Advertencia Preliminar, " non hai máis que un método para instruír a uns e outras, sendo como son da mesma especie"<sup>12</sup>. Como sinala Magné, en Poullain de la Barre é máis importante o método que o contido. Máis importante que o que se aprende é a maneira de o aprender: "As obras de Poullain de la Barre son, ao seu xeito, un *Discurso do Método*<sup>13</sup>. Na súa opinión, tanto o método como o contido deben ser únicos e iguais para ambos sexos. En consonancia coas súas concepcións pedagóxicas e políticas, Poullain reclama para as mulleres o acceso a todas as profesións e funcións sociais. O noso autor imaxínaas raíñas, xeneralas de armada, xuízas, médicas ou teólogas, entre outras profesións.

#### PRIMEIRAS REFLEXIÓNS SOCIOLÓXICAS DA MODERNIDADE

Sinala Christine Fauré que se pode facer unha interpretación de

orde sociolóxica do pensamento de Poullain de la Barre debido á dirección dos intereses intelectuais do noso autor pola sociedade. As bases da reflexión sociolóxica, os primeiros elementos do que será o modo de coñecemento sociolóxico, esbózanse na conceptualización sinalada anteriormente e que se concreta na *pragmatización do cogito*. Dito noutros termos, o noso filósofo postula a necesidade de que a razón opere no espazo social, pois, ao seu xuízo, a razón cartesiana móstrase insuficiente para desarticular prexuízos ancestrais e estruturas sociais non baseadas no mérito e o esforzo persoal. Esta pragmatización do *cogito* que formula Poullain convérteo, tanto para Daniel Armoghate como para Christine Fauré, no verdadeiro fundador da socioloxía<sup>14</sup>. Poullain engade ao discurso filosófico o discurso sociolóxico. A noción de razón cartesiana, en mans do noso filósofo, sofre unha profunda transformación ao se situar de cheo na sociedade. Esta operación intelectual constrúe as bases da reflexión sociolóxica. E non só iso, pois o noso filósofo enfatiza o carácter histórico e artificial da desigualdade entre os sexos, é dicir, sepárase da idea medieval de que a estrutura social forma parte dunha orde natural e inmutable das cousas.

Por outra banda, tamén Poullain cre que diversos aspectos da sociedade só poden recoñecerse verdadeiramente se o investigador se axuda de entrevistas a individuos relacionados co estudado. Deste modo, a enquisa maniféstase como un instrumento eficaz contra o prexuízo e o erro, e unha aposta a favor da experiencia. Doutra parte, as entrevistas avalan e confirman os supostos do racionalismo cartesiano: o "bon sens" está igualmente repartido entre todos os individuos, homes<sup>15</sup> e mulleres. Armoghate sinala que esta enquisa oral nos autoriza a dicir que estamos en presenza dunha actitude pre-científica, superior ao que existía anteriormente sobre este tema<sup>16</sup>.

En efecto, as aportacións de Poullain de la Barre á socioloxía non teñen que ver soamente cunha das ideas que fundan o saber sociolóxico, a orixe historicamente construída da orde social, senón tamén cunha aposta decidida pola experiencia como fonte de coñecemento. Doutro lado, en toda a súa obra pode detectarse unha apelación á idea de suxeito, pois na súa investigación crítica sobre a desigualdade entre os sexos entende que as mulleres non

poden ser só obxectos de coñecemento senón tamén termos : sobre as mulleres pódese e débese falar, pero elas tamén deben pronunciarse sobre si mesmas para ter unha idea máis exacta e adecuada, é dicir, máis científica, dos discursos e as prácticas sociais que as inferiorizan.

A obra do filósofo Poullain de la Barre suxire varias ideas que cristalizarán con máis forza na Ilustración : a primeira delas é o vínculo de necesidade entre feminismo e igualdade; en segundo lugar, a obra deste autor inscríbese nunha tradición de crítica ao prexuízo que ao longo dos tres séculos seguintes desarticulá en gran medida os argumentos que proporcionan lexitimidade á desigualdade das mulleres ; en terceiro lugar, faise visible a idea de que algúns homes<sup>17</sup> poden ser feministas e asumir a causa das mulleres en nome do universal principio ético e político da igualdade.

\*Universidade de A Coruña

Tradución: Margarida Rguez-Marcuño

#### NOTAS

1. MAGNÉ, BERNARD, "Éducation des femmes et féminisme chez Poullain de la Barre (1647-1723)", en *Le XVIIème siècle et l'éducation-Colloque de Marseille, 1971*, Supplément au n° 88 de la revue Marseille, 1977; p. 123.

2. POUILLAIN DE LA BARRE, FRANÇOIS, *De l'égalité des deux sexes, discours physique et moral où l'on voit l'importance de se défaire des préjugés*, Paris, Fayard, 1984.

3. DESCARTES, R., *Discurso del método*, México, Espasa-Calpe, 1982, p. 35.

4. *Varones* no texto orixinal (Nota da trad<sup>9</sup>).

5. PIERON, HENRI, "De l'influence sociale des principes cartésiens. Un précurseur inconnu du féminisme et de la révolution: Poullain de la Barre", en *Revue de Synthèse Historique*, 1902, p. 60.

6. AMORÓS, CELIA, "Patriarcalismo y razón ilustrada", *Razón y Fe*, Madrid, 1991; p. 69.

7. AMORÓS, CELIA, "Cartesianismo y feminismo. Olvidos de la razón, razones de los olvidos", en *Actas del Seminario Permanente Feminismo e Ilustración*, Madrid, 1992; p. 99.

8. POUILLAIN DE LA BARRE, FRANÇOIS, *De la Educación de las Damas*, Ed. Cátedra, Col. Feminismos, Madrid, 1993. Tradución de Ana Amorós.

9. Ver nota nº 4.

10. Vid supra

11. Vid supra

12. POUILLAIN DE LA BARRE, FRANÇOIS, *De la Educación de las Damas*, op. cit.; p. 49.

13. MAGNÉ, BERNARD, "Education des femmes....", p. 120.

14. ARMOGHATE, DANIEL, "De l'égalité des deux sexes, 'la belle



question'", *Revue de Philosophie*, Corpus n° 1 (Paris), 1985, p. 20.

15. Ver nota nº4.

16. FAURÉ, CHRISTINE, "Poullain de la Barre, sociologue et libre penseur", *Revue de Philosophie Corpus*, n° 1 (Paris), 1985; p. 44.

17. Ver nota nº 4.

## UNHA FIGURA TRÁXICA NAS ORIXES DA DEMOCRACIA MODERNA: CONDORCET, FILÓSOFO FEMINISTA

*Dixéronme: elixe entre ser  
opresor ou vítima.*

*Abracei a desdita e deixei-las a  
eles o crime.*

Condorcet

O epígrafe destas liñas corresponde a uns versos que o marqués de Condorcet dedica á boa amiga que o agocha na súa casa cando é perseguido polo Comité de Seguridade do goberno da Convención, en 1793, en plena época do Terror xacobino. Na súa dramática lucidez, ouso dicir que estas palabras resumen á perfección a traxectoria intelectual e política marcada pola honestidade<sup>1</sup> e a busca da verdade do único filósofo da Ilustración que coñeceu e chegou a vivir a Revolución francesa. Criticar ao poder sempre ten os seus riscos e en tempos caóticos pode ser mortal.

Por temor a implicar a súa valerosa anfitrióna, Condorcet deixa a casa e, sae de París pola noite para non ser recoñecido co fin de se refuxiar na residencia de campo dun amigo. Este non se atopaba alí e o filósofo será apresado cando, agotado e movido pola fame, se detén na

taberna dun pobo cercano. Os parroquianos, entre os que se atopaba o membro dun comité revolucionario local, encontran sospeitosos que un home vestido tan sinxelamente tivera no seu poder un libro de poesía clásica belamente encadernado e deciden chamar á policía. Durante a noite do 27 ao 28 de marzo de 1794, Condorcet suicídase no calabozo para non morrer na guillotina, baixo o escarnio público. Catro meses antes, fora executada polo verdugo a pensadora e dramaturga feminista Olimpia de Gouges, autora da *Declaración dos Dereitos da Muller e a Cidadá*. Tanto Condorcet como Olimpia de Gouges apoiaran a Revolución de 1789, sendo decididos partidarios da orde democrática resumida no lema "Liberdade, igualdade, fraternidade". Pero, como sucedeu noutros grandes cambios políticos posteriores, na voráxine revolucionaria sucumbiron moitos dos seus máis sinceros protagonistas.

No breve espazo de que dispoño, recordarei algúns aspectos do pensamento deste filósofo que, a pesar do seu título de marqués, era pobre e viviu dunha humilde pensión outorgada polos seus traballos de Matemáticas, era aristócrata e apoiou a abolición dos privilexios da nobreza, era home nunha

sociedade patriarcal e defendeu a igualdade entre os sexos.

### ILUSTRACIÓN PATRIARCAL E ILUSTRACIÓN FEMINISTA

O movemento filosófico da Ilustración é a antesala intelectual dos sucesos revolucionarios de 1789 que instauran a primeira democracia moderna europea. E o feminismo, sostén Celia Amorós, encóntrase inseparablemente ligado ás ideas ilustradas de crítica racional aos prexuízos e deslaxitimación da opresión en nome da igualdade de todos os seres humanos. O feminismo orixínase na "lóxica xeneralizadora da democracia"<sup>2</sup>. A universalidade como valor e principio afirmará que todos os seres humanos teñen dereitos básicos, que todos os cidadáns han de ser iguais ante a lei e que as diferenzas só han de provir da desigualdade no esforzo e o consecuente mérito. Toda vez que se pasa a considerar ilexítimos os privilexios de *berce*\* e se declaran abolidos os privilexios que impedían a un plebeo acceder a honras ou postos exclusivos dos nobres, a profunda desigualdade entre homes e mulleres ou a escravitude dos negros nas colonias do Caribe tamén aparecen como evidentes inxustizas. Porén, non todos os ilustrados estarán de acordo en

<p>recoñecer e promover a igualdade de sexos. Pode decirse, ao respecto, que no seo da Ilustración tiveron lugar dous discursos contrapostos<sup>3</sup> : o minoritario, que se inicia no século XVII co cartesianismo de Poulain de la Barre e leva á petición de cidadanía para as mulleres por parte de Condorcet en 1792; e outro, o maioritario, que recolle e renova a antiga teoría dos temperamentos no discurso dos médicos-filósofos iniciado a mediados do século XVIII por Pierre Roussel, e se desenvolve como pedagogía e filosofía política con Rousseau, pensador que, neste aspecto, influiría de maneira decisiva en Kant.</p> <p>A xustificación da desigualdade entre os sexos soía buscar os seus argumentos nas ciencias naturais. Os médicos-filósofos dos séculos XVIII e XIX afirmaron que o cerebro das mulleres é como os seus músculos : máis brandos ca os dos homes. Polo que, concluían, son incapaces de prestar atención durante longo tempo e hai que lles prohibir, polo seu ben e o da reprodución da especie, o acceso á mesma educación que aos homes.</p> <p>Pola contra, a vertente feminista da Ilustración xurdía do imperativo moral, tipicamente ilustrado, de criticar a opresión das estruturas vixentes. Insistía</p>	<p>nos condicionantes culturais das diferencias entre sexos, xerando unha primeira forma do que no século XX será o concepto de <i>xénero</i>, e afirmaba os dereitos á liberdade e á igualdade das mulleres en tanto seres humanos plenos. Este feminismo dará lugar no século XIX ao movemento sufragista que conquistará o voto e outros dereitos tras unha longa loita que se estende ata principios do século XX.</p> <p>CONDORCET, FILÓSOFO FEMINISTA</p> <p>Noutro lugar, afirméi que a corrente feminista do movemento das Luces pode con toda propiedade ser chamada a <i>Ilustración esquecida</i><sup>4</sup>. Poucos coñecen hoxe en día o nome dos seus principais representantes e se os coñecen, non é pola súa preocupación pola igualdade para as mulleres. É o caso do marqués de Condorcet<sup>5</sup>, que é recordado polos seus traballos de matemática e estatística aplicada ao cálculo electoral e pola súa reflexión filosófica sobre a democracia. Adoita comentarse o optimismo da súa teoría da evolución moral da humanidade expresada na súa obra póstuma, <i>Bosquejo de un cuadro histórico de los progresos del espíritu humano</i>, escrita cando xa era un pródigo do Terror. Pero poucos</p>	<p>coñecen as súas convicións feministas, manifestadas en diversos escritos e iniciativas políticas e presentes tamén nas páxinas deste testemuño final : "Entre os progresos do espírito humano máis importantes para a felicidade xeral, debemos contar a destrución completa dos prexuízos que estableceron entre os dous sexos unha desigualdade de dereitos funesta para o mesmo que a favorece"<sup>6</sup>. Para Condorcet, o progreso da humanidade e o perfeccionamento moral dos mesmos homes é imposible sen recoñecer e levar á práctica os dereitos civís e políticos das mulleres. En clara referencia ás teorías dos médicos e filósofos de moda que xustificaban a exclusión das mulleres da educación, da política, das profesións liberais e da función pública en base a unha suposta debilidade orgánica ou moral, agrega: "Esta desigualdade non ten outra orixe que o abuso da forza e a partir de aí intentouse, sen o lograr, excusala con sofismas"<sup>7</sup>.</p> <p>Amelia Valcárcel destacou o carácter <i>político</i> da definición esencialista do colectivo femenino no discurso filosófico moderno maioritario. Xa fixemos referencia ao obxectivo da corrente maioritaria da Ilustración de excluír ás mulleres da toma de decisións na nova orde política. Esta orde, a democrática, estaba baseada na</p>
<p><b>M O N O G R Á F I C O</b></p>		

participación da cidadanía e requería, xa que logo, unha educación á altura das circunstancias. A educación democrática ( é bo recordalo nas polémicas actuais) ten que incluír coñecementos do mundo natural que nos libren da superstición, respecto á autonomía dos individuos liberados da tutela relixiosa e da tiranía política e nocións morais comúns que xiren en torno da autoestima da persoa como libre, autónoma, responsable e solidaria<sup>9</sup>. De aí o empeño de moitos pensadores, entre eles Rousseau, en non outorgar esta nova educación ás mulleres.

En 1792, nas súas funcións de deputado da Asemblea revolucionaria e encargado da redacción do novo proxecto de educación para Francia, Condorcet defendeu a educación igualitaria, laica e mixta para ambos sexos e a proposta de concesión de dereitos de cidadanía (votar e ser eleixidas candidatas) ás mulleres que cumpriran os requisitos esixidos aos homes no modelo de democracia censitaria vixente. As súas peticións baseábanse no dereito natural e nos principios republicanos: "as mulleres teñen os mesmos dereitos que os homes; elas teñen, pois, o (dereito) de obter as mesmas facilidades para adquirir os coñecementos, os únicos que



poden darlles os medios de exercer realmente estes dereitos cunha mesma independencia e igual extensión"<sup>9</sup>. Ambas propostas foron rexeitadas pola Asemblea. Case cen anos máis tarde, tampouco sería aprobado o proxecto de concesión do voto ás mulleres presentado no Parlamento inglés polo deputado e filósofo feminista John Stuart Mill. A similitude dos argumentos de ambos filósofos é moi grande<sup>10</sup>: o principio da liberdade dos individuos

independentemente do seu sexo; a existencia de dereitos humanos inalienables; a conveniencia, para o desenvolvemento da sociedade, de mulleres que poden ser auténticas compañeiras dos homes; a condición subordinada das mulleres como impedimento na formación do carácter virtuoso de ambos sexos, etc. Esta articulación de argumentos de principio e argumentos utilitaristas, que a algunhas críticas contemporáneas pareceu tibia e conservadora, estaba

destinada a convencer e producir o desexado cambio cara unha sociedade máis igualitaria, polo que non creo que poida ser motivo de auténtico reproche.

Cando lemos o seu *Informe sobre la instrucción pública*, que inspirará un século despois a creación da escola pública e laica francesa, sorprende a absoluta modernidade de moitas das súas ideas, algunhas delas aínda hoxe insuficientemente levadas á práctica. Non se cansa de insistir en que a educación ha de instruír e ensinar a razoar porque este é o único medio de impedir o triunfo dos charlatáns e dos corruptos na política. Este demócrata ferviente, oposto á pena de morte, feminista *avant la lettre* e membro da *logia* antiescravista "Amigos dos Negros", lonxe da seca racionalidade que algúns lle supoñen, insiste sobre a ineludible tarefa de cultivar os sentimentos na infancia, particularmente os da *compaixón cara os humanos e os animais*, a través de narracións axeitadas para esa finalidade. A dureza de corazón e a ferocidade son, afirma, "o maior inimigo das virtudes e da liberdade do pobo". Podemos ver, pois, que non só a reivindicación de dereitos para as mulleres e un tráxico final durante o ano do Terror xacobino unen as figuras de Condorcet e Olympe de Gouges. Ambos compartían tamén o antiescravismo militante

que se plasmará na abolición da escravitude e a defensa dos animais, asignatura aínda pendente na nosa sociedade do século XXI. E é que, ¿debe un espírito xeneroso poñer límites á potencialidade emancipatoria ilustrada na busca dun mundo mellor?

#### POR QUE RECORDAR A CONDORCET?

Dísenos moitas veces que debemos disculpar aos filósofos do pasado (Rousseau, Kant, Shopenhauer, etc) por non ter sido partidarios da igualdade entre os

sexos. Adoita afirmarse que non era posible tal tipo de pensamento antes do século XX. Este erro de peso débese á desaparición na memoria histórica do que se calificou de *disidentes da orde de xénero patriarcal*<sup>1</sup>. Compréndense mal a estes filósofos cando se ignoran aos pensadores feministas cos que polemizaban nunha batalla pola configuración do poder nas democracias modernas. Polo tanto, unha primeira resposta á pregunta sobre a pertinencia do recordo destes disidentes é que sen esta non pode realizarse unha correcta interpretación dos textos



M O N O G R Á F I C O



canónicos xeralmente estudados nas Universidades sen facer referencia algunha á cuestión das relacións entre homes e mulleres.

Fronte a algunhas opinións que consideran que só habemos de conceder interese á voz das mulleres, debemos recordar que na tarefa colosal de crítica ao patriarcado, ningunha forza ha ser desestimada. Todas as aportacións son necesarias. Non só é lexítima a voz dos membros do colectivo oprimido. En moitas ocasións históricas, a súa causa foi enarborada por persoas con vontade de verdade e de xustiza que ocupaban posicións privilexiadas e perdéronas ou puxeron en perigo por denunciaren a inxustiza. Anque algunha biografía teña posto en dúbida os datos históricos sobre o suicidio con veneno de Condorcet e consideren a posibilidade dun falecemento súbito debido ás penosas circunstancias do seu encerro, prefiro crer que, só e desesperado, na escuridade da súa cela, este defensor da liberdade e a igualdade puido tomar unha última decisión: a forma da súa morte.

Recordar é unha forma de agradecemento cara aquelas persoas que foron quen de superar arraigados prexuízos e cálculos interesados; aquelas ás que a súa rectitude e a súa paixón pola busca non dogmática da

verdade leváronas a se enfrontar á opinión maioritaria do seu tempo, preparando o futuro que hoxe é noso e no que debemos seguir traballando.

¿Fan falta máis razóns para recordar a Condorcet, o filósofo que non teme "abrazar a desdita" por ser fiel ás súas ideas?

Tradución: Marga Rguez. Marcuño

#### NOTAS

1. Badinter, Elisabeth, Badinter, Robert, *Condorcet. Un intelectual en politique*, ed. Fayard, 1989; Badinter, Robert, "Condorcet contre les charlatans", *Le Monde*, 31 mars 1994.

2. Amorós, Cèlia, *Tiempo de feminismo. Sobre feminismo, proyecto ilustrado y postmodernidad*, Cátedra, Madrid, 1997, p.83.

3. Théroigne de Méricourt. *Une femme mélancolique sous la Révolution*, Seuil, Paris, 1989.

4. Puleo, Alicia (ed.), *La Ilustración olvidada. La polémica de los sexos en el siglo XVIII*, Presentación de Cèlia Amorós, Anthropos, Barcelona, 1993.

5. *Oeuvres de Condorcet*, 12 vols. Firmin Didot, París, 1847-1849. Existen edicións francesas recentes das diversas obras. A editorial Flammarion publicou a súa *Esquisse d'un tableau des progrès de l'esprit humain* e reuniu as súas cinco memorias sobre a educación; Vrin editou as súas notas sobre o mesmo tema. L'Harmattan reeditou ou seus escritos sobre

a abolición da escravitude. As editoriais Eumo e Morata publicaron traducións das súas *Memorias sobre la instrucción pública* e o Centro de Estudos Políticos e Constitucionais o seu ensaio *¿Es conveniente engañar al pueblo?* e o seu último libro: *Bosquejo de un cuadro histórico de los progresos del espíritu humano*.

6. Condorcet, *Esbozo de un cuadro histórico de los progresos del espíritu humano*, en Puleo, Alicia (ed), *La Ilustración olvidada. La polémica de los sexos en el siglo XVIII*, ed. cit., p.106.

7. Ibid.

8. Valcárcel, Amelia, *La política de las mujeres*, Cátedra, Madrid, 1997, pp.160-162.

9. Condorcet, "Acerca de la instrucción pública", en Puleo, Alicia (ed), *La Ilustración olvidada. La polémica de los sexos en el siglo XVIII*, ed. cit., p.99

10. De Miguel, Ana, "El feminismo en clave utilitarista ilustrada: John Stuart Mill y Harriet Taylor Mill", en Amorós, Celia, De Miguel, Ana (ed.), *Historia de la teoría feminista. De la Ilustración a la globalización*, vol. 1, ed. Minerva, Madrid, 2005, pp.175-210.

11. Puleo, Alicia, *Filosofía, Género y Pensamiento crítico*, Servicio de Publicacións da Universidade de Valladolid, 2000.

\* cursiva da tradutora.

## DEFENSA DA MULLER: BENITO FEIXÓO, MARTÍN SARMIENTO, VICENTE DO SEIXO

Os estudosos da Ilustración en Galicia coinciden en considerar que a segunda metade do século XVIII é un período extraordinariamente importante e dos máis frutíferos da historia da cultura do país. Dáse unha apertura a ideas renovadoras, valórase a historia de Galicia, reivíndicase o galego, enfróntanse aos estereotipos e imaxes desprezativas dos galegos que se tiñan fóra de Galicia. A súa contribución non se limita ao terreno das ideas, do pensamento, senón que tamén potenciarán a aparición de institucións que terían como cometido levar á práctica os cambios derivados das ideas renovadoras. Institucións como as Sociedades Económicas de Amigos do País, A Academia de Agricultura, o Real Consulado Marítimo da Coruña, que se foron creando, dan boa conta dese interese práctico. Coinciden tamén os estudosos en que as ideas políticas dos ilustrados galegos compartían unha certa moderación política e que máis alá de subscribir unha ideoloxía concreta ás súas ideas están na base do galeguismo do século XIX. No século XVIII toma corpo, así mesmo, o debate sobre a inferioridade ou incapacidade intelectual das mulleres e a necesidade ou conveniencia da súa educación, debate que deixa sentir os ecos da "querela das

mulleres", das primeiras polémicas feministas e que igualmente servirá de trasfondo á maduración do feminismo do século XIX. Na defensa das mulleres achamos tres ilustrados galegos: os frades bieitos Benito Feixóo e Martín Sarmiento, e Vicente do Seixo.

### BENITO XERÓNIMO FEIXÓO E MONTENEGRO (1676-1764)

No caso de Feixóo, nado en Santa María de Meliás, bispado de Ourense, estamos ante a obra dun pioneiro. A súa *Defensa de la Mujer* (Discurso XVI do *Teatro Crítico Universal*, 1726<sup>1</sup>) vai supor un punto de referencia fundamental<sup>2</sup>. Nela emprega a súa argumentación contra do erro común, no que está o vulgo pero sobre todo a maioría dos pensadores, sobre a desigualdade dos sexos, é dicir, sobre a inferioridade da muller. Feixóo vai soster, pois, a igualdade entre homes e mulleres e antes que nada no que atinxe á súa capacidade intelectual, ao seu entendemento, defendendo que as mulleres son iguais aos homes nas súas capacidades e polo tanto iguais tamén no que atinxe ás ciencias, ás artes, ao goberno político e ao económico. Segundo Barreiro Barreiro, o discurso de Feixóo pódese articular en dúas partes correlativas: reivindicación

das mulleres fronte aos vicios imputados (*pars destruens*); e defensa da igualdade das mulleres respecto do sexo varonil oposto (*pars construens*)<sup>3</sup>. O núcleo argumental radica en pór de manifesto que a marxinação secular da muller é o resultado dunha educación que a relega e que, polo tanto, se se mudaran as condicións sociais que lle impiden o acceso á educación a situación sería outra ben distinta. Pasando exame aos puntos de vista moral, físico, das cualidades atribuídas aos respectivos sexos, e deixando claro que o que persegue é a igualdade das mulleres, non a súa vantaxe, detense no que constitúe o cerne do erro e opinión común, isto é, na limitación dos seus entendementos e fai unha apelación á razón:

"Llegamos al batidero mayor, que es la cuestión del entendimiento, en la cual yo confieso que si no me vale la razón, no tengo mucho recurso a la autoridad, porque los autores (salvando uno que otro muy raro) están a favor de la opinión del vulgo, que casi uniformes hablan del entendimiento de las mujeres con desprecio".<sup>4</sup>

Son homes, dinnos, os que escriben os libros desprezando ás mulleres. Se fose á inversa, se as mulleres os tiveran escrito, os homes ficarían por baixo. Feixóo

apoiase nun relato de Carduccio no que un home e un león disputan sobre quen, os homes ou os leóns, son máis valentes, de xeito que o home ante unha estatua na que outro home facía anacos dun león considera que está ante unha proba da súa maior valentía, ao que o león resposta: "Yo te prometo que si un león la hubiera hecho, él hubiera vuelto la tortilla y plantado el león sobre el hombre, gigote de él para su plato".<sup>5</sup> O mesmo, pois, acontece coas mulleres. Resulta salientable en particular, neste momento da súa argumentación, a referencia do noso autor á renacentista italiana Lucrezia Marinelli, quen douscentos anos despois de Christine de Pizan escribe "Excelencia de las mujeres, cotejada con los defectos y vicios de los hombres", onde a humanista veneciana fai unha defensa das mulleres reivindicando o acceso ao saber. O seu obxectivo é rexeitar e inverter a pretendida inferioridade feminina, polo que "Marinelli non limitará a súa apoloxía á fórmula celebrativa dos tratados da nobreza e excelencia femininas, senón que, exhibindo unha nova orde do discurso, substituirá o encomio pola ostentación da 'superioridade' do xénero feminino".<sup>6</sup> Cómpre reparar aquí que Feixóo non só a cita como exemplo dunha muller que o que persegue no seu libro "fue probar



la preferencia de su sexo al nuestro" senón que ademais ten que saír ao paso das acusacións de que tal autora non tería escrito o devandito libro, "o cal é significativo pois o fenómeno é moi coñecido no campo da literatura e noutras disciplinas tamén: as mulleres, cando a súa participación na historia non foi silenciada, viron alteradas ou negadas as súas contribucións".<sup>7</sup>

Ademais de ser parciais, afirma Feixóo:

"Estos discursos contra las mujeres son de hombres superficiales. Ven que, por lo común, no saben sino aquellos oficios caseros a que están destinadas y de aquí infieren (aun sin saber que lo infieren de aquí, pues no hacen sobre ello ningún acto reflexivo) que no son

capaces de otra cosa. El más corto lógico sabe que de la carencia del acto a la carencia de la potencia, no vale la ilación; y así, de que las mujeres no sepan más, no se infiere que no tengan talento para más.

Nadie sabe más que aquella facultad que estudia, sin que de aquí se pueda colegir, sino bárbaramente, que la habilidad no se extiende a más que la aplicación".<sup>8</sup>

De seguido dirixe as súas críticas a Malebranche e a Aristóteles. Sinala que a falla de reflexión leva a moitos homes "y algunos por otra parte sabios y discretos" a desprezar o entendemento das mulleres ao mesmo tempo que, a forza de tanto proclamalo, conseguen que as propias mulleres cheguen a acreditalo, a interiorizar a súa inferioridade. Fai un uso acáido da súa erudición mitolóxica e histórica para dar boa proba do defendido, para amosar, dun lado, a variabilidade cultural: no pobo druso as mulleres eran as que se ocupaban das letras e os homes só da agricultura e a guerra, porén se fose así en todo o mundo a situación tería sido a inversa, e polo tanto os homes haberían de seren xulgados inhábiles para as letras como se xulga que o son as mulleres; ou mesmo como no caso das amazonas, indicar a existencia doutras organizacións

sociais e tradicións nas que as mulleres non semellan inferiores; e doutro, visibilizar as mulleres, nomear as mulleres ilustres, extraordinarias nos diferentes ámbitos ao longo da historia. Recólleas segundo os distintos países europeos pero non por iso deixa de constatar que a gloria literaria das mulleres non está circunscrita a Europa de aí que ofrezca o caso de Sitti Maani de Mesopotamia como exemplo.

Pódese dicir que en Feixóo achamos de xeito positivo o impacto da "querela das mulleres" e do seu tema central, isto é, a inferioridade-superioridade das mulleres, e o seu posicionamento claro en favor da igualdade, apelando á razón na súa argumentación contra quen sotiña a inferioridade. Resulta igualmente importante salientar que tratándose dun home de igrexa se ocupe da defensa das mulleres e o faga comezando o século, sendo pois, como dicíamos, un pioneiro. Pero tamén que o faga sen confundir ou identificar muller e nai, que o seu achegamento ao matrimonio, ao adulterio das mulleres, e en xeral aos diversos aspectos da visión tradicional sexa feito cun tratamento nin mitificador nin mistificador. Quizais aí atopamos tamén a razón do seu recoñecemento por parte das escritoras e feministas galegas.

MARTIN SARMIENTO (1695-1772)

Se con Feixóo estabamos ante a obra dun pioneiro, con Sarmiento, nado en Vilafranca do Bierzo e que vivirá a súa infancia e adolescencia en Pontevedra, topamos con "un defensor das mulleres na liña máis progresista" en tanto que "non hai características naturais de inferioridade, senón que somos produtos sociais e culturais da educación no último extremo"<sup>9</sup>. O *Teatro Crítico Universal* de Feixóo suscita unha gran polémica, Sarmiento encárgase da súa supervisión como censor e no ano 1732 publica a súa *Demostración crítica-apologética del Teatro crítico universal* onde se fai unha defensa das ideas expostas por Feijóo e da introdución das novas ideas, particularmente, da ciencia moderna. Grande estudoso e erudito, reacio a dar ao prelo os seus escritos, este texto é practicamente o único que ve a luz, nel segue a mesma liña do seu mestre. Sen paternalismo e fronte a misoxinia, acredita na defensa da igualdade entre homes e mulleres xa que "En ningún asunto se hallan más errores de entendimiento, ni ceguera de voluntad, que en asunto de mugeres" (Discurso XVI). considera que o problema radica na diferente educación, e na interiorización da inferioridade por

parte das mulleres. A argumentación vén sendo a de que se as mulleres recibiran a educación que reciben os homes, é dicir, "si las educaciones se trocasen, serían los hombres afeminados y las mugeres varoniles", combatendo a idea da debilidade física e salientando que non hai inferioridade natural. Se ben é certo que presenta unha defensa pechada da educación das mulleres, non obstante non desenvolve un programa a tal efecto. Vén, pois, afirmar e corroborar que as mulleres son aptas para as ciencias e para todo o demais.

Como se pon de relevo en *As mulleres na obra de Frei Martín Sarmiento*<sup>10</sup> nos seus escritos amósase preocupado polo progreso de Galicia e polo benestar e mellora da condición das mulleres, referíndose explicitamente ás mulleres galegas, ás sandadoras, e tamén ás que se ocupan da actividade téxtil (liño) que é exclusivamente feminina. Así mesmo recolle e valora as achegas das mulleres no terreo científico e no erudito, coñece e emprega o argumento de autoridade de mulleres "saca á luz as contribucións científicas de ilustres descoñecidas nese eido, como as de Sor Juana Inés de la Cruz, e tamén o saber das monxas boticarias. Utiliza, así mesmo, as escasas obras escritas

## M O N O G R Á F I C O

en defensa das mulleres e sobre a historia das filósofas"<sup>11</sup>.


Apreciando positivamente a sabedoría popular, en especial o saber das mulleres sandadoras, cuxa experiencia e tradición de medicina natural son recoñecidas por Sarmiento, quen tamén se opón á caza de bruxas e ao despoimento deste saber en aras da medicina profesional que acabará por excluír ás mulleres deste ámbito. Cómpre reparar, como ben se sinala, en que en moitos dos seus textos emprega o masculino e o feminino, sendo un caso excepcional no seu tempo e un adiantado á vista de que segue hoxe a ser unha cuestión a debate. En definitiva, trátase dun pensador coherente na defensa da igualdade dos seres humanos "afirmando sen concesións a racionalidade das mulleres e a dos grupos marxidados, ós que a ciencia oficial menospreza.... Para Sarmiento, a proximidade ó estado de natureza é unha garantía de non contaminación fronte ós que se erixen en Racionais con maiúscula; alónxase deste modo da misoxinia de Rousseau e de tantos outros pensadores 'modernos'".<sup>12</sup>

Quizais como se conclúe no texto citado:

"A cuestión máis novidosa do seu pensamento é a utilización do xénero como categoría de análise,

é dicir, o feito de examinar acontecementos da vida social e adiantos da ciencia desde o punto de vista da súa repercusión para as mulleres. Chegará a afirmar que son elas mesmas as que deben escribir os seus tratados de moral, xa que os homes levan escribindo desde sempre o que elas deben facer. O insigne beneditino fará visibles ás

mulleres na linguaxe dos seus escritos mediante a utilización, aínda hoxe polémica, do feminino e do masculino, recoñecendo a utilidade dos seus traballos e as súas contribucións ás ciencias e ás técnicas. Nos seus escritos hai múltiples exemplos nos que se refire a este tema, como a fabricación da seda, do xabrón, ou o coñecemento de plantas



M O N O G R Á F I C O

medicinais. As vellas de Sicilia serán, na súa docta opinión, precursoras do sistema sexual de Linneo".<sup>13</sup>

#### VICENTE DO SEIXO (1747-1802)

Vicente do Seixo nace en Ourense e dende os vintedous anos -tralos seus estudos- que acada a praza de oficial na Dirección e Contaduría Xeral da Renda de Lotaría, traballa e vive case que exclusivamente en Madrid. Dende 1792 é socio de número da Sociedade Económica Matritense onde vai desenvolverse no ámbito da agricultura. Seixo deixa unha obra "considerable, axustada ó moderantismo típico e xeral da Ilustración española, e mesmo un discurso reivindicativo das mulleres, obra alimentada no clima cultural das últimas décadas do século XVIII".<sup>14</sup> A súa vida e produción bibliográfica vai verse alterada pola condena da Inquisición dunha obra súa sobre a orixe da tolerancia apenas iniciada a súa presentación pública como escritor. Ten que retractarse publicamente e facer entrega dos libros non vendidos. Este encontronazo fará, como sinala Barreiro Barreiro, que o medo á Inquisición o acompañe e que da súa escrita saian un bo número de textos de índole moral-relixiosa. É importante lembrar, non obstante,



que na Sociedade Económica de Madrid tense producido un sostido e forte debate sobre a admisión e participación das mulleres nesta institución, debate no que, como é sabido, intervirá Josefa Amar y Borbón presentando o seu *Discurso en defensa del talento de las mujeres y de su aptitud para el gobierno y otros cargos que emplean los hombres* no 1786.<sup>15</sup> En xeral o que está en discusión, ou é obxecto de reflexión, é o papel que se

quere asignar á muller "como participante na construción da nova orde social que se estaba a idear, asignándolle unha función específica, consistente en instruír ás novas xeracións nos novos preceptos, baseados no ideario político-social do pensamento ilustrado"<sup>16</sup>, en definitiva trátase agora de apelar á utilidade social. Neste contexto Vicente do Seixo escribe o seu "*Discurso filosófico y económico-político sobre la capacidad o incapacidad natural de*

*las mujeres para las ciencias y las artes y sí en razón de su constitución o por defecto de su potencia intelectual y organización física deben o no tener otras ocupaciones que las de la rueca, calceta y aguja*", publicado no ano 1801 e composto por catorce artigos.

No Discurso fai causa da inxustiza respecto das mulleres, defendendo a súa igualdade física, moral e intelectual cos homes e, por suposto, argumentando sobre a necesidade de seren educadas pois é da educación de onde se tiran maiormente as diferenzas. Mais a defensa da educación da muller vai ser despregada incidindo na súa utilidade para que desenvolva o seu papel fundamental de nai e esposa, facendo un chamamento aos homes a que renunciem "á la injusta superioridad que exclusivamente usurpamos, y que con tanto esfuerzo intentamos perpetuar". Chamando a atención sobre a falta de probas e argumentos que dean creto a que a metade do xénero humano sexa excluído da educación, sosteirá que se ben a natureza marca algunhas diferenzas estas "deben graduarse por su destino y educación". O recurso á natureza lévaoo a establecer a igualdade en capacidade intelectual e física ou corporal, partindo da igualdade na orde da creación, e ao mesmo

tempo a considerar que ás mulleres lles corresponden os traballos propios da preñez, a crianza e coidado dos fillos. Esta diferenza, aínda que moi importante, -porén para Seixo a función de nai e esposa precisamente é a que demanda e xustifica a súa educación- non obstante non leva sen máis á reclusión das mulleres no fogar e a que teñan que estar excluídas do exercicio de todas as facultades, en todo caso iso é o resultado dunha "convención general cuyo origen sube tal vez hasta la primera edad del mundo" pero non debe seguir sendo así.

Agora ben, o que cuestiona o noso autor é a exclusión da educación ou as diferenzas na educación que distinguen a homes e mulleres, do que se trata é de mellorar a súa condición: "pero el hombre y la muger, ayudado su entendimiento de las luces de la filosofía moral, pueden mejorar y perfeccionar su ser, destruir sus pasiones y afectos viciosos, consagrando en su corazón el templo de la virtud, que es, aunque imperfecto, una imágen de la divinidad". O autor ofrece tamén un catálogo de mulleres sabias e ilustres que houbo na historia e que corroboran a súa tese. En definitiva, presenta unha defensa da educación das mulleres que se ben comeza rexeitando as

diferenzas biolóxicas remata empregando o argumento da utilidade social, isto é, sostendo a utilidade de manter funcións diferenciadas sobre todo en tanto que nais, de aí que afirme: "¡Dichoso el Estado que llegase á tener un crecido número de madres tan virtuosas, que propagando la especie humana, la mejorasen e hiciesen la felicidad de sus familias! Pues siendo las delicias de la sociedad, enriqueceran la patria de ciudadanos robustos, virtuosos, y útiles para la defensa, conservación y prosperidad". Como ben recolle Barreiro na súa síntese comparativa da obra de Seixo cos filósofos ilustrados que se ocuparon das mulleres: coincide coas preocupacións do pensamento ilustrado da época sobre a igualdade das mulleres, mais unha igualdade expresada na diferenza; diferenza, a diferenza sexual, que dá conta das funcións e roles específicos que lle son asignados; Seixo non as exclúe da res-pública pero "non reivindica un status político para as mulleres"; a necesidade dunha educación ao caso para a igualdade non se concreta tampouco nun programa ou proposta concreta, aínda que "o pensamento seixano, neste punto concreto, vai bastante máis alá das simples «ocupacións femininas» propostas por

Campomanes no seu *Discurso sobre la educación popular*"<sup>17</sup>.

Da man destes ilustrados, e cómpre salientar que non todos os ilustrados foron quen de asumir a igualdade das mulleres, vemos pois como agroman as ideas e toma corpo a loita contra a inferioridade intelectual e a prol da educación das mulleres consonte aos cambios que se están a producir na sociedade, non obstante, aínda ficará por diante un longo percorrido para que estas ideas se convirten en prácticas e, xa que logo, para acadar non só o acceso á educación senón a igualdade xurídica, social e política plena.

\*Universidade de Santiago de Compostela

#### NOTAS

1. O *Teatro Crítico Universal* é, xunto coas *Cartas eruditas*, unha das principais obras de Feixóo. Escrito entre 1726 e 1740 está formado por oito volumes artellados en Discursos que abranguen diversos temas relativos á filosofía, política, teoloxía, historia, etc. O Discurso *Defensa de la mujer*, pertence ao volume I e un dos primeiros, xa que logo, en escribirse.

2. Como se ten xa sinalado: "A súa lección foi sempre recoñecida polas escritoras galegas do XIX que viron nel a figura dun precursor e un testemuño inestimábel, por vir do grupo que se lanza a ser xuíz e parte simultaneamente. Repárese ademais en que o Padre Feixoo morre

vintecinco anos antes do primeiro estourido da Revolución Francesa, que abre, na historia das ideas, o século XIX e que vai supor o primeiro cuestionamento histórico, de gran magnitude, do papel social e público das mulleres" (García Negro P./ Rodríguez F., "Literatura feminina e feminista da segunda metade do século XIX", en *Historia da literatura galega*, 2, Vigo, Asociación Socio-Pedagóxica Galega, 1996, pax. 356.

3. Barreiro Barreiro, X. L., "Defensa das mulleres e Ilustración. B.G. Feijóo" en R. Radl (ed.), *Mujeres e institución universitaria en Occidente*, Santiago, 1996, pax. 284.

4. Benito J. Feijóo, *Defensa de la mujer*. Barcelona, Icaria, 1997, pax. 38.

5. *Ibid.*, pax. 39.

6. Véxase Rosa Rius Gatell, "De las mujeres «Memorables» en Lucrezia Marinelli: «Nobleza» y «Excelencia» en la Venecia de 1600" en Rosa M<sup>a</sup> Rodríguez Magda (Ed.): *Mujeres en la historia del pensamiento*. Barcelona, Anthropos, 1997, pax. 122.

7. March, K., *De Musa a Literata: el feminismo en la narrativa de Rosalía de Castro*. Sada, Edicións do Castro, 1994, pax. 130.

8. *Ibid.*, pax. 40.

9. Pilar Allegue, *A filosofía ilustrada de Fr. Martín Sarmiento*. Vigo, Edicións Xerais, 1993, pax. 184. Tamén pode verse sobre Sarmiento: Serrana Rial "A visión da Ilustración" en Rodríguez Galdo, M<sup>a</sup> J. (coord.), *Textos para a historia das mulleres en Galicia*. Santiago, Consello da Cultura Galega, 1999, pp. 389-392; X. L. Barreiro Barreiro, *Martín Sarmiento (1695-1772) na Ilustración*. A Coruña, Bahía Edicións, 2002.

10. Editada pola Xunta de Galicia. Servicio Galego de Igualdade. 2002.

11. *Ibid.*, pax. 63.

12. *Ibid.*, pax. 63.

13. *Ibid.*, pax. 64.

14. Ben é certo que a obra de Vicente do Seixo non é moi coñecida, non obstante temos bos e documentados estudos sobre el, véxase María Luisa Meijide Pardo, *Vicente do Seixo (1747-1802). Reforma agrícola y emancipación de la mujer*, A Coruña, Fundación P. Barrié de la Maza, 1982; X. L. Barreiro Barreiro, "Ilustración, censura e reivindicación das mulleres. Vicente do Seixo (1747-1802)" en X. L. Barreiro Barreiro; L. Rodríguez Camarero; M. González Fernández (Coords.): *Censura e Ilustración*. Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da U. S. C., 1997, pp. 95-138; Ana Sánchez Bello, (1999) "A aportación da Ilustración galega ó concepto de igualdade sexual. Vicente do Seixo (1747-1802). *Sarmiento. Anuario galego de Historia da educación*, nº 3, pp. 265-295. Aquí poden atoparse reproducidos os oito primeiros e os dous derradeiros artigos. As nosas citas serán por este texto.

15. Sobre o debate véxase X. L. Barreiro Barreiro, op. Cit., pp. 126 e ss., e o Discurso de Josefa Amar y Borbón, *Discurso sobre la educación física y moral de las mujeres*. Madrid, Cátedra, 1994.

16. A. Sánchez Bello, art. cit., p. 265.

17. Barreiro Barreiro, op. cit. p. 135.



## O FEMINISMO NA TRADIÇÃO UTILITARISTA: DE WILLIAM THOMPSON A JOHN STUART MILL

A obra de William Thompson e Anna Wheeler *La demanda de la mitad de la raza humana, las mujeres, contra la pretensión de la otra mitad, los hombres, de mantenerlas en la esclavitud política y, en consecuencia, civil y doméstica*, permaneceu ata o de agora inxustamente esquecida, tanto pola tradición utilitarista como pola teoría feminista<sup>1</sup>. E, no entanto, esta importante obra reúne unha serie de cualidades que permiten prever que nos atopamos ante o que adoita considerarse un clásico, tanto polo seu extraordinario rigor argumentativo como polo seu carácter de obra pioneira nalgúns dos temas abordados. Desde a perspectiva da historia do pensamento feminista é unha das primeiras obras en considerar os grandes temas do feminismo do século XIX e mesmo do XX. En primeiro lugar, *La Demanda*, publicada en 1825, emprende unha sistemática deslaxitimación da concepción tradicional da identidade feminina, cuestiona a existencia dunha *natureza feminina* e propón unha explicación de carácter social para dar conta do carácter feminino como un efecto da situación de servidume das mulleres, así mesmo supón unha dura e incisiva crítica das incoherencias da Ilustración e, por último, contén unha vigorosa defensa das virtudes da participación política e

do cooperativismo para o progreso moral e a felicidade de ambos sexos. Por outro lado, e desde a tradición utilitarista, é a primeira obra que extrae consecuencias realmente universais do Principio de Utilidade. De feito, *La Demanda* ten unha orixe puntual e un obxectivo moi concreto: denunciar a grave incoherencia en que incorre o filósofo utilitarista James Mill na súa obra *Sobre el Gobierno* ao excluír ás mulleres dos dereitos políticos<sup>2</sup>.

Na Inglaterra de principios do século XIX, e en estreita relación coa filosofía utilitarista, estíbese a

desenvolver un importante movemento de reforma social. Neste contexto reivindicábase a ampliación do sufraxio – restrinxido polo criterio de propiedade naqueles tempos- e co propósito de fundamentar esta expresión dos dereitos políticos escribiu James Mill *Sobre el Gobierno*. Na súa defensa da democracia representativa utiliza vehementemente o argumento de protección, o que afirma que só se teñen en conta os intereses daqueles que contan con representación política, pero este argumento terá como excepcións ás mulleres e aos nenos. Aos



nenos transitoriamente, pois como di o célebre parágrafo excluín-te : "Unha cousa está ben clara, que todos os individuos cuxos intereses están indiscutiblemente incluídos nos doutros individuos poden ser excluídos dos dereitos políticos sen inconveniente algún. Desde esta perspectiva pode considerarse a todos os nenos, ata certa idade, cuxos intereses están incluídos nos dos seus pais. E tamén respecto ás mulleres pode considerarse que os intereses de case todas elas están incluídos ou ben nos dos seus pais ou ben nos dos seus esposos".

O obxectivo explícito de *La Demanda* é poñer de relevo a falacia, a incoherencia, a hipocrisía e a miseria deste texto e dos seus defensores, según algúns dos calificativos – e non os máis duros– que dirixen os autores aos homes que vetan os dereitos das mulleres en xeral e a James Mill en particular. Os argumentos de Wheeler e Thompson dirixense contra a tese de que os intereses das mulleres están incluídos nos dos homes<sup>3</sup> e non contra a filosofía xeral do Ensaio. Pola contra o que defenden non é senón a universalización dos propios ornamentos da mesma filosofía utilitarista. E, en consecuencia, sitúanse claramente na tradición do

feminismo de raíz ilustrada, tradición que xa producira en Inglaterra unha obra da talla de *Vindicación de los derechos de la mujer*, na que se extraen conclusións universais dos ornamentos ilustrados; e tamén como un máis que claro precedente da célebre obra de John Stuart Mill *El sometimiento de las mujeres* (1869). Ata tal punto é clara esta última relación que se chegou a escribir que Mill, inconscientemente, repite os argumentos de *La Demanda*<sup>5</sup>. Pois ben, destas tres obras, *La Demanda de la mitad de la raza, las mujeres* foi e é a máis coñecida e ignorada. Polo xeral, só aparece citada polas estudosas das relacións entre feminismo e utilitarismo, resumida nuns cantos parágrafos ou como unha cita a pé de páxina<sup>6</sup>.

#### A CRÍTICA AO "CONTRATO" MATRIMONIAL

John Stuart Mill constatou as moitas dificultades que entrañaba defender os dereitos das mulleres debido á *inversión da carga da proba*: neste caso é ás inocentes a quen corresponde probar a súa inocencia, probar que son seres humanas, suxeitas de dereitos. Por iso non abonda con denunciar unha "excepción" que afecta á "metade" da humanidade, é preciso demostrar a falsidade da

tese de que os intereses das mulleres están incluídos nos dos homes. En consecuencia *La Demanda* acode á experiencia para levar a cabo unha minuciosa análise comparativa das vidas de homes e mulleres e desvelar a falacia que se agacha tras a tese de que os intereses de "case todas as mulleres" están incluídos nos dos homes e tras a ficción do "contrato matrimonial" como contrato libre.

Con fins analíticos os autores dividen ás mulleres en tres categorías, según sexa a súa relación cos homes : as mulleres sen maridos e pais, as fillas adultas que viven na casa dos seus pais e as esposas. O primeiro e obvio erro do "Ensayo" é que anque afirma que só unha parte das mulleres – "case todas as mulleres" – teñen os seus intereses incluídos nos dos homes, exclúese a todas sen dar explicación algunha. No que Wheeler e Thompson vulgan como "o máis estraño xiro que teña dado nunca un lóxico nun razonamento de tan poucas liñas" os intereses das mulleres sen pais nin esposos quedan excluídos da representación democrática. Para mostrar a súa indignación ante tamaña violación da lóxica filosófica só lles queda concluír desexando ao filósofo que sufra a mesma sorte á que condena sen piedade a estas

mulleres : que caia algún día en mans dun xuíz que, baixo o argumento de que "case todos teñen roubado menos el", o envíe a prisión matizando que se limita a lle aplicar a mesma lóxica que el utiliza coas mulleres.

En segundo lugar abórdase o caso das fillas adultas solteiras. Un caso especialmente ilustrativo é o das fillas ilexítimas, abandonadas polos seus pais e desprezadas pola opinión pública, que exculpa ao proxenitor e condena a estas nenas, "o verdadeiro criminal ergue a cabeza e sorrí, senón se gaba, mentres só a vítima é castigada". ¿Como pode o filósofo manter que os intereses destas mulleres se identifican ou están incluídos nos dos seus pais? Polo xeral, a experiencia mostra que a educación tan radicalmente distinta que reciben homes e mulleres máis as actividades tan dispares ás que se adican, ten como consecuencia que os pais simpaticen máis cos fillos – cos que comparten educación, actividades e intereses- que coas fillas. E, no entanto, non por iso mantén o filósofo que deben ser excluídos os fillos<sup>7</sup> dos dereitos políticos ¡Deben selo as fillas! Así as cousas, Wheeler e Thompson conclúen que se se pode falar nalgún sentido de identificación de intereses entre pais e fillas é na présa que teñen ambos por se

perder de vista. Os intereses das fillas adultas identifícanse máis cos das súas nais debido á similitude das opresivas e incertas circunstancias que rodean as súas vidas.

A situación das esposas é con moito a peor das tres categorías de mulleres. É o exemplo palpable de que cando os que teñen poder o exercen sen controis "reducirían á maior parte do pobo suxeita ao seu poder, como mínimo, á condición dos negros nas Indias Occidentais". E, de feito, en *La Demanda* compárase sistematicamente a situación das mulleres coa da escravitude. As esposas viven illadas no que os autores denominan "establecementos illados de crianza". O seu estado é de absoluta indefensión, en todo caso contan coa mesma protección legal que os escravos: a defensa fronte aos casos extremos de violencia e abuso. En realidade a situación das esposas é peor que a das escravas xa que estas últimas non teñen que dobregar tamén a súa alma ao amo. As esposas, debido á coacción combinada da lei, a educación e a opinión pública –cuxa tiranía analizará maxistralmente John Stuart Mill na súa obra *Sobre la libertad*– están obrigadas a se someteren á vontade do esposo ata nos máis nimios actos da vida cotiá se este

así o desexa. Están obrigadas a humillar toda voz propia e todo xesto de autodeterminación, a afogar todo desexo sexual, a aparentar ou acadar o grao de debilidade e imbecilidade física e mental que máis afague a vaidade do seu amo. Wheeler e Thompson trazan un cadro do matrimonio –certamente non alleo á experiencia persoal de Wheeler<sup>8</sup>– no que a frustración, a loucura e a morte rondan ás mulleres casadas.

Ora ben, os defensores do contrato matrimonial como contrato libremente aceptado polas partes esgrimen na súa defensa, xustamente, o seu carácter contractual : as mulleres inglesas poden elexir, ninguén as obriga a entrar en tal contrato, se o firman será polas súas vantaxes. Fronte a esta posición, e como viu Carole Pateman, a Thompson correspóndelle o mérito de establecer as bases para a subseguinte crítica feminista ao matrimonio como relación contractual<sup>9</sup>. En primeiro lugar é un código legal aprobado sen o consentemento das mulleres. Foi feito polos homes e no seu exclusivo beneficio, neste sentido non é propiamente un contrato, como non o é o da escravitude ou calquera outro en que só intervén unha das partes. Ademais a sociedade non lles permite ás mulleres case ningún outro xeito



de se gañaren a vida, e deben someterense ou morrer de fame, esta é a liberdade das mulleres inglesas para casaren ou non. Thompson e Wheeler comparan a situación das mulleres coa dominación colonialista cuxas prácticas de monopolio tamén se escudan na "liberdade" dos pobos para contratar os seus servizos.

A particularidade do contrato de matrimonio estriba en que os homes queren que as mulleres sexan escravas voluntarias e fervorosas, de aí que non lles chegue a mera escravitude. De aí, tamén, que humillen

"innecesariamente" ás vítimas coa mascarada da voluntariedade do contrato, facendo "libre" o xuramento do voto de escravitude. O específico do contrato matrimonial estriba na ficción de que a *entrega é voluntaria*. É tamén o que a diferenza da escravitude convencional, caracterizada pola coacción violenta. *La Demanda* establece tamén unha estrita relación entre a sexualidade e a dominación das mulleres. As mulleres terían sido "repartidas entre os homes dada a necesidade de gozo sexual dos seus respectivos donos" e da súa

vontade de que tal reparto sexa desexado polas súa propias vítimas. Se non existira a atracción sexual, as mulleres, ao seren a parte máis débil da especie, terían sido reducidas aos peores traballos ou se viviría nun estado de segregación sexual. Por último hai que destacar que Wheeler e Thompson reivindican o mesmo dereito a gozar da sexualidade por parte de homes e de mulleres. Esta actitude contrasta co puritanismo que caracteriza a outras feministas decimonónicas. Tanto Wollstonecraft como John Stuart Mill e Harriet Taylor, que coincidían en condenar coa mesma ou maior contundencia a dobre moral sexual, eran máis ben partidarios de reivindicar a mesma castidade para homes e mulleres<sup>10</sup>. Esta actitude pro-sexo –común por outra parte á maioría dos cooperativistas– non entra en contradición cunha condena sen paliativos da prostitución, realidade que tampouco teñen reparos en tratar repetidamente e á que atribúen unha causa económica.

#### JOHN STUART MILL E O SOMETEMENTO DAS MULLERES

A obra de John Stuart Mill *El sometimiento de las mujeres* é xa todo un clásico da teoría feminista

e por tanto, tamén, do pensamento social e político<sup>11</sup>. Publicada no ano 1869 tivo unha máis que notable influencia no desenvolvemento e consolidación do movemento feminista do século dezanove. O seu autor reformulou algúns dos argumentos que xa formaban parte da tradición teórica sufraxista e desenvolveu outros novos procedentes da súa filosofía moral e política. A obra foi publicada vinte anos despois da *Declaración de Seneca Falls*<sup>12</sup> e tivo a virtude de chegar a un público máis amplo, xa axitado pola militancia feminista e seguramente ansioso por encontrar unha formulación rigurosa, sistemática e combativa da causa xa abrazada.

Con respecto a isto é imprescindible comezar poñendo de relevo a extraordinaria significación histórica da obra que imos comentar. E para iso recurriremos a dous textos bastante elocuentes, dos que apenas necesitan comentarios. O primeiro está escrito polo historiador Richard J. Evans e detalla a influencia desta obra no movemento feminista: O ensaio de Mill, *The Subjection of Women*, publicado en 1869, foi a biblia das feministas. É difícil esaxerar a enorme impresión que causou na mentalidade das mulleres cultas de todo o mundo.

No mesmo ano en que se publicou en Inglaterra e Norteamérica, Australia e Nova Zelandia, tamén apareceu traducido en Francia, Alemaña, Austria, Suecia e Dinamarca. En 1870 foi publicado en polaco e italiano, e tamén as estudantes de San Petersburgo falaban deste con entusiasmo. Cara 1883, a tradución sueca deu lugar a un debate entre un grupo de mulleres de Helsinki que fundaron o movemento feminino finlandés tan pronto como terminaron de ler o libro. Desde toda Europa chegaron testemuños impresionantes do impacto inmediato e profundo que exerceu o opúsculo de Mill; a súa publicación coincidiu coa fundación de movementos feministas non só en Finlandia, senón tamén en Francia e Alemaña e moi posiblemente noutros países<sup>13</sup>. De feito tamén foi publicada en España no século dezanove. Emilia Pardo Bazán, recoñecida escritora da que se adoita esquecer a súa faceta de militante feminista, fundou e dirixiu a colección *La Biblioteca de la Mujer*, onde publicou e realizou un sentido e documentado prólogo á obra de Mill baixo o título *La esclavitud femenina*<sup>14</sup>. O segundo texto ao que nos referimos foi escrito por Elizabeth Cady Stanton, unha das líderes do movemento sufraxista norteamericano, e aparece nunha

carta que escribiu a John Stuart Mill cando terminou de ler a súa obra. Di así: "Rematei o libro cunha paz e unha alegría que nunca antes sentira. Trátase, en efecto, da primeira resposta dun home que se mostra capaz de ver e sentir todos os sutís matices e graos dos agravios feitos á muller, e o núcleo da súa debilidade e degradación"<sup>15</sup>.

Se a amplitude da influencia intercultural da obra de Mill nos fala da capacidade das ideas claras e distintas, cargadas de razón –aunque non exentas de paixón– para seren compartidas por mulleres e homes de países, tradicións e culturas políticas diversas, a continua reedición desta obra permítenos soste que esta capacidade non diminuíu co paso do tempo. Se topamos a máxima de que un libro pode considerarse un "clásico" cando "nunca deixa de nos falar" ou "cando nunca termina de dicir o que ten que dicir", a obra que aquí comentamos entra de cheo nesta calificación. Pola claridade, rigor, sistema e agudeza das súas formulacións continúa a ser a principios do século XXI unha das mellores introducións para se adentrar no pensamento feminista.

Sen negar a influencia de *La Demanda*, e de toda a tradición feminista sufraxista, hai que recoñecer que a influencia máis

importante no feminismo do noso autor foi a de Harriett Taylor Mill, intelectual feminista e socialista coa que compartiu a súa vida e coa que chegaría a casar. A influencia xeral de Harriett sobre o seu pensamento e obra foi obxecto de controversia e de apixonadas declaracións en torno á súa figura<sup>16</sup>. Con todo e iso o propio Mill deixou escrito que se non asinaron xuntos ningunha obra foi polo expreso desexo dela, para non proporcionar máis carnaza a unha opinión pública demasiado interesada nas relacións dunha muller casada, ela, coa "máquina de razoar", el.

Cando se coñecen , con vintepoucos anos, ela xa é unha muller casada, nai de dous fillos e terá un terceiro. Este era o común destino da maior parte das mulleres da época, o matrimonio e a maternidade, canto máis novas mellor. Non obstante Harriett Taylor, e tamén o seu marido, un bo home do que nunca se separou, frecuentaba os círculos sociais e políticos progresistas, onde coñecerá a Mill e comezará a súa froitífera relación, tanto sentimental como intelectual. Taylor pode relatarlle de primeira man as peculiaridades da "educación" feminina, a maraña de renuncias en que consiste chegar a ser unha muller "decente" –"a muller é como esa árbore á que se lle podaron todas

cantas follas ten", chegará a dicir Mill– e como o único fin ao que se lles permite consagrar todas as súas vidas é o de chegar a ser testemuñas do ascenso social do marido e dos fillos. Como moito chegar a ter certa sona como mulleres de conversa e talento nos círculos máis próximos. Harriet Taylor tamén influíu no achegamento de Mill ao socialismo e *Sobre la libertad*, foi seguramente a mellor das súas obras, según as palabras do filósofo inglés, escrita polos dous. Agora ben, non foi este o caso de *El sometimiento de las mujeres*, pois cando remata o primeiro borrador da mesma a súa esposa –casaron dous anos despois de que ela quedara viúva– xa morrera. Con todo e iso estamos totalmente de acordo con quen sostén que sen a influencia de Taylor esta obra nunca tería sido escrita. Mill sinala tamén na súa *Autobiografía* que cando coñeceu a Taylor xa era feminista e que esa foi, en principio, a razón que os uniu. Pero tamén afirma que sen a súa influencia o feminismo non tería chegado a ocupar un lugar central na súa teoría política: "... aunque sen dúbida eu tivese seguido mantendo as miñas ideas sobre o asunto, chegaría a ter unha percepción moi insuficiente do modo en que as consecuencias da situación de inferioridade das mulleres se enlazan a todos os males da

sociedade no seu estado actual, e con todas as dificultades que entorpecen o progreso do xénero humano<sup>17</sup>".

En segundo lugar, e para responder á cuestión do por qué do impacto "inmediato e profundo" da obra, analizaremos a argumentación empregada por Mill. E defenderemos que, en boa medida, o seu éxito se explica por ter logrado identificar a ideoloxía da *natureza feminina*, en concreto o discurso da *ideoloxía diferente e complementaria dos sexos*, como o "inimigo principal" dos dereitos das mulleres. Neste sentido *El sometimiento de las mujeres* desenvolve un completo e sistemático conxunto de argumentos destinados a desarticular dita ideoloxía<sup>18</sup>.

#### A LOITA CONTRA O PREXUÍZO

Un dos grandes desafíos teóricos do feminismo do dezanove foi o de desarticular a ideoloxía da natureza diferente e complementaria dalgúns dos máis grandes filósofos da Ilustración, e ao que se percibía como un feito de sentido común indiscutible : as grandes diferenzas entre as capacidades e aspiracións de homes e mulleres. Significaba, tamén, dar conta de por qué tantas mulleres aceptaban a tese da súa inferioridade e asentían ao seu destino sexual como se fose



froito da súa inclinación persoal. É dicir, había que clarificar e mostrar practicamente todo, desde que existía un sistema de dominación donde o que se percibía era consentimento, ata os beneficios que podían esperarse de cambiar unha concepción de orde social que viña estando lexitimada pola divindade, a tradición e agás excepcións, a mesmísima filosofía moderna. De feito, a loita das sufragistas foi, en boa medida, a loita por desactivar os ancestrais prexuízos que pesaban sobre a condición feminina e conseguir redefinila como unha condición

humana. Pois ben, a obra *The Subjection of Women*, foi unha das que máis e mellor contribuíron a clarificar a auténtica maraña ideolóxica patriarcal da sociedade decimonónica, a mirar con ollos novos e lograr ver a través do gran chorro de tinta de calamar que escurecía a condición real das mulleres e se sintetizaba na apelación final á "natureza da muller".

John Stuart Mill comeza *El sometimiento* sublimando que o obxectivo da obra é fundamentar unha opinión que mantivo desde a súa xuventude, e na que non fixo

senón afianzarse co progreso da súa experiencia e reflexión. Esta opinión é a seguinte: " que o principio que regula as relacións sociais vixentes entre os dous sexos (a subordinación legal dun sexo ao outro) é inxusto por si mesmo e que, nos nosos tempos, é un dos maiores obstáculos que se opoñen ao desenvolvemento humano". Para Mill, as institucións patriarcais – é dicir, todas aquelas que están relacionadas dun modo ou outro coa opresión das mulleres- son un feito illado no mundo moderno. O carácter distintivo da modernidade é, fronte ao mundo anterior, que a vida dos homes xa non está indisolublemente ligada ao seu nacemento. As institucións feudais foron definitivamente abolidas por un principio superior, o que afirma que aquilo que atinxe directamente ao individuo debe deixarse ao seu libre xuízo, e que a intervención coactiva da autoridade é perxudicial agás para a protección dos dereitos alleos. Non embargantes, as mulleres constitúense no único caso – coa excepción da realeza e unha vez abolida a escravitude- en que as leis e institucións deciden a priori, e en virtude da "fatalidade de nacemento", a que han de adicar a súa vida. Así, as leis non só prohiben explicitamente o seu acceso á educación superior, á maior parte dos traballos non proletarizados e a calquera tipo de

<p>actividade política, senón que tamén regulamentan o seu réxime de case total sumisión á outra parte contratante do case único contrato que se lles permite asinar: o matrimonial. Ademais de co principio de liberdade, o patriarcado –o sistema de relacións que institucionaliza e lexitima a dominación dun xénero sobre o outro– está en contradición co outro gran principio en que se basean as institucións modernas: o de xustiza. A evolución da humanidade, o seu progreso, pódese medir polo feito de que xa non se recoñece o dereito do forte a oprimir ao débil. A lei da forza cambiouse pola lei da xustiza, según a cal, todos teñen os mesmos dereitos en función da súa condición de seres humanos. A partir desta igualdade social orixinaria, só o que a persoa fai, o seu esforzo e o seu mérito, poden levarla a ocupar lexitamente posicións de poder ou autoridade, tanto na vida pública como na que se considera privada.</p> <p>Liberdade e igualdade son os dous principios que presiden as institucións modernas e nos que se funda o progreso da humanidade. Agora ben, o patriarcado non só viola de xeito flagrante ambos principios senón que imposibilita que estes se cumbran dunha forma efectiva no</p>	<p>resto das institucións sociais. Para Mill, a solución a este problema aparece coa claridade e distinción propios dunha idea cartesiana para todos aqueles que non estean cegados polo costume e o prexuízo: ata que a relación humana “máis universal e que todo o penetra”, como é a relación entre homes e mulleres, non deixe de se basear na inxustiza, é difícil, por non dicir imposible, que o resto das relacións sociais sexan xustas e libres. Porén, o propio Mill é consciente da inutilidade do razoamento anterior; da inutilidade de se limitar a sinalar como unha contradición insoportable á razón o feito de proclamar a igualdade de todos os seres humanos, e deixar fóra desta igualdade á metade da especie. Efectivamente, os grandes pensadores ilustrados –Hume, Rousseau, Kant– non viron incoherencia algunha en que a universalidade dos seus principios quedase cinguida aos homes<sup>19</sup>. ¿Como é posible tal desatino filosófico? Como sinalou Celia Amorós, o filósofo inglés dará unha resposta similar á que xa mantivera o cartesiano Poullain de la Barre no século XVII. Para este autor francés, a desigualdade dos sexos é o prexuízo dos prexuízos: “...tan vello como o mundo, ten extendido e amplo como a propia terra e tan universal como o xénero humano”<sup>20</sup> Mill afirma que,</p>	<p>ademais de ser o prexuízo máis universal, é o máis interesado xa que é o único que non concede poder a unha minoría ou a unha elite senón á metade da especie. Todos os homes<sup>21</sup>, independentemente da clase social ou da raza á que pertencen, independentemente das súas cualidades físicas, intelectuais ou morais gozan dunha relación de privilexio respecto ás mulleres. Efectivamente, ¿Como irracionalizar desde a soa razón un xuízo que se sustenta nunha mestura de intereses, sentimentos e costumes, e que foi “racionalizado” por boa parte dos filósofos ilustrados? Mill observa con lucidez dúas dificultades ás que se enfronta o filósofo en casos como este. A primeira é de índole psicolóxica e consiste no paradóxico feito de que canto máis incisivos e contundentes son os argumentos racionais contra o prexuízo combatido, máis parece gañar este en estabilidade. O razoamento sofístico subxacente pode quedar debilitado, pero isto non fai senón convencer aos homes de que o seu sentimento debe estar ancorado nalgunha razón tan profunda, que nin tan sequera os argumentos a dan acadado. Ergo, non cambian un ápice a súa posición. Por outro lado, sinala Mill, nestes casos, a forma de probar ou a carga da proba, recae sempre sobre quen</p>
<b>M O N O G R Á F I C O</b>		



afirma algo; máxime se o que se afirma é unha excepción a un principio universal. É quen acusa quen ha de aportar evidencias e argumentos que xustifiquen a súa acusación, e non o inocente quen ten que amarear probas da súa inocencia. Porén, neste caso, e contra toda lóxica, son as mulleres as que teñen que aportar probas para mostrar "a súa inocencia", é dicir, que non son inferiores ou que teñen os mesmos dereitos.

En definitiva, Mill termina illando o que é ao seu xuízo o problema central en torno ao prexuízo patriarcal: o feito de que a dominación dun sexo sobre outro aparece como algo natural, e algo no que as mulleres consenten. Para Mill isto non é un caso excepcional: todas as dominacións pareceron naturais a quen as exercía. Así, pensadores tan preclaros como Aristóteles non dubidaron en afirmar que se nace escravo ou home libre, e que a escravitude é natural. O problema reside, tal e como xa o sinalara en *Sobre la libertad*, en que a sociedade, e moitas veces os propios filósofos, consideran antinatural o desacostumado. Respecto á obxección de que as propias mulleres asenten compracidas ao seu estado sinxelamente a nega: as mulleres xa se organizaron para solicitar os seus dereitos e son os homes<sup>22</sup> os

que llelos continúan a negar. Aínda considerando falsa a obxección, emprega dous argumentos contra ela. Por outro lado, considera unha lei política xeral o que os oprimidos non comecen nunca por se opoñeren ao poder en si senón só ao seu exercicio despótico. E as mulleres sempre se teñen queixado dos malos tratos do seus maridos, aínda a risco de que estes se endurecesen. O seguinte paso lóxico é o de cuestionar a relación de poder que posibilita os malos tratos. Por outro lado o caso das mulleres é diferente ao de calquera outra clase sometida, o que fai moi difícil unha rebelión colectiva destas contra os homes<sup>23</sup>. A peculiaridade consiste en que os seus amos non queren só os seus servizos ou a súa obediencia, queren ademais os seus sentimentos, "non unha escrava forzada, senón voluntaria". Para lograr este obxectivo encamiñaron toda a forza da educación a escravizar o seu espírito: "A todas as mulleres se lles inculca desde os seus primeiros anos a crenza de que o seu carácter ideal é diametralmente oposto ao do home; non ter vontade propia nin gobernarse polo propio control, senón someterse e ceder ao control dos outros. Todos os discursos morais lles din que este é o deber das mulleres, e todos os sentimentalismos lles indican

que esta é a súa natureza: vivir para os demais, renunciar por completo a si mesmas e non ter máis vida que a dos seus afectos"<sup>24</sup>.

O proceso educativo das mulleres é radicalmente diferente ao dos homes<sup>25</sup> e, posteriormente, tamén o son os seus traballos e posicións sociais. As mulleres desenvolven a súa vida no ámbito privado, os homes no mundo público. A xuízo de Mill estas circunstancias xeran tales diferenzas nos seus respectivos caracteres que case calquera pode consideralos produto de naturezas diferentes. Con todo e iso, proceder así é confundir o efecto coa causa. A partir de aquí, o obxectivo de Mill e polo que pasou á historia do feminismo foi o de desarticular os prexuízos en torno á "natureza feminina", prexuízos que consideraba un dos maiores obstáculos para a igualdade dos sexos e o desenvolvemento dunha sociedade e cidadanía democráticas.

\*Universidade Rei Xoán Carlos  
Tradución: Marga Rguez-Marcuño

## NOTAS

1. Cfr. Ana de Miguel: "El futuro de un clásico ignorado" en W. Thompson e A. Wheeler *La demanda de la mitad de la raza humana, las mujeres*, Tradución de Ana de Miguel e María de Miguel, Granada, Comares, 2000.

2. Efectivamente, James Mill é o pai de John Stuart Mill, o autor do célebre ensaio *The Subjection of Women* e o home que presentou no Parlamento inglés a primeira petición a favor do voto feminino. James Mill, *Sobre el Gobierno*, Granada, Ed. Comares, 1999.

3. *Varón* no texto orixinal (nota da trad<sup>ª</sup>).

4. Mary Wollstonecraft, *Vindication of the Rights of Woman*, 1792; a obra está traducida na colección *Feminismos* da Editorial Cátedra.

5. John Stuart Mill refírese explicitamente á figura e á obra de Thompson na súa *Autobiografía* Madrid, Alianza Editorial, 1986, p. 133.

6. As excepcións son o voluminoso estudo de Dolores Dooley *Equality in Community. Sexual Equality in the Writtings of William Thompson and Anna Doyle Wheeler*, Dublin, Cork University Press, 1996 e as incisivas e eloxiosas páxinas que lle adica Carole Pateman na súa influente *El Contrato Sexual*, Barcelona, Anthropos, 1995.

7. No texto en castelán *hijos varones* (nota da trad<sup>ª</sup>).

8. Wheeler casara con quince anos e durante doce soportou os malos tratos físicos do seu home, ata que fuxiu a Francia coas fillas e unha irmá. Habería que engadir que a súa filla Rosina, moi crítica co feminismo da súa nai, tamén tivo que se enfrontar ás continuas infidelidades do seu home –o célebre escritor e político Edward Bulwer Lytton– e ao dobre raseiro do contrato matrimonial que tan agudamente

diseccionara a súa nai. Lytton arrebatoulle a custodia dos fillos e chegou a encerrala nun manicomio para que non o perturbara na súa vida pública.

9. Pateman aínda cita a William Thompson como o único autor de *La Demanda*, Cfr. Carole Pateman, *El Contrato Sexual*, op. cit. pp. 217 e ss. Non embargantes, a coautoría de Wheeler xa ten sido recoñecida na última edición da obra en lingua inglesa. Para o problema da coautoría véxase a Introducción á edición española da obra, op. Cit. Ana de Miguel "El futuro de un clásico ignorado".

10. Tampouco ten porque estrañar esta actitude puritana, dado que ademais de implicar o predominio das cualidades especificamente humanas fronte ás animais, entroncaba co dereito de autodeterminación das mulleres e resultaba un valioso anticonceptivo natural. Asimesmo, é lóxico que Thompson e Wheeler, defensores do comunitarismo cooperativo no que se dan as condicións para que desaparezan o matrimonio por cartos e a prostitución, e as criaturas deixan de ser unha carga para as mulleres, opten por unha sexualidade libre e expansiva.

11. JS Mill, *El sometimiento de las mujeres*, Tradución de Alejandro Pareja, Madrid, Edaf, 2005.

12. A *Declaración de Seneca Falls* tivo lugar en 1848 no Estado de Nueva York. Pode considerarse a segunda gran declaración de Dereitos da Muller e a Cidadá e se atopa, entre outros, en A. Martín-Gamero, *Antología del feminismo*, Madrid, Alianza Editorial, 1975. A primeira fora a que redactou a xirondina Olympe de Gouges en plena Revolución Francesa. O texto da *Declaración de Olympe de Gouges* pódese consultar no libro editado por Alicia Puleo *La Ilustración olvidada*, Barcelona, Anthropos, 1993.

13. Richard J. Evans, *Las Feministas*, Madrid, Siglo XXI, 1980, pp. 15-16.

14. O prólogo de Emilia Pardo Bazán, publicado en 1892, foi reeditado como apéndice en J.S. Mill e Harriet Taylor Mill, *Ensayos sobre la igualdad de los sexos*, Madrid, Mínimo Tránsito, 2000.

15. Citado en Alice S. Rossi, "Sentimiento e intelecto. La historia de John Stuart Mill y Harriet Taylor Mill" en John Stuart Mill y Harriet Taylor Mill, *Ensayos sobre la igualdad sexual*, Barcelona, Península, 1973, p. 84.

16. Para a relación entre Harriet Taylor e John S. Mill recomendamos o xa citado escrito en castelán de Alice Rossi e a obra de Carlos Mellizo, *La vida privada de John Stuart Mill*, Madrid, Alianza Editorial, 1995.

17. J.S. Mill, *Autobiografía*, Madrid, Alianza Editorial, pp. 234-5.

18. Cfr. Ana de Miguel "El feminismo en clave utilitarista-ilustrada" en Celia Amorós e Ana de Miguel (eds.) *Teoría Feminista. De la Ilustración a la Globalización*, vol. 1, Madrid, Minerva, 2005.

19. Ver nota nº 3

20. Para a obra de Poullain de la Barre véxanse os capítulos segundo e terceiro da obra de Celia Amorós, *Tiempo de feminismo*, Madrid, Cátedra, 1998 e a cita en Poullain de la Barre, *De l'egalite des deux sexes*, Paris, Fayard, 1984, p. 9.

21. Ver nota nº 3

22. ver nota nº3.


23. Ver nota nº3.

24. Mill, J.S. *El sometimiento de las mujeres*, Madrid, Edaf, 2005, p. 96.

25. Ver nota nº3.

## MAFALDA, A FEMINISTA DE QUINO

LA POBRE HA  
CONTRAÍDO EL TEMOR  
DE TENER PELOS  
EN LA LENGUA



LO MALO DE LA GRAN  
FAMILIA HUMANA  
ES QUE TODOS  
QUIEREN SER  
EL PADRE



Y DIGO YO...




...YA QUE ES TANTO LÍO  
CAMBIAR LAS ESTRUC-  
TURAS...¿NO SE PODRÍA  
POR LO MENOS DARLES  
UNA PINTADITA?  
¿O NI ESO?

M O N O G R Á F I C O



¿Y SACAR DE VEZ EN CUANDO LA INTELIGENCIA, TANTO COMO PARA QUE ESTÍRE LAS PIERNAS?



MONOGRÁFICO



M O N O G R Á F I C O



MONOGRÁFICO



M O N O G R Á F I C O




MONOGRÁFICO








MONOGRÁFICO



MONOGRÁFICO



- "HOLA, MI AMOR ¡CHUIK!  
¿CÓMO TE FUE HOY?"  
- "BIEN, MI TESORO ¡CHUIK!  
IMMMH! ¡QUE BIEN  
HUELE LA CENA!"

- "HOLA, ¡HOY FUÉ UN DÍA HORRIBLE!  
TERMINA VOS DE DARLE  
DE COMER A LOS CHICOS, QUE  
TODAVIA NO PUSE LA OLLA  
AL FUEGO"  
- "BUENO, PERO APURATE, QUE  
VENGO  
MOLIDO"

- "A BUENA HORA LLEGAS, FIJA-  
TE SI EN LA HELADERA EN-  
CONTRAS ALGO QUE HAYA  
SOBRADO DEL MEDIODIA!"  
- "¡MAH, SALI, SI YA COMI  
POR AHI!"

!! MENTIRA!! !! MI MATRI-  
MONIO NO ARRUINARA'  
MI VIDA DE CASADA !!

PARA MÍ LO QUE ESTÁ MAL  
ES QUE UNOS POCOS TIENEN  
MUCHO, MUCHOS TIENEN POCO  
Y ALGUNOS NO TIENEN NADA

SI ESOS ALGUNOS QUE NO  
TIENEN NADA TUVIERAN  
ALGO DE LO POCO QUE TIENEN  
LOS MUCHOS QUE  
TIENEN POCO...

Y SI LOS MUCHOS QUE  
TIENEN POCO TUVIERAN  
UN POCO DE LO MUCHO  
QUE TIENEN LOS POCOS  
QUE TIENEN MUCHO,  
HABRÍA MENOS LIÓS

PERO NADIE HACE MUCHO,  
POR NO DECIR NADA, PARA  
MEJORAR UN POCO ALGO  
TAN SIMPLE

M O N O G R Á F I C O

## A CUESTIÓN FEMINISTA EN F. ENGELS

F. Engels é un autor moi discutido e estudado na Teoría Feminista, non tanto polos acertos que poidan encontrarse nos seus estudos, senón pola temática que abordou. Recoñecía a situación de opresión, subordinación e explotación á que o sexo feminino se viu sometido ao longo da historia; soubo poñer o dedo na chaga das institucións que foron pezas claves para a perpetuación dun "estado de opresión feminina" como son o matrimonio e a familia; como bo representante do marxismo cifrou a cuestión do traballo no nó gordiano onde se expresa a situación de desigualdade das mulleres.

Na súa comprensión das primeiras sociedades humanas defendía a existencia dun *sistema matriarcal*, seguindo as teses defendidas pola antropoloxía da época. A Engels débese a diferenciación establecida entre socialismo utópico e socialismo científico, pero non viu que Flora Tristán comprendera, como se encontra na súa obra, antes que Marx, o funcionamento do sistema capitalista.

A obra na que Engels formula as súas hipóteses e teses, acerca do feito da desigualdade social entre homes e mulleres, foi publicada en pleno desenvolvemento do movemento sufragista, **El origen de la**

**familia, la propiedad privada y el estado** (1884), un ano despois de que o seu amigo Karl Marx tivera falecido. Falar da orixe das tres institucións que se mencionan no título significa que existiron un tipo de sociedades anteriores á aparición da familia monogámica, á creación do Estado e tamén anteriores á privatización da propiedade.

Encóntrase neste autor unha concepción dinámica da *historia*, herdanza das raíces hegelianas da filosofía marxista; non obstante, a división sexual do traballo existente na familia monogámica non é analizada como un feito social, senón como unha división "espontánea"<sup>1</sup> do traballo, o que significa que non é pensada como a expresión dunha organización social xerarquizada en función do sexo biolóxico. A carencia da interpretación da división sexual do traballo<sup>2</sup> ten raíces bioloxistas no pensamento común de Marx e Engels da década dos anos corenta do século XIX. Engels recórdao así: "Nun vello manuscrito inédito redactado en 1846 por Marx e por min, atopo esta frase: `a primeira división do traballo é a que se fixo entre o home e a muller para a procreación de fillos`"<sup>3</sup>. É este un razonamento por analogía ao que Celia Amorós denominou o "paraloxismo da produción-reproducción"<sup>4</sup>; este consiste nun

"salto lóxico ilexítimo" polo que se utilizan os mesmos criterios analíticos para dúas esferas tan distintas como o son un feito biolóxico dun feito social.

Nas orixes do patriarcado identifícase o poder masculino expresado na prescrición da fidelidade sexual para as mulleres, con obxecto de asegurar unha "paternidade indiscutible, xa que os fillos serán os herdeiros dos bens do seu pai. Entre os prexuízos esencialistas que Rosalind Coward critica a Engels sinalaremos o que suxire que a muller, por natureza, detesta a promiscuidade, mentres que o home, pola contra, deixárase levar polas súas inclinacións promiscuas sempre que sexa posible; ademais, os seus argumentos acerca da relación entre propiedade, paternidade e lexitimidade, dan por suposto que os homes desexan, por "natureza", transmitir a propiedade exclusivamente aos seus descendentes xenéticos<sup>5</sup>.

Engels, igual que outros estudiosos da súa época como Bachofen, McLennan e Henri L. Morgan, supoñía que historicamente existira un período prepatriarcal ao que chamou *matriarcado*: nestas sociedades presúmese que existía un igualitarismo entre os sexos. Esta tese foi obxecto de fecundas críticas: na sociedade iroquesa,

cualificada de matriarcal por este autor, o poder que as mulleres exercían estaba circunscrito a nomear e destituír aos seus gobernantes, pero os xefes iroqueses eran homes. Na antropoloxía feminista a existencia dun igualitarismo entre os sexos nas sociedades non clasistas nas que non se dá a propiedade privada foi cuestionada, entre outras autoras e autores, por Karen Sacks<sup>6</sup>. A pesar do carácter especulativo deste apartado da obra engelsiana non debemos esquecer que as súas ideas ocasionaron unha clara consciencia feminista e foron a base de importantes discusións nos países socialistas<sup>7</sup>. Por outra parte, as sociedades denominadas matriarcais pola antropoloxía do século XIX, foron analizadas como sociedades matrilineais: a liña de descendencia transmítese por vía materna pero as figuras de autoridade seguen a ser homes: a parella da nai, o tío materno ou no seu defecto o parente máis próximo<sup>8</sup>. Pero non se esgotan aquí as interpretacións que na actualidade seguen a se manter na relación a algunhas das teses engelsianas: pensadoras moi significativas da Teoría Feminista Española Contemporánea, como Victoria Sacau<sup>9</sup> e Victoria Sendón de León<sup>10</sup>, contribuíron con interesantes argumentos a favor de que o matriarcado foi unha

sociedade antiga real, non só produto da imaxinación e do mito.

A situación de subordinación do colectivo femenino é entendida como o resultado dun proceso histórico. A aparición da *propiedade privada*, coa familia como institución que se apropia dela e a perpetúa, é a causa de tal transformación. Para Engels, as palabras "propiedade" e "privada" tiñan un significado específico. Soamente constituían

propiedade os artigos ou recursos con potencial produtivo. Os bens individuais, anque eran privados, non constituían propiedade. As ferramentas (medios produtivos) carecían de importancia, posto que as técnicas e os materiais necesarios para a súa fabricación están igualmente a disposición de todos. En sociedades non industrializadas, os tipos máis importantes de propiedade privada son os recursos



M O N O G R Á F I C O

produtivos, estes eran os animais domésticos e as terras cultivadas. "Privado" significa a propiedade posuída por un individuo ou por unha familia da que os dereitos para dispoñer da mesma están depositados nun dos seus propietarios. A propiedade privada fíxose posible pola produción dun excedente por enriba do inmediatamente necesario para a subsistencia. Así se pasou da produción para o uso á produción para o intercambio.

A liberalización do colectivo feminino enténdese que chegará cando desapareza a causa que a orixinou, por conseguinte, a condición é a abolición da privatización da propiedade. "A preponderancia do home no matrimonio é consecuencia sinxelamente, da súa preponderancia económica, e desaparecerá por si soa con esta"<sup>11</sup>: esta comprensión levouno a postular que o acceso das mulleres ao mundo do traballo produtivo social lles permitiría acadar a igualdade co home. Estas ideas orixináronse nunha dobre crítica no marco do pensamento feminista: por un lado, quen, observando o transcurso da historia advirte que as predicións de Engels non se cumpriron: o feito de convertérense en traballadoras asalariadas non conlevou o final da situación de desigualdade respecto nin

sequera dos seus homólogos homes. Por outro, o feito de non considerar o traballo doméstico como produtivo valeulle a crítica das teóricas materialistas que defenden que a muller é unha clase social baseándose no traballo que realizan en privado no ámbito doméstico, teses defendidas por Lidia Falcón e Christine Delphy<sup>12</sup>

Pola nosa parte, queremos enfatizar a crítica no tocante á acusada miopía engelsiana en relación á dobre xornada laboral que as mulleres que traballan fóra do fogar teñen que afrontar cando non existe unha corresponsabilidade por parte dos cohabitantes do fogar propio. Esta cegueira para co polimorfo carácter opresivo do patriarcado ponse de manifesto tamén nos estudos sobre a plusvalía: Flora Tristán escribiu na súa obra **Paseos en Londres** sobre o mecanismo nuclear do sistema económico de explotación capitalista: anque non utilizou o significativo, si que describiu o significado do concepto de *plusvalía*<sup>13</sup>. Como a lingüística puxo de manifesto, a relación entre o significativo e o significado é meramente arbitraria: o esencial é o suxeito e o pensado, o concepto.

A pesar das limitacións das súas análises, hai dúas cuestións do pensamento engelsiano que

non podemos esquecer: a primeira delas que é un clásico, pois o seu coñecemento é imprescindible para comprender e situar a evolución das investigacións das ciencias sociais en materia de temas feministas; a segunda que a cuestión do traballo femenino está por resolver; e aínda máis, nun momento no que o sistema de produción capitalista se mundializa e millóns de mulleres do mundo sur son explotadas polas empresas internacionais, como consecuencia, en parte, da fusión de capitais, é importante recordar as ideas que tamén e tan ben defendeu Engels: a propiedade dos medios de produción ha de estar nas mans da clase obreira. Isto significa que as maquilas –mulleres que traballan para as industrias dos empresarios do mundo Norte por soldos case inexistentes– poderían ser pensadas como suxeitas con capacidade de traballar en cooperativas se o mundo Norte se ocupa de apoiar este tipo de iniciativas. Deste modo poderían emprenderse e/ou reactivarse políticas en contra do feminicidio, da feminización da pobreza así como movementos de mulleres que comprenderan que a mellora das súas vidas dependerá do recoñecemento legal dos seus dereitos: isto é dicir que os presupostos do feminismo poderían comezar a formar parte

das ideas dun sennúmero de mulleres que a cada segundo expoñen a súa vida á morte porque teñen moi pouco que perder e moito que gañar. En definitiva, facendo bo uso do saudable do pensamento engelsiano poderíamos actuar sobre problemas que Engels non viu, e que seguen a acosar cada día a vida de millóns de mulleres do planeta.

Tradución: Marga Rodríguez-Marcuño

\*Doctora en Filosofía. Universidade de Sevilla

#### NOTAS

1. ENGELS, F., *El origen de la familia, la propiedad privada y el estado*, trad. cotexada e revisada por Horacio García Prieto, La Habana, ed. de CC. Sociales, 1986, p. 150.

2. ROMERO, Rosalía, "La división sexual del trabajo en el pensamiento feminista: evolución y retos" en Amelia Valcárcel, M<sup>a</sup> Dolores Renau e Rosalía Romero (eds.), *Los desafíos del feminismo ante el siglo XXI*, Sevilla, ed. Instituto Andaluz de la Mujer, col. Hypatia, 2000, pp. 55 e ss.

3. ENGELS, F., *El origen de la familia, la propiedad privada y el estado*, op. cit., p. 59

4. AMORÓS, Cèlia, *Hacia una crítica de la razón patriarcal*, Barcelona, ed. Anthropos, 1985, pp. 233-34.

5. COWARD, Rosalind, *Patriarchal Precedents*, Londres, Routledge & Kegan Paul, 1983, pp. 146-7.

6. SACKS, Karen, "Engels revisitado: las mujeres, la organización de la producción y la propiedad privada" en Oliva Harris y Kate Young, *Antropología y feminismo*, trad. cast. de Lora Barruti, Barcelona, ed. Anthropos, 1979, p. 25.

7. PALMA, Miriam, "Algunas consideraciones en torno al marxismo y al feminismo" en Colectivo de Estudios Marxistas (coord.), *Marxismo y Sociedad. Propuestas para un debate*, Sevilla-Bogotá, eds. Muñoz Moya y Montraveta, 1995, p. 128.

8. Cfr., por exemplo, HARRIS, Marvin, *Nuestra especie*, Salamanca, Alianza ed., 1999, pp. 295 e ss.

9. SAU, Victoria, *Aportaciones para una lógica del feminismo*, Barcelona, ed. Lasal, 1986.

10. SENDÓN DE LEÓN, Victoria, *Más allá de Itaca. Sobre complicidades y conjuras*, Barcelona, ed. Icaria, 1988.

11. ENGELS, F., *El origen de la familia, la propiedad privada y el estado*, op. cit., p. 59

12. Cfr. OLIVA, Asunción, "La teoría de las mujeres como clase social: Christine Delphy y Lidia Falcón" en Cèlia Amorós e Ana de Miguel (eds.), *Teoría Feminista: de la Ilustración a la globalización*, Madrid, eds. Minerva, 2005, pp. 107-146.

13. DE MIGUEL, Ana e ROMERO, Rosalía, "Flora Tristán: hacia la articulación de feminismo y socialismo en el siglo XIX" en Flora Tristán, *Feminismo y Socialismo. Antología*, Madrid, eds. La Catarata, col. Clásicos del Pensamiento Crítico, 2003.



M O N O G R Á F I C O



## A MULLER, de August Bebel

### ANÁLISE DAS APORTACIÓNS REALIZADAS POLO AUTOR Á SITUACIÓN DA MULLER HOXE

A preocupación do autor pola situación da muller a finais do XIX, invítanos a reflexionar sobre o papel político e social que desempeñaron algúns homes na denuncia da situación marxinal da muller e a loita pola conquista paulatina dos seus dereitos. August Bebel é unha clara referencia marxista sobre a visión dos problemas sociais, culturais e persoais da muller (finais do XIX), pero sobre todo desde a súa visión política (fundador do Partido socialdemócrata alemán). Marca unha diferenza entre feministas burguesas e as mulleres da clase obreira. Ve nestas últimas a necesidade de emancipación e de formación, de atención particular e social para aumentar a súa autonomía legal e persoal para convertelas en aliadas das reivindicacións dos obreiros.

A obra está dividida en tres tempos, pasado, presente e porvir, desde onde percorre a análise da problemática da muller e o seu papel na sociedade. O noso autor, ao que os socialistas alemáns se dirixen polo seu nome de pía: Bebel, a súa proximidade e compromiso coa xustiza social, lévao a situar á muller e ao traballador nunha posición común de opresión desde tempos inmemoriais. No pasado, a muller,

acláranos, que xunto ao traballador non tivo consciencia clara da súa servidume. O sometemento, non obstante, da muller foi significativamente máis duro, xa que excluídas casadas ou solteiras estaban afogadas como ser humano, cargadas de normas e tarefas que reducían a súa existencia a un poder deber.

O comentario deste libro, gustárame realizalo desde a contemporaneidade das súas reflexións, sobre todo as referidas ao presente e ás propostas que presentan como porvir. Sen se esquecer da época na que foi escrito, pero sobre todo despois de reler as noticias dos asasinatos de mulleres a mans dos seus maridos, do número elevado de universitarias, e a porcentaxe ínfima de mulleres directivas, é preciso reler a historia feminista e máis ca nada o papel que as mulleres desempeñan á hora de ensinar e concienciar a outras mulleres e, como o caso do presente libro, o papel desempeñado historicamente por algúns homes.

A idea de posesión como un valor máis do home vén de tempo inmemorial, pero haberemos de destacar como desde os inicios da vida, cando non existía unha unión duradeira entre homes e mulleres, era o dereito materno o inicial, o máis forte, sobre o que se fundamentou a chegada da muller

ao poder, en varios pobos. Non obstante, ao se establecer unha unión duradeira, o home, apoderouse sempre do mando.

A visión que nos ofrece Bebel, achéganos ás consecuencias que significou para a muller, o establecemento dunha unión duradeira. O matrimonio supónlle á muller, un traballo que xustifica a súa existencia, no privado, cunha formación deficiente, en todo caso específica para o desenvolvemento dos seus deberes familiares. Todo isto, tense ido justificando e servindo como base para asegurar unha orde determinada para a consolidación dos estados e a súa gobernabilidade. Expón o papel que desempeñan as relixións monoteístas e sobre todo o uso incondicional da muller escravizada a tarefas remuneradas ou non, que a aillan e non a axudan no seu crecemento persoal e social.

O avance rápido da revolución industrial, coa despersonalización dos artesáns pasando a seren obreiros e obreiras escravizadas a unha produción nunhas condicións pésimas de hixiene, deixaron, según Bebel, á muller na dobre encrucillada de escravitude ao traballo fóra e dentro do fogar. Porque nos interesa a historia da muller en tempos tan remotos? Desde a análise na situación presente do autor, chégase a falar

que se a muller continúa traballando fóra do fogar (Congreso obreiro francés, 1877) destruírá por completo a vida da familia do obreiro, e por conseguinte, será inevitable a dexeneración da especie. Parecería verse, ao longo do libro, as características esenciais da situación da muller actual.

A crecente inquietude mostrada polo autor, cara a necesidade de cambios profundos e radicais, fronte ás políticas de igualdade ante a lei, lévao a se cuestionar profundamente sobre "O problema da muller". O devandito problema pasa por tratar de redefinir a posición que a muller debería ocupar na organización social, formúlase a cuestión: a sociedade actual, ten feito o necesario para asegurar ao ser humano en xeral, e ao sexo feminino en particular, un modo de existencia razoable? ¿Pode facelo? E se non pode, ¿non debe, polo menos, intentar o factible? A intención de resolver a marxinalidade á que se somete a clase obreira e en peor situación á muller, o noso autor argumenta que "o sistema capitalista constitúe a causa do noso intolerable estado social ...Compra a man de obra dos que nada posúen, como se fosen mercadoría, a un prezo que se establece como o dun número calquera... Esta loita desigual

toma cada vez maior extensión en todos os terreos, e a muller, como provedora da man de obra, a menos cara despois da do neno ... ten como consecuencia dividir a sociedade dunha maneira incesante e cada día máis sinalada..." A formulación necesaria é a denuncia, desde o pesimismo dos xornais, sobre a actualidade destas referencias, con outras matizacións, pero se fai necesario volver a releer, reflexionar sobre a nosa situación historicamente diferenciada e planificar estratexias de participación, sobre todo desde donde nos situemos como cidadás protagonistas da nosa vida e da nosa contorna.

A reflexión que tirei tras a análise desta obra, é que o percorrido do papel que ten ido desempeñando a muller na construción da sociedade no pasado, no seu presente e no porvir, é imprescindible coñecelo para poder tomalo como inicio da nosa situación actual.

O problema da muller formúlase desde a opción á que se debería optar, dentro da organización social: a preocupación e a análise sobre como se han de desenvolver as facultades femininas e as súas aptitudes, sobre todo para que a autonomía persoal e social como elemento público sexa tido en conta en igualdade de condicións.

A realidade social do momento, ha de se organizar para abolir a opresión, a explotación, pero sobre todo asegurar un crecemento persoal de cada un dos individuos da sociedade. Chégase a considerar que a situación social é un tema e o da muller outro que podería seguir como sempre. A ignorancia en canto á posición da muller é a causa dos prexuízos contra os que teñen que loitar, os grupos organizados de mulleres, non só para aleccionar e ocupar o seu lugar socialmente ao mesmo nivel dos homes, senón tamén formar e informar ao resto de mulleres non conscientes da súa realidade, asumindo o seu destino como esposa e nai limitándose as súas actividades do fogar. Nesta liña resulta moi aleccionador que a situación da muller se xustifique a partir da súa participación no matrimonio... páx. 70 "O matrimonio é a base da familia, e esta é a base do Estado. O que ataca á familia ataca á sociedade e ao estado e destrúeos a ambos". Isto din os defensores da "orde actual": en qué tipo de sociedade falamos de matrimonio, en cuxos parámetros se desenvolven máis plenamente os individuos, desde onde se atopan moralmente atendidos...

Nesta obra o seu autor recórdanos a Kant a partir de onde o home e a muller reunidos

## M O N O G R Á F I C O

forman o ser humano completo, fala implicitamente de diferencias e de complementariedade, por tanto non interesa extirpar as tendencias emancipadoras da muller, relegándoa á vida caseira.

A formulación a destacar por tanto, pódese establecer desde unha dobre vertente, en primeiro lugar manter á muller tal cal está, confinada no ámbito do doméstico e privado. Prescindimos xa que logo dun valor social potencialmente falando de máis da metade da poboación, quedando reducidas moitas destas mulleres, non só no 1885, a oficios e ocupacións nos que se explota máis alá das súas forzas, para poder subsistir miserablemente (a tal circunstancia é digna de se revisar un século despois). A necesidade polo tanto da mencionada autonomía persoal, social e por suposto económica, desde onde poida gozar de todas as posibilidades do progreso sen discriminación de xénero. En segundo lugar, chámase a atención sobre a realidade que mantén a muller de insatisfactoria, en comparación co progreso social xeral, pero é importante resaltar que hai un interese diferente entre as mulleres que traballan e as que están casadas que se supón teñen o problema resollido. As aportacións e reflexións desde as que



establecemos o interese da obra, está na demanda precisamente da sociedade de formación da muller desde as ramas máis altas do ensino, das artes e das ciencias. Piden igualdade de oportunidades educativas e fundamentalmente que sexan admitidas en calquera institución educativa, incluídas as universidades. Asistimos polo tanto á reflexión necesaria do protagonismo da muller na vida pública e política.

As mulleres, por tanto independentemente da súa posición social, son representativas dese sexo que durante a evolución da sociedade estivo oprimido, pero sobre todo sinálanos Bebel, que unha gran maioría de mulleres vese ademais profundamente afectada pola reorganización do papel do estado e orde social actual, que pretende mellorar os salarios, abolir a escravitude sexual, tan intimamente relacionada coas nosas condicións industriais e o noso sistema de propiedade

privada. Está claro que parte das feministas burguesas non senten a necesidade de cambios radicais a nivel social e político. Por tanto fai que haxa una división clara entre os movementos feministas iniciais, a partir de onde o aumento dos problemas industriais, salubridade, amoreamento, e salarios ínfimos, deixen manifestas as loitas antagónicas no económico e social pero idéntica a nivel persoal e formativo, desde aquí é desde onde se pode avanzar no dereito de poder desempeñar calquera profesión u oficio adecuado á súa forza e habilidade, e ao seu dereito á igualdade civil e política. A visión socialista de Bebel, fai fincapé en que a muller proletaria, ademais, ha de loitar xunto ao obreiro proletario por lograr medidas e institucións encamiñadas a protexer á muller obreira contra a súa dexeneración física e mental, en definitiva por conseguir unha nova orde onde os sexos gocen de independencia económica e intelectual.

O capítulo máis curto, é o do porvir, xa a finais do século XIX, Bebel, invitábanos como mulleres a gozar de completa independencia, seremos libres para escoller, aínda non se consolidara a propaganda, non estaba a servidume do consumo, o sistema de produción capitalista, próbanos que as dificultades non

son consecuencia da penuria de medios de existencia e alimentación, senón do desigual destes, que conducen a que uns teñan o superfluo e outros carezan do necesario, se aproveitamos a historia que a muller lle tocou vivir desde tempo inmemorial, axustarse ás necesidades do momento histórico que lle tocou vivir. Utilizando como referencia a obra de Bebel, reflexionemos sobre as súas aportacións con respecto ao papel que a muller poida desenvolver no PORVIR, fundamentalmente a súa capacidade de ser dialogante e comunicativa, sendo estes dous elementos sobre os que se asenta un contido ético de comportamento, socialmente comprometido, lévanos a desmontar unha formulación retrograda da superpoboación, como causa da pobreza, e non o desigual reparto de bens. Desde os principios socialistas, nesta obra defendidos, é a muller, fundamentalmente a que pode desempeñar a tarefa que desde aquí defendemos. Ten que ver cun movemento que cumpra a tarefa de coidar a nosa supervivencia e a calidade no noso planeta, xunto coas reivindicacións emancipadoras da igualdade de xénero. Trátase de concretar en plan visionario un ecofeminismo, capaz de asumir o lugar do outro, tendo en conta as

consecuencias das posibles accións, e asegurarse de que non esquecemos que todos somos parte os uns dos outros... a medida que imos sandando as nosas relacións mutuas e co noso Planeta.

Estamos pois, ante un compromiso de busca de elementos que aúnen distintas formulacións desde onde se poida resolver o problema da normalidade da poboación da forma máis sinxela, coa concienciación, sobre a necesidade de se repartir o benestar. Marx en *Capital* sinala "O socialismo é a ciencia aplicada con plena conciencia e completo coñecemento de causa a todas as manifestacións da actividade humana". Estámonos a formular o chegar a un estado conforme á ciencia natural. A ciencia fíxose práctica, adquirindo valor a medida que ía tomando en conta á vida humana e se convertía nun recurso da existencia, as diferentes ramas, da ciencia democratizáronse. Desde unha formación democrática e con posibilidades de desenvolvemento para todos por igual estamos a nos situar na resolución de conflitos ambientais, falar de cidadás e cidadáns democráticos ambientalmente comprometidos, é falar dunha lexitimidade política desde a participación de todos, sen exclusión e coa lexitimidade

que procede do consenso como produto dun diálogo permanente.

**Por tanto, e para finalizar, Bebel invítanos desde o seu apoio e defensa no papel da muller,** activas e formadas desde a igualdade, como vía de resolución implicativa. Cada vez a presenza da muller é maioritaria nos movementos sociais e de base, non así nas estruturas tradicionais de poder, sexan sindicatos, partidos, gobernos e parlamentos nos que prevalece unha maioría masculina, os ámbitos por tanto son locais, barrios, rúas, pobos... a súa presenza diminúe en canto se amplía a cota de poder, entendido este como prestixio social e mesmo económico. A invitación está feita e o soño por un socialismo comprometido por "a cuestión de xénero" tamén, a voz silenciada da **muller**, o seu histórico sometemento e pasividade, han de dar paso a un modelo diferente de sentir a vida. Especialmente a idea de edificar o mundo, ha de supoñer un paso entre unhas relacións máis xerárquicas e piramidais a outras máis igualitarias, e isto afecta á base de toda a existencia humana, sobre todo á clarificación da súa identidade e ás relacións globais coa súa contorna.

Tradución: Marga Rodríguez-Marcuño

M O N O G R Á F I C O

## PREDICADORES E ACTIVISTAS. PRO-FEMINISMO MASCULINO NORTEAMERICÁN NO SÉCULO XIX

Encabezar un artigo divulgativo sobre homes partidarios do movemento feminista colócanos diante dunha primeira encrucillada: hai / houbo homes feministas? Existiu algunha vez algo semellante ao *feminismo masculino*? A propia combinación, *feminismo masculino*, vén remedar o exemplo usado por un egrexio escritor vasco que explicou, maliciosamente, a figura gramatical do oxímoron sinalando á cabeceira do periódico *El pensamiento navarro*.

Temos, pois, a conxunción de dúas palabras de significado oposto que intentan definir un concepto diferente e autónomo do que lle é propio a cada unhas delas. Un concepto que xa fora obxecto de debate nos albores do feminismo, cando se considerou a ubicación dos homes no movemento: pasaba necesariamente a construción da nova muller pola construción do novo home? O horizonte era tentador e as intencións boas, pero a voz do home monopolizaba as discusións e distraía dos obxectivos. Ademais, que sucedía na casa, na intimidade do fogar, logo da asemblea ou do acto de protesta? Resultaba evidente que o termo *feminista* só debía ser aplicable a unha muller e que o Feminismo, como tal, tiña que ser patrimonio das mulleres. Así o entenderon as feministas da segunda onda e así o aplicaron á súa loita. Parece prudente arrumar a titulación do artigo como "*Homes*

*feministas ...*" e procurar unha achega máis axeitada.

Repasando as biografías de personaxes masculinos significados no devir da liberación da muller, sobre todo nos EE UU de América, que acaprou gran parte da liña de ruptura, atopámonos cunha variedade de posicionamentos e respostas verbo da condición feminina; comportamentos non exentos de contradicións, moitas veces; sinceros, decididos e coherentes as máis delas. É difícil separar a esfera social, laboral, política da esfera familiar, por iso a primeira tarefa daqueles homes atraídos polos formulacións feministas fora liberarse dos ligamentos patriarcais sen esnaquizar a súa condición masculina. Tarefa difícil e ingrata, pois non conduce á conversión nun *home feminista*, se non que remata nun *home anti-patriarcal, anti-sexista* ou *pro-feminista*, únicos títulos posibles.

Unha segunda encrucillada obríganos a fixar un criterio co que delimitar o campo da escolla se queremos un achegamento breve, aínda que incompleto, que resulte ilustrativo. Para este fin consideramos que son as obras e os resultados das accións os parámetros que mellor definen unha misión, unha carreira ou unha vida. Excluíronse expresamente pensadores ou eruditos que, como Johann Jacob Bachofen (1815-1887), fixeron meritorias e útiles



Amos Eaton

aportacións encol do estatus da muller na historia. Esta ausencia non significa desprezo nin minoración da súa importancia, senón un recurso de economía para centrámonos nunha clasificación máis práctica que sen pretensión canónica fixemos entre *predicadores* e *activistas* na América anglosaxona.

### PREDICADORES

A palabra remite a un contexto relixioso e dous dos exemplos traídos aquí pertencen a el, pero o certo é que esta clasificación quere acoller a profesionais de orixes diferentes que compartiron un esforzo decidido en espallar e defender as ideas feministas. Publicistas notorios, comparten tamén unha clara vocación liberal e mesmo progresista, facéndose eco cumprido dos asuntos cruciais da época na que lles tocou vivir.


**Samuel Joseph May** naceu en Boston, Massachusetts, en 1797. Graduouse en Harvard en 1817 e catro anos máis tarde converteuse en pastor da igrexa Unitarista de Brooklin (NY). Foi un teimudo anti-escravista que predicou e escribiu arreo sobre a causa. Dotado dunha gran facilidade oratoria, encendía ás multitudes, non sempre no seu favor cando predicaba o seu ideario, causando con frecuencia tumultos e algún disturbio grave. Abrazou a causa feminista co mesmo fervor, escribindo un famoso sermón sobre os dereitos da muller en 1846 en Syracuse (Nova York). Foi o maior e máis temido defensor de Prudence Crandall, a mestra de Connecticut, despedida e perseguida por admitir na súa escola alumnas negras. Durante un tempo foi o director da Escola Normal de Rapazas de Lexington (Massachusetts). Os seus escritos anti-escravistas e profeministas están na súa obra pedagóxica, publicada en Boston e Nova York. Faleceu en 1871 no seu fogar de Syracuse. Foi un dos poucos homes abolicionistas que despois da guerra civil norteamericana seguiu ligando o recoñecemento do dereito ao voto para mulleres co mesmo dereito para os homes e mulleres negras.

Crego tamén, como Samuel J. May, foi **Henry Ward Beecher**, que naceu en 1813, sendo o oitavo dos doce fillos de Lyman Beecher, un pastor protestante con igrexa en Connecticut. Henry, máis liberal ca

el, estableceuse en Brookling (NY) en 1847, onde hoxe o celebran cunha fermosa estatua. Foi un excelente orador e proclamou con elocuencia, desde o seu púlpito de Plymouth Church, o dereito das mulleres a votar, máis tamén todas e cada unha das causas progresistas do seu tempo: o abolicionismo, a teoría darwinista da evolución e a abstinencia do alcohol. Tivo unha especial relación durante toda a súa vida coa súa irmá maior, Harriet, abolicionista coma el e autora da novela *A cabana do tío Tom*. Outra irmá, Isabella Beecher Hooker foi tamén una activa sufraxista.

Henry vivía nos altos de Brookling coa súa esposa Eunice, Bullard de solteira, coa que chegou a ter nove fillos. A súa fama e influencia eran grandes. Máis dunha vez achegárase a escoitalo o propio Abraham Lincoln e os escritores Walt Whitman e Mark Twain. Gozou do favor do pobo, que nunca perdeu, mesmo durante o amargo episodio que viviu en 1870, ao coñecerse a súa relación cunha amiga da súa esposa. Henry foi acusado de adulterio, de levar á práctica o ideario do amor libre, foi xulgado e absolto. Non se resentiu a súa fama e permaneceu na estimación pública ata o seu falecemento, en 1887.

Un caso diferente é o do seu contemporáneo Frederick Augustus Washinton Bailey, mellor coñecido como **Frederick Douglass**. Naceu



Fred Douglas

esclavo en terras de Maryland, nos arredores de Hilsboro, en 1818 e sufriu todas as desgrazas da súa raza: fillo de pai descoñecido, separado da súa nai canda neno e entregado á muller do seu amo. Falecido este, foi entregado á esposa doutro propietario que pronto o enviou á casa do seu cuñado en Baltimore. Aquí sorriulle a fortuna, pois a señora da casa, Sophia Auld, instruíuno nas primeiras letras, desobedecendo a lei. Cando cumpriu os vinte anos fuxiu nun barco, perdéndose unha tempada entre a multitude de Nova York. Continuou a súa formación e abrazou o movemento anti-escravista, desenvolvendo unha exitosa carreira como editor, presidente do Banco de Aforros dos Homes Libres (esclavos liberados logo da Guerra Civil), *marshal* do

distrito de Columbia e cónsul xeral na República de Haití. Chegou á causa feminista en 1883, a través da activista Ida B. Wells, recuperándose da depresión na que caera trala morte da súa esposa o ano anterior. Tiña daquela 65 anos pero lanzouse a predicar o ideario do movemento coa mesma paixón que puxera na loita anti-escravista. Un ano máis tarde casou con Hellen Pitts, militante feminista, branca e vinte anos máis nova ca el, en medio dun bo escándalo, comezando unha xeira de viaxes e conferencias por Europa. Faleceu en Washinton, onde vivía, en 1895.

**Amos Eaton** naceu en 1776, no condado de Columbia, estado de Nova York. Malia á súa vocación polas ciencias naturais, licenciouse en Dereito e comezou a traballar en 1802 como avogado e axente de terras. Precisamente por unha disputa neste eido viuse envolto nun xuízo por falsificación e sentenciado a unha severa pena de cárcere. Cumpriu case cinco anos de condena nun campo de traballo forzoso, onde comezou a estudar ciencias. Defendeu sempre a súa inocencia e conseguiu o perdón do Gobernador do estado, saíndo do cárcere para continuar os seus estudos. Foi profesor de Química e Xeoloxía, aplicando un sistema pedagóxico eminentemente práctico no ensino das ciencias. A súa ligazón co feminismo veu da súa amizade con Emma Willard, a pioneira da educación secundaria

para mulleres, supervisando a súa formación en ciencias naturais e animándoa a reforzar as disciplinas científicas no seu programa. Eaton faleceu en 1849, logo de enviuar cinco veces.

Para pechar esta pequena selección de publicistas e predicadores é necesario facer xustiza ao xuíz **E. P. Hurlbut** que desde a penumbra do seu despacho redactou, cara 1835, un dos textos máis contundentes a prol da igualdade de dereitos entre o home e a muller: *Ensaio sobre os Dereitos Humanos e as súas garantías políticas*. Fóra desta aportación, Hurlbut, que debeu ter un carácter serio e discreto, a vulgar polo pouco que se sabe del, defendeu a igualdade dos sexos tanto en público como en privado.

#### ACTIVISTAS

Baixo esta denominación recolleemos unha serie de personaxes que comparten cos anteriores un perfil liberal de marcada tendencia progresista, sendo, a maiores, homes de acción que puxeron en práctica algún proxecto a prol dos obxectivos do movemento feminista.

**William Lloyd Garrison** naceu en Newburyport, Massachusetts, en 1805, nunha familia de inmigrantes canadianos. De rapaz vendeu polas casas e repartiu madeira para axudar á economía familiar. Aos trece anos entrou de

aprendiz de caixista nun periódico local e dez anos máis tarde xa era editor do periódico en Bonston. Posteriormente fundaría o periódico *Liberator* (1831), a Sociedade Anti-escravista de Nova Inglaterra (1832) e pouco despois a Sociedade Nacional Americana Anti-escravista (1843). Casado e con sete fillos, era de tendencia radical que abrazou a causa feminista, pero dentro do programa abolicionista, o que resultaba consecuente pero que provocou serias disensións no movemento. Lloyd chegou a queimar en público exemplares da Constitución, por tela como deliberadamente escravista. Despois da Guerra Civil, abolida a escravitude, volcouse nos obxectivos do sufraxio feminino e os dereitos civís para os negros. Como pro-feminista, aparece de coeditor do *Woman's Journal* e na Asociación para o Sufraxio da Muller Americana, xunta as súas vellas camaradas Abby Kelly e Lucy Stone. Lloyd Garrison faleceu na cidade de Nova York en 1879, tres anos despois da morte da súa esposa Helen.

As noticias que se teñen da vida do xuíz **Thomas Hertell** son escasas. Sábese que naceu en 1771 e faleceu en 1849, polo tanto, foi un home lonxevo para aquela época. O movemento feminista norteamericano lémbrao como o político que conseguiu facer lei o dereito das mulleres casadas a controlar a súa herdanza e

patrimonio. Hertell fora elixido en 1836 para a Asemblea Lexislativa do Estado de Nova York. Era un libre pensador que participaba da idea de que as mulleres debían ser liberadas da dependencia económica dos seus maridos. Preparou un proxecto, *Dereitos de Propiedade da Muller Casada*, e presentouno á Asemblea Lexislativa.

Inmediatamente comezou a mobilización en apoio da iniciativa, organizada polas dirixentes feministas Ernestine Rose, Paulina Wright Davis e Elizabeth Cady Stanton. A Asemblea obstaculizou o que puido a conversión en Lei do proxecto, malia á impecable defensa que Hertell facía no estrado. Non obstante, cada vez máis representantes sumaban o seu voto á iniciativa, non para liberar á muller, argumentaban, senón para protexela, pero a proposta saíu, que é o que interesaba, convertida na *Lei de Propiedade da Muller Casada*, en 1848, un ano antes do falecemento de Thomas Hertell.

Sería inxusto non mencionar a colaboración do xuíz **John Savage**, Xefe de Xustiza do Tribunal Supremo, na chegada a bo fin do proxecto de Thomas Hertell. A súa participación asegurou a exquisita asepsia dos argumentos xurídicos. Savage nacera en 1779 na cidade de Nova York e faleceu alí en 1860. Foi avogado de fama, Fiscal de Distrito, membro da Asemblea do Estado de Nova York e do Congreso dos EE UU, polo partido Demócrata.

O Doutor **Samuel Gregory** naceu en Vermont, en 1813. Graduouse en Yale en 1840 e durante algún tempo impartiu clases e conferencias e escribiu sobre temas sanitarios e educativos. En 1848 fundou en Boston o Colexio Médico Feminino de Nova Inglaterra, a primeira institución de educación médica para mulleres. Sorteaba así, de xeito práctico, dous problemas que influían na saúde das mulleres. Un deles a baixa calidade sanitaria dos partos, en mans de parteiras con coñecementos anticuados, debido á escasez de médicos que aceptaban intervir neles. Outro, a resistencia a admitir ás mulleres nas escolas médicas.

Gregory tivo serios problemas para manter no cadro académico a



William Garrison

facultativos e subalternos homes, pero conseguiu saír adiante con excelentes estudantes e persoal auxiliar feminino. Contou entre o profesorado coa doutora María Elizabeth Zakrewska, emigrada de Polonia, que máis tarde fundaría en Boston o Hospital Materno Infantil de Nova Inglaterra, dirixido e atendido por mulleres. Samuel Gregory faleceu en Boston en 1872 e dous anos máis tarde a súa escola incorporouse á Facultade de Medicina da Universidade de Boston.

Por último, **Richard Hunt**, un industrial cuáquero da zona do canal de Cayuga-Seneca Falls, no Estado de Nova York. Hunt era un emprendedor e tiña convicións firmes e unha fábrica de tecidos de la. Escolleu a la como materia prima dos seus produtos en vez do algodón porque era un convencido anti-eslavista e non estaba disposto a facer concesións. A mesma determinación aplicaba ao seu feminismo e así o demostrou na organización da famosa Convención dos Dereitos da Muller de Seneca Falls, celebrada o 18 e 19 de xullo de 1849. A convención comezouse a xestar logo da aprobación da *Lei de Propiedade da Muller Casada* pola Asemblea Lexislativa apenas un ano antes e marcou o nacemento do movemento feminista nos EE UU.



## CARL DJERASSI, O CREADOR DA PÍLDORA

Neste número da Festa da Palabra dedicado a Os Feministas, ten un lugar destacadísimo Carl Djerassi, o científico que consegue a síntese dun anticonceptivo oral a base de esteroides. No S.XX, a ciencia ten o rol fundamental do humanismo, da mellora da vida e da conciencia. A ciencia foi unha aliada do feminismo. De pouco nos ía servir o afán de liberación, de non termos medios para conseguila. Xa podíamos enrouquecer gritando: "Dereito ao propio corpo", se seguíamos supeditadas a unhas relacións sexuais, aceptadas ou non, que nos impedían ese dereito e nos obrigaban a embarazos non desexados. Outros métodos, como o condón ou, incluso, o coito interrompido, necesitaban a colaboración masculina. A píldora era menos perigosa e traumática que o aborto, e permitía a autonomía feminina para decidir sobre as consecuencias do coito.

Carl Djerassi nace en Viena, no ano 1923, fillo único dunha xudía "arrogantemente" ashkenazi e un xudeu "agresivamente" sefardita, que exercen a profesión da medicina. Ashkenazis e sefarditas non se apreciaban mutuamente e os sefarditas eran, daquela, alcumados como "turcos". Os seus pais divórcianse e o pai, de familia búlgara, establecida alí había séculos, despois de escapar da Inquisición española, instálase

en Sofía. A persecución nazi obriga a nai e fillo a abandonar Viena, refuxiarse en Bulgaria e, despois de conseguir un visado, exiliarse en EEUU. Chegan a Nova York en decembro de 1939. Ingresan na Universidade, obtén bolsas de estudos e inicia unha carreira de investigación en química orgánica. A súa inquiredanza e ousadía lévano a conseguir traballo na industria química e compaxinar a súa carreira académica co mundo empresarial. Isto, ademais de reafirmar o seu pensamento realista vai apoiar a crenza na necesidade utilitaria das investigacións científicas.

En xeral, os científicos, por moi recluídos que estean nos claustros dos laboratorios, nunca poden refuxiarse na súa torre de marfil, como os poetas, ou no seu xardín peripapético, como os filósofos. Os seus descubrimentos están orientados a influír na vida e na saúde das persoas. É necesario probar a súa eficacia, regulalos e conseguir que sexan admitidos pola industria en función das posibilidades de aceptación e de venda. Os científicos non poden escapar da realidade e da sociedade que os rodea. De feito, Carl Djerassi, como comprobaremos, ten unha gran conciencia social e unha fonda preocupación polas capas máis pobres da poboación. Isto

compaxinao coa curiosidade, a ampla formación cultural e científica, a decisión para seguir os impulsos, a paixón polo coñecemento e pola vida. Afirmar que: "O científico ha ter sorte, emoción, curiosidade e ambición". A súa inquiredanza lévano a aceptar o posto dirixente nun laboratorio de Sintex na cidade de México. Os seus amigos consideraron unha loucura que abandonase o seu traballo nun dos laboratorios máis importantes dos EEUU por un laboratorio do Terceiro Mundo. Anos despois sentiríase orgulloso ao demostrar que se podían realizar investigacións importantes ao sur do Río Bravo. Como non esquecía a súa ambición académica, para aceptar o cargo puxo como condición que se haberían publicar todos os achados en revistas de ciencia, e así foi como durante 10 anos foi o laboratorio mexicano o que máis publicou e o que revolucionou a química e a industria de esteroides e hormonas en todo o mundo. A partir de materias primas vexetais realiza en primeiro lugar a síntese da cortisona, xunto a Rosenkranz, e Pataki, refuxiados húngaros, e Octavio Mancera e Jesús Romo, mexicanos. No ano 1951, despois de traballos incesantes, con quendas de noite, realizan a síntese do primeiro anticonceptivo oral. Nese importante achado colaboraron moitas mulleres.

Djerassi incide na importancia do traballo de mulleres mexicanas que, sendo maioría no laboratorio, xa estaban adestradas na elaboración da proxesterona, hormona sexual feminina, e testosterona, hormona sexual masculina. Carecían de estudos académicos e acabaron facendo alí as teses de doutoramento. Pero, insiste Djerassi, o que lles faltaba de preparación formal, posuíano de intelixencia e desexo de levar a bo fin as investigacións. Fai unha metáfora en relación co alpinismo: Os alpinistas eran todos homes, chamados á fachenda da conquista final, pero as sherpas que trasladaban os alimentos aos campamentos máis elevados e facilitaban a conquista, eran mulleres. Aínda que Djerassi non xeneraliza a metáfora, pódese aplicar a todos os campos ao longo da historia.

Nese laboratorio mexicano nace a píldora o 15 de outubro de 1951. Despois, na Fundación Worcester de Bioloxía emitiron o 1º informe. A seguir, virían os estudos clínicos en Harvard para demostrar a eficacia en seres humanas. Ata 1956 non se realizou o convenio con Parke Davis, a primeira compañía farmacéutica que obtén a licenza. A venda tivo dificultades e non se difunde ata 1961 no que medio millón de mulleres xa tomaban a píldora nos EEUU. En España e Italia, por

presións relixiosas, estivo pendente de aprobación varios anos.

Non só a relixión exerceu o freo á píldora. Algunhas feministas tamén a criticaron. Denunciaban que os primeiros experimentos nos anos 50 se fixeran con mulleres mexicanas e portorriqueñas pobres; que as pobres fosen os coellos de Indias para ensaiar os medicamentos. A esta acusación responde Djerassi. De entrada, os esteroides non se podían experimentar en animais, pero non é contrario á ética facelo en humanas se o traballo clínico se realiza con rigor e baixo supervisión, utilizando a voluntarias a quen se lles ofrece a oportunidade de controlar por si mesmas a súa fertilidade. "Onde encontrar matronas adiñeiradas que se ofrecen voluntarias para tal fin? Non as hai porque ter fillos non ten as mesmas consecuencias, nin para elas, nin para as súas criaturas. As mulleres pobres ansían desesperadamente evitar embarazos. O número de mortes pola píldora sería, en todo caso, moito menor que por partos. Engade Djerassi outro argumento: o propósito das exploracións químicas dos 50 foi determinar a eficacia, a dose axeitada, os efectos secundarios... Pero, os interrogantes sobre a seguridade a longo prazo, só se

poden estudar mediante enquisas epidemiolóxicas de grupos enormes que xorden cando o medicamento está no mercado. No caso da píldora, o nivel económico e educativo dos primeiros dous millóns de usuarias da píldora estaba por encima da media. Ou sexa que as que serviron de coellos de Indias, para a avaliación da seguridade a longo prazo, foron mulleres brancas, anglosaxonas e protestantes, e non as minorías depauperadas. A pesar de que as grandes feministas da época como Simone de Beauvoir, que publica *O Segundo Sexo* en 1949, ou Betti Friedan, autora de *A Mística Feminina*, relacionaban a anticoncepción co feminismo, e o control da natalidade coa liberación, houbo despois feministas que se opuxeron como Germaine Greer e as que consideraban que ese descubrimento feito polos homes era unha conspiración sexual que incidía na intimidade das mulleres. Non será Djerassi quen defenda os homes neste sentido, pois fai a proposta na Universidade da anticoncepción masculina, sendo moí criticado por iso. Opina que os homes deben soportar unha carga meirande na anticoncepción, xa que as mulleres aguantan todo o peso reprodutivo. Non embargantes, sendo realista, non o espera. Mesmo así, rexeita a postura das feministas "elitistas" que esquecen os problemas das

## M O N O G R Á F I C O

mulleres pobres para as que, os riscos cardiovasculares da píldora, de producírense, eran menores que as consecuencias dos embarazos non desexados. O seu rexeitamento dese feminismo elitista é semellante do que hoxe podemos facer da quimiofobia e do ecoloxismo elitista que leva a unha pequena parte da poboación a refugar os alimentos tratados porque pode adquirir legumes ou froita sen "química" ou polos e ovos de aldea. Antes, algúns comían polo no Nadal. Agora come polo a cotío todo a mundo, pero de granxa. Igualámonos tamén nos sabores. É máis importante que se alimente toda a poboación. As persoas que aínda morren de fame no Terceiro mundo non comprenderían ese ecoloxismo exquisito. Isto sen contar que é falso que a química orgánica sexa menos nociva que a sintética. Precisamos dun ecoloxismo a gran escala e que a OMS controle debidamente os alimentos, os medicamentos ou o aire que respiramos.

Os 50 foron anos de fe na ciencia e moita innovación técnica e industrial. Nas décadas posteriores foi, pola contra, o postmodernismo o que deixou a súa pegada nun sector do feminismo que valora a diferenza natural das mulleres e adopta criterios retrógrados. O perigo da SIDA motivou o uso do

condón como mellor método anticonceptivo. O debate da píldora hoxe perdeu interese, pero o naturalismo das mulleres continúa vixente na administración de estróxenos na menopausia. Cando, cos avances médicos e farmacolóxicos actuais, xa ninguén dubida en aportar ao seu organismo aquelas substancias das que carece ou non produce por si mesmo, existe aínda a idea de que as mulleres deben soportar "naturalmente" os achaques,

dores, deficiencias, motivados polo cese da produción hormonal dos ovarios, polos cambios no seu organismo reprodutor. Que as mulleres perdan masa ósea, teñan afogos, diminución da libido..., é natural, e pouco importa, mentres os homes poden usar viagra. O peor é que son as propias mulleres as que se apropian con fachenda desa "natureza" feminina e queren vivir dun xeito primitivo a súa menopausia sen decatarse que as



**M O N O G R Á F I C O**

antepasadas non a vivían porque acostumaban morrer antes, e que agora, grazas aos avances científicos que rexeitan, quédalles case outra vida desde a menopausia. Esta tendencia retrógrada non cesa e xa están xurdindo asociacións de mulleres para impulsar o parto tradicional na casa. En fin, a ciencia sempre tivo detractores e non só nos ambientes relixiosos, que, por suposto, é lóxico.

O imparable impulso investigador de Djerassi levouno a percorrer o mundo, a vivir en África, tratando de experimentar a píldora en monos, sobre todo no funcionamento endocrinolóxico dos chimpancés pigmeos. Noutra longa etapa interésase polos insectos, en relación coa píldora, para tratar de sintetizar un esteroide que se encontra no esqueleto dos artrópodos. E, para evitar a praga de pulgas ou cascudas consegue o seu control de natalidade. Noutra xeira pescuda a biosíntese dos esteroides das esponxas marinas dos mares tropicais. Aprende a mergullarse para explorar os arrecifes de Australia, Papúa Nova Guinea, Hawai, Caribe, Mediterráneo... Encontra unha esponxa que contén o ingrediente activo da píldora. Interesado pola espectrometría de masas, é reclamado para realizar un vehículo cun espectómetro resistente para

enviar a Marte e detectar moléculas indicativas de vida orgánica. Supuxo a base da enxeñería cognoscitiva auxiliada por computadora. Percorre todo o mundo difundindo os seus achados. É, segundo el, "deses científicos equivalentes aos navegantes de antano". Compaxina o traballo incesante de laboratorio co seu espírito aventureiro.

Outras ansias, ademais da científica, ilusionaron a súa vida. Como vienés, ten inclinación pola música e aprende a tocar o violonchelo. O interese pola pintura e escultura (Paúl Klee e Giacometti, entre os preferidos) lévao ao coleccionismo. Funda unha colonia de artistas en dependencias do seu propio rancho en colaboración coa Universidade de Stanford, onde exerce de profesor. No seu labor didáctico difunde o feminismo, condena o racismo e mantén sempre unha actitude política favorable ás capas máis desfavorecidas da sociedade e do Terceiro Mundo. No ano 1955, en pleno apoxeo da guerra fría, participa no manifesto xunto a Bernard Rossel, Einstein, e outros científicos preocupados polas armas de destrución masiva. Iníciase o movemento Pugwash no que vai seguir participando e difundindo o antibelicismo.

A pesar da repulsa que a toda persoa investigadora e progresista lle toca padecer, Djerassi recibiu tamén honores e consideracións polo seu traballo: o Doutoramento honorífico na Universidade de Columbia, recoñecendo o papel fundamental do seu descubrimento na emancipación das mulleres. Foi aplaudido polas alumnas pero foi aboucado cos puños en alto no Columbia College só para homes. No ano 1973 recibe na Casa Branca, de mans do presidente Nixon, o Premio Nacional de Ciencias por promover o control de natalidade nas humanas. No ano 1991, concédeselle o Premio Nacional de Tecnoloxía polos novos enfoques sobre o control dos insectos.

Creo que as feministas estamos en débeda con Carl Djerassi e debemos saldala. Nas cidades non debería faltar unha rúa que o lembrase ou bustos que o perpetuasen. Como pensa ser lonxevo como o pai, estamos a tempo de promover unha homenaxe global e recoñecerlle a súa contribución á liberación das mulleres do S.XX. De momento, a Festa da Palabra, que non comprende o silencio arredor desta figura, quere saudalo e incluílo entre Os Feministas por dereito propio.

## M O N O G R Á F I C O

## PIERRE BOURDIEU E O FEMINISMO: ANÁLISE DA *DOMINACIÓN MASCULINA*

O sociólogo, filósofo e antropólogo francés, Pierre Bourdieu (1930-2002), quen ten sona de ser un dos pensadores máis citados do mundo, analizou case todos os eidos da vida social. Os estudos de xénero non foron unha excepción. E se ben non se pode falar dunha conciencia feminista neste autor, o certo é que Bourdieu se achegou ao estudo da situación das mulleres na sociedade, pola súa curiosidade por todo aquilo que estivese relacionado coa violencia simbólica e a imposición desta de certas estruturas mentais coas que vulgar o mundo social. Ademais de varias contribucións na súa obra xeral, Bourdieu publicou un ensaio propiamente feminista. Bourdieu deu ao prelo en 1998, en París, *A dominación masculina* (Barcelona, Anagrama, 2000) co obxecto de espertar consciencias dominadas, facéndoas sabedoras da súa condición, único xeito para mudala.

Bourdieu pasa da ollada da sospeita á ollada da denuncia explícita coa tese que vén probar cientificamente na *Dominación Masculina*, un escrito breve. A tese deste libro podería resumirse segundo a súa expresión de Dominación Masculina que bautiza o volume, e que podería definirse sucintamente como: "*Unha construción social arbitraria do biolóxico e en especial do*

*corpo (masculino e feminino), dos seus costumes e das súas funcións, en particular de reprodución biolóxica, que proporciona un fundamento aparentemente natural á visión androcéntrica da división da actividade sexual, e da división sexual do traballo, e a partir de aí, de todo o cosmos*"<sup>1</sup>. O sociólogo francés estuda a desigualdade sexual como un tipo máis da dominación social.

Neste ensaio, Bourdieu repasa os mecanismos históricos responsables da deshistorización e da eternización relativas das estruturas da división, co obxectivo de mudalos. Estamos ante unha conciencia crítica, entendida ao xeito da Escola de Francoforte. Pierre Bourdieu escribe para pragmatizar a teoría, non con mera vontade epistémica. O fin deste ensaio é a obtención de ferramentas e azos para rachar coas institucións sociais ao xeito actual: arbitrario e dominante (para as mulleres e para os homes). As contribucións deste ensaio, e doutros breves escritos anteriores da mesma temática<sup>2</sup>, serviron ao feminismo de xeito indirecto, xa que non houbo un diálogo directo entre este autor e as estudosas do xénero.

Bourdieu pretende obxectivar cientificamente a dominación simbólica para rematar co seu poder, que axeonlla a mulleres e

outros membros da sociedade actual. A excepción que permite a resistencia reside na indeterminación parcial dalgúns obxectivos (permite interpretacións opostas).

O principio de perpetuación segundo Bourdieu non reside polo tanto na casa-familia senón na Escola ou no Estado. A solemnidade e o carácter extraordinario dos seus rituais confírenlle un lugar excepcional neste sistema de dominación, na súa construción e mantemento.

Na *Dominación Masculina*, o autor presenta o caso paradigmático dos bereberes de Cabília para saír do círculo no que nos introduce a nosa condición de suxeito-obxecto de indagación. Non obstante, xustifica que o que el como home escriba de mulleres pode entenderse de xeito revirado. Precisamente por non pertencer ao obxecto de análise. Esta afirmación traerá cola. Non poderíamos entender a contribución de Bourdieu aos estudos de xénero sen ter en conta o resto da súa obra. Reparámos fundamentalmente en catro elementos: as súas teses sobre a dominación social, a ética analista social, a identidade e a violencia simbólica. Cristina Palomar desenvolve esta tópic a no seu artigo "Pierre Bourdieu y los estudios de género: convergencias y divergencias"<sup>3</sup>.

<p>A dominación masculina apóiase nun sistema de oposicións que naturaliza as diferenzas biolóxicas que a súa vez tamén están construídas, cando menos, no xeito en como as coñecemos. A aporía está logo en que se basee o social no biolóxico para naturalizalo, cando o biolóxico está asimesmo contruído en base a esa arbitrariedade androcéntrica. O mito fundador ten grande importancia nesta acción.</p> <p>O sistema autorreprodúcese nas accións dos dominantes e o que é máis paradóxico no facer e non facer das dominadas (escollemos o feminino pois queremos denunciar o valor do masculino como xénero neutro, neste caso hai máis dominadas e impera o xénero). "<i>Os actos de coñecemento son actos de recoñecemento ou sumisión</i>", explica Bourdieu.</p> <p>Edúcase a cadaquén para ser un dominador ou dominado segundo naza home ou muller. Fálase de incorporación, xa que as diferenzas son incorporadas, o que nos dá unha idea da profundidade do problema. Non se trata de roles senón de algo moito máis íntimo.</p> <p>A muller defínese como negatividade, en comparación co home. Na socialización impóñenselle uns límites</p>	<p>corporais (o físico ten correlato co moral): maneira de moverse, de comportarse, de vestir (limita movementos) as ferramentas para esta dominación que exercen homes e institucións son a violencia simbólica (publicidade: a figura da azafata, cosmética, etc.) O autor xa fixera alusión á oposición masculino-feminino, e da conseguinte incorporación, no <i>Sentido Práctico</i><sup>4</sup>.</p> <p>Bourdieu fala da lóxica da maldición porque a muller non pode subvertir esta orde na medida en que reproduce esquemas de dominación, e no caso de utilizar armas son armas de dominada que a condenan a reforzar un estereotipo: histérica ou sedutora. A muller como bruxa, maléfica (imaxe tan estendida na Idade Media europea). E é que para reproducir a situación hai que aprender o código, e iso é precisamente o que acontece durante a socialización. O feito de ver como naturais estas relacións leva á depreciación que as mulleres fan de si propias. A inferioridade da muller é a asimetría fundamental do suxeito-obxecto, que mediante o matrimonio (dispositivo central) constitúe o fundamento de toda a orde social.</p> <p>A división sexual está inscrita na división das actividades produtivas, oficiais, públicas, de representación. As mulleres, logo,</p>	<p>están excluídas dos xogos serios, que se desenvolven nos lugares públicos. Quedamos fóra dos xogos de poder e de honra, condenadas ao papel de siareira mal informada.</p> <p>As mulleres vémonos reducidas á nosa feminidade, vista como incompatibilidade para estar nun espazo público. Négasenos a existencia, ou redúcesenos a obxecto (resaltando o corpo con cosmética e vestimentas mentres que o home o oculta para aparecer como social). "<i>A muller existe por e para a mirada dos demais (homes)</i>", explica o autor. Bourdieu enfatiza a crítica de que na esfera pública hai moitos postos difíciles de ocupar por mulleres, dado que están deseñados por e para eles.</p> <p>En tanto dominadores, os homes son tamén vítimas, na medida en que se impoñen a meta da virilidade, que deben confirmar en calquera circunstancia. A imaxe da muller como bruxa é a contrapartida desta dominación masculina. A muller que se reapropia da súa imaxe corporal é tachada de lesbiana ou <i>marimacho</i>, como a que obtén o poder e insultada como non feminina.</p> <p>Bourdieu apóiase nos textos literarios e ensaísticos de Virginia Woolf para presentar a figura paterna dura e que obvia as</p>
<b>M O N O G R Á F I C O</b>		

explicacións por innecesarias, coa figura da nai comprensiva, que serve de catarse para o home, a quen lle regula a vida emocional, segundo palabras do sociólogo francés.

Bourdieu presenta a socioloxía como a ferramenta para rematar coa dominación, na medida en que o obxectivo desta disciplina é axudar a entender e mudar a sociedade. O coñecemento que nos faría libres. Pero logo de entender que a transparencia social non é máis ca unha ilusión, na medida en que a violencia simbólica coa incorporación reproduce o sistema de forma inconsciente, Bourdieu avoga por desfacer o tópico da ilusión da transparencia, en palabras de Palomar<sup>5</sup>.

O autor recomenda unha análise das institucións fundamentais na produción e mantemento da dominación simbólica para facer unha historia das mulleres. Comezando pola familia, quen ten o papel principal na súa reprodución; seguindo pola Igrexa que mantén a idea da inferioridade natural da muller; pola Escola, que transmite os presupostos da representación patriarcal pero que, grazas ás súas contradicións, tamén vira un dos principios decisivos do cambio das relacións entre os sexos. E por último, o Estado que incrementa o patriarcado privado co público. As



mulleres están relacionadas co Estado social, como destinatarias das atencións e servizos.

O principal cambio, apunta Bourdieu, débese a "*o inmenso traballo crítico do movemento feminista*".

Co acceso das mulleres á educación secundaria e superior (aínda que as áreas científico técnicas lle están vetadas), esta entra no mercado laboral, adquire independencia económica (aínda que con menores salarios, postos temporais, xornadas partidas, etc) que dificultan o ascenso, de aí que as mulleres estean excluídas dos postos de poder. O afastamento da esfera privada non se produciu, segue sendo necesario combinar as dúas esferas. Aínda que os electrodomésticos axudan, e os anticonceptivos contribúen a liberar da reprodución. Os textos de Bourdieu comparten co movemento feminista ao lema do "*personal é político*" que fixo

famoso Kate Millett. O espírito dos anos setenta está presente na obra deste filósofo contemporáneo que cre necesaria a continuidade e coherencia entre as esferas pública e privada das persoas. Certeza que comparte co feminismo.

A muller en tanto ama de casa e nai reproduce a orde social, transmitella a un herdeiro e mantén o resplandor da familia e os contactos coas demais. Son vítimas e tamén os mellores instrumentos para a reprodución da dominación simbólica.

*A Dominación Masculina* remata con dous ensaios breves sobre dous temas relacionados coa relación entre sexos: o amor e a homosexualidade.

O amor é analizado por Bourdieu tamén ao rego da dominación, como excepción na concepción de amor puro, ou amor tolo; ou como lei da dominación masculina no senso de amor social.

Sobre o movemento gay presenta un escrito redactado noutra ocasión. A este colectivo négaselle a existencia pública visible, son discriminados en base a unha práctica sexual, da que é máis difícil xustificar a naturalidade pois nin sequera se ven as diferencias biolóxicas, como no caso home-muller. Sinala, Bourdieu a contradición á

que están condenados os homosexuais que loitan polo seu recoñecemento, xa que o fan dentro e con normas dunha estrutura patriarcal que os oprime.

*A Dominación Masculina* foi obxecto de críticas das intelectuais feministas, vítimas da arrogancia do autor, posta de manifesto nas conclusións deste ensaio. Bourdieu non é un estudioso da historia do feminismo, o que fixo que se crera descubridor de cuestións feministas con longa tradición de análise. Por outra banda non lle concede ningunha importancia ao feminismo nas súas contribucións ás ciencias sociais. Este e outros aspectos recibiron a crítica de intelectuais feministas, fundamentalmente francesas. A historiadora feminista Michelle Perrot<sup>6</sup> ou Didier Eribon<sup>7</sup> fixeron oír as súas críticas á fachenda de Bourdieu, non sen valorar por outra banda a proxección que este ensaio lle deu ás cuestións feministas no Collège de France, con repercusión nas obras de Georges Duby, Michel Foucault, Paul Veyne ou Fraçoise Heritier. Bourdieu foi criticado por descontextulizar, tamén nas conclusións, una cita de Jéssica Benjamin que o sociólogo francés lanzou contra as feministas<sup>8</sup>.

*A Dominación Masculina* non engadiu nada novo á investigación feminista, non entroques a

importancia deste ensaio descansa na aplicación do aparello conceptual de Bourdieu ao obxecto de estudo feminista, concretamente á dominación social baseada na diferenza sexual. Foi a primeira aplicación conceptual ampla, directa e sistemática - en verbas de Palomar- sobre o tema, e iso merece unha mención nun volume sobre o feminismo.

\*Doutoranda da Facultade de Filosofía da USC

#### NOTAS:

1. BOURDIEU, Pierre, *La dominación masculina*, Barcelona, Anagrama, 2000, pág. 37.
2. Cristina Palomar Vereá, do centro de Estudos de Xénero da Universidade de Guadalajara, analiza a traxectoria feminista de Bourdieu no ensaio breve titulado "*Pierre Bourdieu y los estudios de Género: convergencia y divergencias*". Neste traballo afirma que: "Ya en los años sesenta, se evidencia un incipiente interés sobre el tema de las relaciones entre los sexos y el ethos de la virilidad expresado en el "sentido de la honra" en los trabajos que realizó sobre la sociedad argelina y sobre Bearne, su provincia natal. A partir de este punto, publicó después un trabajo sobre las oposiciones masculino-femenino que actuaban de organizadores de la cosmogonía cabileña y sus prácticas rituales ("*Le sentiment de l'honneur dans la société kabyle*" y "*La maison kayble ou le monde renvers*" (1960), publicados en *Esquisse d'une théorie de la pratique précédée de trois études d'ethnologie kabyle*, Genève, Droz, 1972). Posteriormente, nos seus traballos sobre a educación, Bourdieu

introduciu a análise sobre as desigualdades escolares con base sexual, (*Les Héritiers. Les étudiants en la culture* (con Jean-Claude Passeron), París, Minuit, 1964; e *La Reproduction. Éléments d'une système d'enseignement* (con Jean-Claude Passeron), París, Minuit, 1970) e en 1990 publicou un artigo no que parecía reunir as pezas soltas que sobre o tema estivera a traballar". A dominación masculina viu a luz en París no 1998.

3. PALOMAR VEREA, Cristina, "Pierre Bourdieu y los estudios de género: convergencias y divergencias", pág. 1.

4. BOURDIEU, *El sentido práctico*, Madrid, Taurus, 1991

5. Véxase Palomar opus cit.

6. PERROT, Michele, "El feminismo critica: 'lamentamos su ignorancia'", *Revista de Estudios de Género. La Ventana*, núm. 8, Universidad de Guadalajara, diciembre de 1998, pp. 325-327.

7. ERIBON, Didier, "Por qué siguen mandando los hombres", *Revista de Estudios de Género. La Ventana*, núm. 8, Universidad de Guadalajara, diciembre de 1998, p. 322.

8. A cita rezaba: "esquivar el análisis de la sumisión, por temor de que al admitir la participación de las mujeres en la relación de dominación, la responsabilidad pase de los hombres a las mujeres, y la victoria moral de las mujeres, a los hombres". A autora referíase a unha tendencia do feminismo nunha frase máis longa, que Bourdieu saca de contexto e terxiversa, co gallo de defenderse das posibles críticas de feministas, quen segundo el cre teñen o monopolio do estudo do obxecto da feminidade.



## CATRO ENSAIOS SOBRE A MULLER, de Carlos Castilla del Pino

### RIGOR CIENTÍFICO E COMPROMISO COA REALIDADE

Carlos Castilla del Pino é un dos poucos homes que, na súa comprometida biografía profesional e intelectual, se ocupou do problema da alienación da muller, dende unha perspectiva científica e absolutamente rigorosa, nun libro breve pero de extraordinaria precisión analítica: os seus *Cuatro ensayos sobre la mujer*.

Aínda que a primeira edición data do ano 1971, o xermolo do libro xurdiu dun ciclo de conferencias sobre a problemática da muller organizado, en marzo de 1968, por Amparo Rubiales na Aula Magna da Facultade de Ciencias da Universidade de Sevilla. O ciclo clausurouno Castilla del Pino diante de máis de 850 persoas, cun traballo titulado *La alienación de la mujer*. A conferencia produciu tal conmoción entre os receptores que aos poucos días xa fora transcrita e repartida en universidades e fábricas ao prezo de cinco pesetas, chegando a circular edicións clandestinas en países como Costa Rica e Bolivia. Un editor propúxolle entón a Castilla editar un libro co texto, para o que o autor xulgou necesario mellorar o traballo incluíndo outros tres ensaios: *La "función" de la mujer; Problemas*

*de la relación hombre-mujer; La conciencia tardía e as patografías de dúas mulleres.*

Pareceunos oportuno rescatar da memoria algúns aspectos do contexto no que o ensaio foi presentado. Unha sociedade empapada do máis negro franquismo, que comezaba a sentir un pouco de aire coa chegada da televisión –censurada, como todo–, do turismo e do chamado “despegue” económico, pero que non chegaba a modificar a súa realidade social, política, cultural e intelectual, afogada nunha miseria difícil de imaxinar na actualidade.

É de todos coñecido o ostracismo no que, Carlos Castilla del Pino, viuse na obriga de desenvolver o seu traballo de investigación, sendo reiteradamente marxinado do acceso a unha cátedra da que era sobradamente merecedor polas brillantes oposicións que realizou para acceder ao cargo. A mediocre impunidade daqueles tribunais, ao servizo do nacional-catolicismo, impediu con teimosía o seu acceso, frustrando así a necesaria investigación que xeracións de psiquiatras deberon recibir dende o ámbito adecuado, a universidade, e a través da única voz cualificada que se alzou e rompeu coa vella psiquiatría. Pero Castilla non é persoa que se renda e dende o ano 1949, sen apenas medios,

centrou todas as súas enerxías en dirixir o Dispensario de Hixiene Mental e Toxicomanías de Córdoba, rebautizado por el como Dispensario de Neuroloxía, Psiquiatría e Hixiene Mental, dende onde formou a moitos psiquiatras, tanto españois como estranxeiros. Castilla rexeitou as ofertas que lle fixeron universidades europeas e americanas para realizar o seu traballo de investigación científica. A razón penso que se debe ao seu inquebrantable sentido do deber, ao seu compromiso absoluto coa ciencia pero tamén coa sociedade, coa realidade dun país que se negou a abandonar. Castilla del Pino utilizou a súa marxinação e soidade para concentrarse na creación da súa extensa e imprescindible obra: trinta libros de psiquiatría, cerca de trescentas monografías, dez libros de ensaio, máis de cen mil historias clínicas, dúas novelas e dous extraordinarios tomos da súa biografía. Cremos honestamente que, dende o Estado, a comunidade científica, e a sociedade en xeral, a débeda contraída con Carlos Castilla del Pino non está suficientemente recoñecida.

### SITUACIÓN XURÍDICA DA MULLER

Lembremos agora cal era a situación xurídica e social que


padecían as mulleres naqueles anos negros, nos que, dende o mesmo berce, as educaban na idea de que o seu destino "natural" era o matrimonio. A educación para elas consistía nun apaño chamado "cultura general" que non outorgaba titulación e tampouco daba opción a continuar outros estudos. Nos sesenta entra en escena o bacharelato para as nenas e o moi "feminino" secretariado. As que se empeñaban en facer unha carreira debían pasar dúas reválidas e unha selectividade denominada "prueba de madurez".

A maioría de idade para as mulleres, non o esquezamos, obtíñase aos vinte e cinco anos, cunha excepción que lles permitía acceder a ela aos vinte e un sen consentimento paterno por vía do matrimonio, sempre relixioso, fose este cun home ou con Deus. As mulleres non tiñan dereito a dispor dos seus bens, tratábase de herdanzas ou doutros ingresos, tamén necesitaban do consentimento paterno ou do esposo para realizaren calquera operación bancaria ou para a simple firma dun contrato laboral. Por non poder no podían nin facer testamento. Nin sequera podían acceder a ter un domicilio propio, véndose na obriga de vivir na residencia familiar.

A patria potestade era privilexio exclusivo do home e os

fillos non lles pertencían ás nais. O adulterio da muller estaba penado con seis anos de cárcere polo mesmo Código Penal que xustificaba o asasinato das mulleres adúlteras, xa que se entendía que o home podía sufrir una "lóxica" perda do control. Esta argucia legal proporcionaba aos asasinados atenuantes ou exención das penas. Ata o ano

1963 a situación era tan salvaxe que podían ser asasinadas impunemente co único castigo para o culpable dun desterro "digno". O delito de malos tratos brillaba pola súa ausencia. Se unha muller abandonaba o fogar, era considerada fuxitiva e de ser atopada era devolta ao seu "doce fogar". A separación legal deixaba ás mulleres sen dereito á



M O N O G R Á F I C O

custodia. Non existía o dereito ao divorcio xa que o matrimonio era indisoluble. O aborto castigábase cunha pena que dobraba á do infanticidio, seis anos de arresto maior para este e doce de cárcere para o aborto. Folga dicir que a venda de anticonceptivos estaba prohibida. E este paraíso alleado foi o marco no que *Cuatro ensayos sobre la mujer* rompeu moldes e iluminou cerebros.

#### A ALIENACIÓN DA MULLER

Naquela conferencia, que máis tarde se convertería nun libro, Carlos Castilla del Pino partiu do concepto de alienación marxista para falar da alienación da muller dentro dunha sociedade, á súa vez, alienada. Alienación específica, máis alá da coñecida explotación do home polo home. A persoa alienada é cousificada, convertida por alguén nun ser distinto ao que quixera ser. Esta imposición externa convértea en obxecto, pura cousa dedicada a producir para quen lle impón a alienación, é dicir, para o seu explotador. Ao aplicar Castilla este esquema á situación da muller, amósanola convertida en pura cousa para o home, quen a usa como obxecto para o seu servizo, e o que é máis grave, cousificada, sen conciencia da súa alienación e incapaz de enfrontar a propia liberación.

#### A INFERIORIDADE DA MULLER

Dende ámbitos académicos, argumentábase que a escasa contribución da muller ao progreso comparada á realizada polo home, debíase á súa condición "natural" de inferioridade, inferioridade que de xeito paragórico era enxalzada a través dunha mitificación da maternidade e do coidado da prole e o fogar. Castilla argumenta que esa condición "elevada" da súa calumniada inferioridade, non era máis ca unha argucia para perpetuala na estupidez, cousificada ao servizo do home. Así, mediante unha hipócrita e groseira gratificación, enxalzábase a súa superioridade "natural" xusto por aquilo polo que era considerada inferior. Outra cínica mitificación contra a que arremete Castilla é a de que na muller predomina a afectividade sobre a razón, basta argumentación que tiña por obxecto manter ás mulleres afastadas das carreiras consideradas *masculinas*, como a xudicatura ou outras.

#### A MULLER OBXECTO DO HOME

Observa Castilla que convertida en puro obxecto para uso do home, a muller, para liberarse desa realidade vese na obriga de malgastar a súa enerxía sorteando os obstáculos que se lle opoñen e non, como sería de


desexar, dedicándoa á realización de si mesma. Obstáculos, que en forma de ofertas, apártana de alcanzar o seu fin, despersonalizándoa. Así, as que claudicasen no seu intento, se pasado o tempo tomasen conciencia da súa vida perdida, fracasada, a depresión ou calquera outra alteración psicolóxica podería cebarse nelas. Castilla di que xa entón os psiquiatras constataban que determinados procesos psicopatolóxicos eran máis frecuentes nas mulleres que nos homes.

Esta explotación, continúa o autor, impedía á muller o desenvolverse como persoa, levándoa a se converter en mero obxecto erótico para o home, a fabricarse a si mesma como cousa erótica, o máis perfecta posible para ser usada, de mil maneiras, no ascenso social do home. Esta relación alienada home – muller, baseada en valores próximos á animalidade, é, en palabras do autor, unha forma prostituída do seu propio ser, prostituída polo home, o cal é, respecto dela, o explotador que a prostitúe. Castilla sinala que esta embrutecedora alienación permanece disfrazada baixo as múltiples formas respectables e institucionalizadas que a sociedade manexa.

A alienación ligada ao sexo adquire matices particulares

segundo a clase social á que se pertenza, así, para as mulleres das clases sociais máis baixas, o único xeito de elevar o seu *status* é a alienación sexual, por iso, Castilla denuncia que o feito de que as prostitutas procedan dos estratos económicos máis baixos, non significa, como o moralismo burgués pretendía, que se debese á súa escasa formación moral, senón que era mera consecuencia da situación social e económica na que estas mulleres se atopaban. Estes datos coinciden cos actuais no sentido de que hoxe en día máis dun oitenta por cento das prostitutas proceden de países non desenvolvidos, e sofren a explotación do cliente e do proxeneta, que as importa do seu país con promesas de prosperidade, mentres a nosa sociedade, cinicamente, pecha os ollos falando de legalización e non do que está latente baixo esta forma brutal de alienación.

Aínda que somos conscientes de que a gran revolución do século XX foi a das mulleres, do cal nos sentimos satisfeitas, non podemos deixar de observar que algúns dos temas analizados nos *Cuatro ensayos sobre la mujer* son materia aínda pendente, como a importancia que dá Castilla á incorporación paritaria da muller ao traballo e ao problema da dobre xornada, aportando no seu ensaio datos arrepiantes



sobre a cantidade de horas extras que, xa naqueles anos, realizaban as mulleres de países democráticos e desenvolvidos como Francia ou Suíza.

Non podemos abordar dende aquí toda a riqueza contida no libro de Carlos Castilla, pero si queremos, antes de rematar, compartir outra idea fundamental do seu libro, cando destaca a necesidade da educación, do acceso das mulleres á ensinanza superior, para chegar a facer do traballo un acto creador, personalizado, e nese acto creador ser capaz de proxectar a propia personalidade, xa que, como el expresa, "o traballo non alienado é sempre realización persoal".

*Cuatro ensayos sobre la mujer* non avellentou co paso do tempo como tampouco o fixo a mirada atenta, sempre lúcida e rigorosa de Carlos Castilla del Pino quen tanto traballo e coñecemento segue a pór ao noso alcance. Nosoutras, as mulleres deste século que comeza, agradecemoslle o traballo realizado e invitámolo a que co seu pensamento científico continúe aportando luz para a consecución dunha sociedade paritaria.

#### BIBLIOGRAFÍA

Caballé, Anna. *Carlos Castilla del Pino, cinco conversaciones sobre la psiquiatría, la literatura, la felicidad, la memoria, los libros...* Barcelona. Ed. Península, 2005.

Castilla del Pino, Carlos. *Cuatro ensayos sobre la mujer*. Madrid. Alianza Editorial, 1974.

Castilla del Pino, Carlos. *Pretérito imperfecto*. Barcelona. Tusquets Editores, 1997.

Castilla del Pino, Carlos. *Casa del Olivo*. Barcelona. Tusquets Editores, 2004.

Valcárcel, Amelia. *Rebeldes. Hacia la paridad*. Barcelona. Plaza & Janés, 2000.

#### NOTA

1. No orixinal *varón* (Nota da correctora lingüística)

## OS VARÓNS ANTE O PROBLEMA DA IGUALDADE COAS MULLERES\*

### O MOVIMENTO MEDIÁTICO DE "A RETÓRICA DOS NOVOS VARÓNS"

Hai xa bastantes anos xurdiu nos países desenvolvidos unha serie de discursos sociais (académicos e populares) que de xeito rápido moitos varóns están a converter en propios. Estes discursos interpretan os lentos e pequenos cambios masculinos como proba do "Gran Cambio", dando por garantido que o varón igualitario e tamén a "familia simétrica" han ser unha realidade maioritaria. Formando parte dunha "retórica optimista" (McMahon, 1999) unha importante función destes discursos ten sido a construción e difusión dunha tipoloxía de "novos" varóns que derivaron na construción de modelos/mitos que indican/prescriben o camiño masculino cara o cambio. O *Novo Varón Sensible* é un deles: presentado como progresista, lexitima o lado "feminino" dos varóns (entendido como emocional e receptivo). Outro modelo é o do *Novo Pai*, que encarna o máis optimista que se enuncia nos discursos modernos sobre o cambio masculino. Este modelo presenta a un varón que pode ligarse emocionalmente aos seus fill@s e adicarse a el@s. Un terceiro modelo é o do *Varón Familiar*, que revaloriza o fogar, desencantado da vida laboral

produtora de tensións deshumanizantes.

Máis alá de que estes modelos de forma aproximada reflectan as súas prácticas en determinados varóns ou grupos selectivos de varóns a retórica optimista xurdiu non tanto pola proliferación destes "novos" varóns, senón por unha serie de operacións mediáticas sobre o imaxinario social, baseadas máis na autoglorificación masculina, os desexos femininos, as estratexias de "modernización" do patriarcado ou as necesidades do mercado, que polo desexo dos varóns pola igualdade ou os datos da realidade.

Varóns pertencentes ao movemento profeminista (McMahon 2000; Bonino, 2000) intentaron desvelar o oculto nos modelos de novo varón que o movemento mediático constrúe, xa que propón ideais que non deixan de conservar as súas prerrogativas que quedan encubertas polos seus cambios, e que anque parecen ser modelos de homes igualitarios, en realidade son exemplo de "vernices de igualdade" (Emakunde, 2001), que invisibilizan a perpetuación de desigualdades.

Así no modelo do varón sensible pódese descubrir que na súa aceptación do "feminino" non

está implicado realmente que estea máis cerca da igualdade coas mulleres. É certo que este modelo permite ao home ir nunha dirección que pode ser catalogada por algúns como "feminina", pero que pouco ten que ver coa igualdade, e sí cunha nova xerarquización entre masculinidades. En realidade, o varón sensible afástase do vello varón "duro" actualmente devaluado e ascende de estatus converténdose no novo varón posmoderno –e consumidor–, afecto á moda, a cosmética, a decoración (actividades chamadas "femininas") e á diversidade. Atopámonos neste caso cun modelo especialmente narcisista, centrado sobre todo na aparencia, e non na preocupación igualitaria.

En canto ao modelo de *novo pai*, implica unha rexerarquización do papel paterno no que se formula un desprazamento discursivo polo cal se dá por sentado que se se ama @s fill@s, hai dedicación a el@s e corresponsabilización na súa crianza; que o afecto acada como proba de habilidade no coidado, e que desta se deriva a dedicación. En realidade, en moitos casos os novos pais ocúpanse de aspectos específicos da crianza; moito máis o estar "con" que o estar "pol@s" fill@s, participando especialmente nas actividades pracentesiras ou moi específicas,

<p>algunhas das que se sobredimensionan e se executan como rituais nos que se concentra "o emocional" (especialmente asistir ao parto, mudar cueiros, dar o baño vespertino, dar o biberón, xogar e acompañar a durmir) (Hood, 1993). En cambio, a rutina da crianza segue a estar en mans femininas, sobrecargando ás mulleres e perpetuando a desigualdade tradicional na que a muller segue encargada do doméstico. Ademais, non é infrecuente que esta xerarquización paterna vaia da man da recuperación do antigo poder de se sentir "experto" educativo e se sentir co dereito de detectar e criticar severamente as "equivocacións" maternas.</p> <p>En último lugar, o modelo do <i>varón familiar</i> representa habitualmente unha versión moderna do "repouso do guerreiro", que non espera moito da súa parella, entrégase máis aos seus leceres caseiros que a aumentar a súa responsabilidade no traballo doméstico, e por tanto perpetúa o desigualitario doméstico.</p> <p>Finalmente, existe outro grupo de varóns que se ben non constitúen movemento, defínense polo seu ámbito de actuación: son os que ocupan postos xerárquicos nas institucións sociais. Moitos deles están reaccionando publicamente de modo favorable</p>	<p>ante os cambios das mulleres, pero non o fan definíndose como homes senón como cidadáns. Son membros das administracións públicas, de partidos progresistas e dos poderes do Estado, de ONG's, etc, que ao votar leis e orzamentos, ser portavoces nas institucións públicas ou impulsar programas de acción, teñen un importante papel nos cambios legislativos e sociais que favorecen a igualdade. Neles, o seu traballo a favor da igualdade resulta non poucas veces dunha complexa síntese entre a súa sensibilidade ás problemáticas das mulleres e o seu accionar "politicamente correcto" fronte ás súas presións, e algunhas veces a dicotomía entre as súas accións públicas e privadas é chamativa. Estes homes públicos, así como os poucos –en Europa– que se opoñen publicamente ás políticas de igualdade foron moi pouco estudados.</p> <p><b>OS VARÓNS EN MOVEMENTO CARA A IGUALDADE</b></p> <p>A información precedente bríndanos un cadro bastante abrangativo acerca do que sucede cos varóns norteamericanos e europeos de principio de milenio –activistas ou non da masculinidade– ante o cambio das mulleres. Deste panorama, que dá lugar a múltiples puntualizacións,</p>	<p>pódense destacar neste artigo dous feitos significativos:</p> <p>O primeiro é que vemos que os varóns aos que nos referimos se está a agrupar –individual e socialmente– nalgunhas poucas posicións en relación ao cambio das mulleres:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– A posición a favor do cambio, cunha proposta de trato igualitario, que supón entender que tamén os varóns deben realizar cambios.</li> <li>– A posición a favor do cambio, pero con aceptación utilitarista ou delegando nas mulleres toda iniciativa e invertindo os papeis tradicionais.</li> <li>– A posición ambivalente e predominio favorable, ou de indiferencia ante o cambio, mentres ditos cambios femeninos non cuestionen dereitos masculinos ou papeis adquiridos, nin lles cren a eles demasiadas contradicións. Poden apoiar os cambios a nivel público pero sen se implicar demasiado no interpersonal cotián.</li> <li>– A posición en contra ou ambivalente e predominio en contra de ditos cambios, posto que atentan contra "a natural" relación entre mulleres e varóns a súa "natural" distribución nos espazos público e privado.</li> </ul> <p>Estas mesmas posicións permiten aprezar tamén as</p>
<p><b>M O N O G R Á F I C O</b></p>		

relacións dos varóns co feminismo (especialmente o da igualdade) Así, existen varóns e grupos de varóns profeministas, aceptadores ou diferentes "con reservas" do feminismo, e antifeministas. O feminismo da diferenza habitualmente non produciu reaccións nos varóns en tanto non os cuestiona directamente (Poter, 1992).

O segundo feito significativo é que, desde unha perspectiva relacional, vemos que cada varón –ou grupo de varóns– realiza, ante as mulleres que loitan pola igualdade, accións específicas, diferenciadas e coherentes coa súa adscripción a unha determinada posición das anteditas. Estas accións son movementos vitais de resposta que se producen en varias direccións dentro dos eixos achegamento/alonxamento, recoñecemento/rexeitamento e dominación/subordinación.

Segundo a posición asumida estes movementos son:

– achegamento, recoñecemento e alianza con intercambio cooperativo, desde unha óptica igualitaria de busca de benestar compartido;

– achegamento, recoñecemento e alianza parciais, con intercambio utilitario ou desconfiado fronte ao "poder" feminino;

– Achegamento e recoñecemento con pasivización masculina;

– Alonxamento con separatismo, perplexidade inmovilizante, illamento ou refuxio no mundo masculino e na busca do benestar individual;

– Rexeitamento, tentativa de subordinación e confrontación.

Cabe sinalar que cada varón non necesariamente permanece sempre na mesma posición nin realiza os mesmos movementos, senón que circula dinamicamente por eles, variando a súa pertenza



**M O N O G R Á F I C O**

e comportamentos segundo a súa idade, as súas situacións socioeconómicas, culturais e persoais, e o seu grao de conciencia da xustiza entre xéneros. Cabe agregar que segundo mostra a experiencia clínica con varóns, ditas posicións e movementos están tamén contraditoriamente loitando dentro de cada un deles (Sher, 1987).

Se observamos os dous feitos descritos previamente valorándoos desde unha ética da xustiza e o respecto de xénero, vemos que soamente a primeira posición –a favor do cambio–, e o seu movemento correspondente –achegamento desde a óptica do benestar compartido– son favorables, en tanto se sosteñen no paradigma da igualdade. Trátase dunha posición innovadora e un movemento de cambio progresista e desexable sostidos pola esperanza de que a relación entre suxeitos iguais e relacionados en paz, substitúa aos vínculos varón suxeito/muller obxecto, propios da cultura patriarcal. As outras respostas, en cambio, sustentáanse nas crenzas tradicionais sobre as desigualdades no vínculo entre os xéneros, e por tanto son posicións conservadoras e movementos de reforzo do statu quo xenérico ou de cambio retrógrado, que desde a óptica proposta son rexeitables e non desexables. Agora ben,



segundo puidemos apreciar polos datos anteriores, estas últimas respostas aínda son maioritarias entre os varóns, e o número deles que individual ou socialmente e en tanto tales, se moven cara a igualdade é pequeno. E non é infrecuente que algún destes últimos non fagan a iniciativa propia o seu movemento de cambio igualitario, senón que o fagan como reacción, non ao cambio, senón á presión feminina.

#### O CAMBIO MASCULINO CARA Á IGUALDADE

#### OBSTÁCULOS E RESISTENCIAS SUBXECTIVAS MASCULINAS ÁS REACCIÓNS IGUALITARISTAS

Dado que a innovación e o cambio progresista son minoritarios entre os varóns, ¿Por qué tantos homes permanecen nunha posición conservadora?,

¿por qué non cambian dun xeito progresista?, ¿por que a maioría son tan pouco receptivos aos argumentos igualitarios?, ¿por que toman tan poucas iniciativas?, ¿por que, pese a que incluso moitos deles proclaman verbalmente o valor da igualdade, son tan poucos os que desexan, ou se animan a adoptar realmente posicións innovadoras e a emprender unha marcha comprometida cara a igualdade coas mulleres?, ¿por qué poucos están dispostos honestamente a compartir –como reclaman as mulleres–, o traballo e o poder e especialmente o doméstico?, e ¿por que se resisten a fomentar o acordo dun novo contrato social, de novos pactos que recoñezan ás mulleres como cidadás –suxeitas de dereito, tal cal elas o propoñen (Simón Rodríguez, 1999), ¿por que, finalmente, nos temas da igualdade coas mulleres os varóns se caracterizan por ser unha “silenciosa” maioría?. Todas estas preguntas poden conducir a unha que as sintetiza; ¿por que os varóns non reaccionan ante o cambio das mulleres cunha resposta igualitaria e por que permanecen no non – cambio?.

Diversos campos do saber procuran responder a estas cuestións e son a socioloxía, a antropoloxía e a historia os que máis se levan ocupado disto e fixérono centrándose no estudo



da produción –na nosa cultura de dominación masculina–, das representacións e identidades hexemónicas de xénero e da súa reprodución, perpetuación e transformación social, así como do proceso de creación de novas masculinidades sociais e a visibilización doutras non hexemónicas (Connell, 1995). Non se descoidou neste proceso de coñecemento visualizar o obstáculo estrutural que supón a actual orde social capitalista para os cambios do modelo masculino, dado os seus sistemas compartidos de valores.

En cambio, o punto de vista subxectivo e do comportamento foi pouco considerado nas hipóteses explicativas da resistencia masculina ao cambio e isto debería modificarse. E facelo supón poñer atención á experiencia dos varóns coa súa particular subxectividade e os comportamentos particulares que derivados dela se promoven, investigar a percepción do que se pon en xogo subxectivamente na relación con outr@s, analizar os seus desexos e temores, as súas motivacións e as súas resistencias en canto ao que supón a igualdade, e describir as súas similitudes e diferenzas.

Neste sentido, as recentes articulacións interdisciplinarias da psicanálise, os estudos das relacións de xénero e o

feminismo, son un aporte importante (Benjamín, 1996; Dio Bleichmar 1999; Bonino 2000; Burin, 2000). Desde estas articulacións estanse actualmente a investigar especialmente a construción e reprodución da subxectividade masculina, a centralidade intrapsíquica no varón do ideal de “cómo se debe ser”, e a eficacia das estratexias interpersoais de reprodución e mantemento do statu quo xenérico, aspectos que poden agregar algunhas claves ás preguntas ás que aludimos.

Con relación á **subxectividade masculina** –que chamo organizada a “modo dominante”–, pensar aos varóns desde a óptica de xénero supón entender en primeiro lugar que o lugar social do varón está sustentado nos milenarios e patriarcais mitos complementarios da superioridade masculina e a dispoñibilidade feminina, así como nos da autosuficiencia, a belicosidade heroica, a diferenciación das mulleres e o respecto á xerarquía. Estes mitos, que funcionan como ideais e mandatos sociais de “verdadeira” e “adeuada” masculinidade, –a chamada “masculinidade hexemónica”–, adxudican (e imponen) aos varóns, polo feito de selo:

– autoridade sobre as mulleres e dereito de dispoñibilidade,

– maiores dereitos que a elas a impoñer as súas razóns, á liberdade, ao uso do espazo–tempo e a ser suxeito de coidados.

Ditos mitos definen tamén á muller e colócanas en dous lugares; idealizada (nai) ou denigrada (puta), pero suxeito en menos, e tamén definen o modelo “adechado” de relación muller-varón: complementario (a muller do varón), co varón como centro e modelo, a muller como periférica, dicotómico nas funcións (varón no público) e desigualitario nos dereitos (favorables ao varón).

Pero estes mitos non son só sociais –externos ao varón–, senón que son modelos de ser e facer que as figuras de socialización transmiten interxeracionalmente, converténdose en crenzas matrizes organizadoras da subxectividade masculina, e logo, internalizadas como ideais intrasubxectivos que funcionan como mandatos prescritivos e proscritivos que van guiando a construción de dita subxectividade. A maioría dos varóns, socializados por figuras parenterais que á súa vez teñan estes ideais internalizados do que debe ser un varón, constrúen, nunha singular metabolización da súa identificación a eles, a súa propia identidade na que se

autorecoñecen como axeitados e valiosos ante si e ante outr@s se cumpren os mandatos. A pesar das diferenzas entre varón e varón, a forza conformadora destes ideais é tal que produce que existan similitudes importantes entre eles xa que levan a pensar que hai unha soa forma valorable de existir como home e a ela hai que axeitarse para selo. Poucos varóns poden actualmente resistirse a esta forza, e iso produce que a maioría constrúan e asuman trazos comúns de identidade, comúns hábitos e normas de pensamento, sentimento e comportamento, comúns trazos de carácter e comúns valores nos que descansa a súa autoestima, maior similitude a maior adhesión aos ideais.

E aquí está un primeiro factor que contribúe a obstaculizar a reacción igualitaria na maioría dos varóns. Un dos valores nos que se afirma a autoestima masculina nos varóns sometidos á masculinidade hexemónica –a maioría, aínda hoxe–, é a de se sentir superior ou con máis autoridade que as mulleres. Ao lexitimar a dominación masculina, dita masculinidade internalizada durante a socialización, failles crer a eses varóns que “ser e sentirse axeitadamente home” é ter dereito a, entre outros, exercer poder e control sobre as mulleres. Se exerce ese poder/autoridade, o

varón cumpre co que se cre como ideal de si, e iso permítelle sentir validado o propio narcisismo (imaxe de si), e así sentirse valioso e recoñecido ante si mesmo e ante os demais, sendo por tanto validada a identidade “masculina” sustentada nese narcisismo, e por tanto a autoestima mantense alta. Se iso se ve impedido (e a igualdade é neste aspecto un impedimento), provócase unha ferida narcisista que non sempre pode soportarse, sobre todo se non hai soportes alternativos. Unha característica particular dos ideais –externos e internalizados– da masculinidade hexemónica é a que teñen un alto grao de rixidez, absolutización e tiranía, e se rexen pola lóxica do todo/nada (varón/muller, ideal/antiideal, varón/covarde, marica, débil, etc.) non permitindo os matices. Por esta razón, calquera “desobediencia” vívese non como diversidade senón como alta traizón e leva a sentirse ao varón situado no anti-ideal, que como tal sempre é evitado. Iso produce unha gran dificultade para a transgresión xa que calquera desviación supón unha masiva censura interna e externa que poucos varóns toleran. Así, aínda que non todos os varóns están igualmente marcados e sometidos a esta masculinidade internalizada, existen outros ideais non hexemónicos de masculinidade e os mitos que sustentan o modelo

de subxectividade masculina tradicional comezan a se quebrar, como dicíamos antes, este ten aínda unha poderosa forza normativa. Por suposto, a subxectividade particularizada de cada varón xurdirá das articulacións e xerarquizacións, sempre complexas e contraditorias, das diferentes crenzas de dito imaxinario cos seus mandatos imperativos durante o proceso de construción do psiquisimo masculino. E farao non a través dunha identificación pasiva, senón por unha metabolización/apropiación/trans-formación/denegación de ditas crenzas e mandatos. Pero a forza da masculinidade hexemónica é tal que desde os seus mandatos e a través das mediacións parenterais, segue aínda a xerar globalmente unha organización específica predominante de todas as subxectividades masculinas e os seus contidos, na que queda favorecida a percepción da muller como alguén inferior ou menos importante –menos suxeito–, e promovida a evitación do cambio cara a igualdade porque iso supón un atentado aos propios ideais que sosteñen a identidade como asentada na diferenza e a superioridade sobre elas.

Un segundo factor obstaculizador do cambio e relacionado co anterior é a percepción na subxectividade

## M O N O G R Á F I C O

masculina da igualdade como ameaza á identidade ou a hábitos arraigados, coma un inasimilable subxectivo, ou a modo masculino.

Por un lado a igualdade real coas mulleres en todos os ámbitos é unha nova proposta que rompe coa milenaria diferenciación dos mundos "feminino" (devaluado e subordinado) "masculino" (sobrevalorado e dominante), e como nesta diferenciación aséntase moito da autodefinición de si do propio varón como tal (ser varón é ser máis e diferente á muller), a igualdade vívese como risco de confusión indiscriminada, feminización ou devaluación da propia definición de si e por tanto ameazante á identidade.

A ameaza pode derivar tamén dun aspecto esencial do ideal de superioridade sobre as mulleres que a maioría dos varóns posúe: este é difícil de soste xa que non depende só do que o varón faga senón sobre todo da aceptación de inferiorización das mulleres, e isto xera un estado de constante control cara elas para que ocupen esta posición e sigan sostendo por tanto a autoimaxe de si como superior. Se as mulleres non a aceptan, e comezan a se sentiren con dereito a ter dereito (entitlement) o varón non só sentirá que perde o seu dominio sobre a muller, senón que moitas veces o vivirá como, un momento

de risco ou un atentado á súa identidade no que a súa autoestima pode quedar danada xa que non pode seguir sendo dominantes, que é "o que se debe".

Tamén a ameaza o é a hábitos de comportamento e de motivación arraigados na práctica masculina: os ideais de masculinidade teñen como elemento común a promoción do dominio (sobre os outr@s e sobre si mesmo) e da motivación da xerarquización do propio lugar nos vínculos, o que favorece a promoción dun comportamento cotián baseado na motivación e o desexo de controlar e dominar nas relacións. O exercicio da

igualdade –coa súa promoción da non xerarquía– pon en xaque a estes hábitos e desexos e deixa aos varóns expostos a unha inhabilidade e a un bloqueo de desexos que se vive como malestar ás veces intolerable.

Por outra parte, a igualdade é un recente ideal social, que aínda non desprazou ao da desigualdade entre os compoñentes valorados que dan forma á masculinidade hexemónica, polo que non resulta asimilable (en tanto non valorado) e por iso aínda non foi internalizado na mente masculina –e por tanto posto na práctica–. Se esta internalización non se produce, os varóns poderán cambiar algúns comportamentos,



<p>pero non a matriz organizacional –o ideal tradicional internalizado– que seguirá impulsando a desigualdade.</p> <p>E aínda máis: para algúns varóns a igualdade é un impensable que ao ser demandada se vive como algo desconcertante e polo tanto tampouco asimilable.</p> <p>Tampouco existe na mente masculina modelada por esa masculinidade a concepción da igualdade como relación cooperativa, senón só como relación modelada ao estilo igualitario masculino hexemónico: como confrontativa, inestable, e onde as posicións amo-escravo son as únicas existentes. Por iso os varóns tenden a sentir que coas mulleres hai só dous lugares: dominante ou subordinado e por iso eles están proclives a vivir calquera avance da muller como intento de dominación feminina e posibilidade de derrota masculina (Benjamín, 1996; Bonino, 1998).</p> <p>Tamén supoñen un obstáculo para o cambio dos varóns cara a igualdade algunhas características derivadas do mandato de autosuficiencia da masculinidade tradicional: a cegueira e xordeira ante os propios sentimentos, a inhabilidade para o diálogo e o déficit de empatía. Pola primeira, moitos dos sentimentos, contraditorios ante a igualdade, en</p>	<p>lugar de se metabolizar, actúanse a través da rixidización comportamental do quefacer masculino desigualitario, a segunda xera a produción de respostas impositivas ante os requirimentos femininos, e a terceira impide percibir á muller como outro suxeito (como el) o que facilita a súa inferiorización e non aceptación da validez das súas demandas.</p> <p>Un cuarto factor que obstaculiza os movementos dos varóns cara a igualdade é o desaxuste e a tensión subxectivos provocado polo conflito entre as esixencias das prescricións xenéricas (que evolucionan lentamente), os obstáculos sociais para cumprilas (caso do rol de provedor) e as novas esixencias de rol que socialmente se esixen aos varóns. Este desaxuste tende a compensarse nos varóns responsabilizando soamente aos cambios da muller pola súa produción, reaccionando cun atrincheiramento nas posicións tradicionais coñecidas, perpetuando a desigualdade. Isto pode facer saír provisionalmente da impotencia vital que provoca frecuentemente o desaxuste.</p> <p>Outro factor relacionado coa conformación da subxectividade masculina que xoga cara o non cambio dos varóns deriva do lugar de grupo dominante (sobre as mulleres) no que o imaxinario</p>	<p>social coloca aos varóns (e eles asumen): como todos os integrantes dos grupos dominantes ante os grupos dominados, en relación ás mulleres eles ven “naturais” os seus maiores usufrutos de dereitos e prerrogativas, séntense agobiados pola chamada “responsabilidade” masculina que non é senón o desempeño derivado dos privilexios, minusvaloran o sufrimento producido nas mulleres, aprovéitanse das súas capacidades e asignacións sociais (neste caso o coidado das persoas e o doméstico que os varóns non senten como propios), e desresponsabilízanse da desigualdade, atribuíndo dita responsabilidade ás propias mulleres (Saez Buenaventura, 1990; Kimmel, 1998). Disto derivase o non percibir a necesidade de cambio e pensar que a desigualdade é problema das mulleres que son as que deben resolver as dificultades que esta lles crea.</p> <p>Finalmente algúns outros factores ligados á subxectividade agréganse para facer difícil o impulso cara o movemento de cambio innovador dos varóns: os temores e desconfianzas fronte ao novo que son emocións universais fronte ao cambio, a falta de modelos de masculinidade non tradicional que</p>
<b>M O N O G R Á F I C O</b>		



favorezan a desidentificación cos vellos ideais e as identificacións alternativas, e o illamento silencioso dos homes aliados ás mulleres, que moitas veces se avergoñan de mostrárense en público, xa que a censura ao transgresor do modelo tradicional é moi efectiva cos varóns para os que o xuízo dos seus pares é fundamental.

O resultado da interrelación de todos estes factores é que se produce nos varóns unha posición existencial masculina predominante na que a desigualdade queda feita hábito e incorporada á subxectividade e á corporeidade como modo de se relacionar coas mulleres. Nesta posición, non sorprende que o desexado sexa manterse na

superioridade, e que o temido e evitado sexa a suposta indiferenciación coas mulleres o ser equivalente a elas, e que por iso *a motivación para o cambio cara a igualdade nos homes sexa maioritariamente deficitaria*: A igualdade, desde a percepción masculina, non responde aos intereses subxectivos de dita posición existencial nin aos mandatos xenéricos que guían a construción da propia subxectividade masculina, non contribúe ao aseguramento da propia imaxe de si. E finalmente, non existen aínda normas sociais que se inclúan entre os ideais de masculinidade, que fomenten e aplaudan a igualdade e permitan ser soporte de novas identificacións masculinas.

As explicacións sobre a construción da subxectividade e os seus avatares como obstáculo e resistencias dos varóns á igualdade non esgotan as hipóteses sobre os factores subxectivos deste comportamento, xa que no desenvolvemento do ser e quefacer masculino non todo é construción (ou sucesivas construcións/transformacións) nin todos son intereses subxectivos.

Xunto aos procesos de creación da subxectividade existen tamén *procesos, comportamentos e mecanismos de mantemento e perpetuación*

do construído. A subxectividade masculina coa súa conseguinte posición, como parte do seu proceso de afirmación existencial tamén tende a autoperpetuarse activamente, así como a perpetuar as vantaxes vitais que derivan desa construción e a evitar a súa perda.

A igualdade de trato, cun reparto paritario de espazos, responsabilidades e poderes representa para os varóns, ademais dun risco subxectivo, un declive dos seus privilexios, inasumible como tal en tanto supón perdas obxectivas percibidas sen compensación. Por iso os varóns sometidos aos mandatos da masculinidade hexemónica (a inmensa maioría, como vimos), tenden na súa propia construción como varóns –ademais de a se transformaren–, a manter a súa definición de si e a reproducir as condicións que contribúen o seu statu quo preferencial.

Nesta tarefa, xa non é a falta de motivación para o cambio, a que guía o accionar masculino en relación á igualdade, senón *a motivación para o non-cambio, para a defensa do statu quo e para o mantemento da desigualdade*. E esta motivación produce a utilización de modos específicos para continuar producindo e perpetuando a

desigualdade a todo nivel e especialmente no cotián.

Estes modos son mecanismos comportamentais interpersoais de resistencia activa ao cambio que permiten reproducir e perpetuar activamente as condicións que permiten manter a propia posición masculina vantaxosa, a que en relación ás mulleres supón manter a suposta superioridade sobre elas e o monopolio do “dereito ao uso do ámbito público e á evitación do doméstico” derivado desta posición.

Estes comportamentos activos de resistencia, –que copian no individual os mecanismos sociais de resistencia ao cambio– executáanos os varóns que reaccionan ante as propostas de igualdade reforzando o statu quo desigualitario, e defendendo os seus intereses subxectivos e materiais. Estes comportamentos son manobras interpersoais de control que se empregan habitualmente por todos os varóns, e empréganse habitualmente cando eles perciben que as mulleres producen novas condicións para a igualdade ou non se mostran totalmente sometidas, a fin de evitar que se movan do espazo que lles foi asignado, e así defender a súa superioridade.

Estas manobras son verdadeiras estratexias complexas



que os varóns executan con habilidade por adestramento xenérico nas que o propósito de dominación é prevalente, e que se diferencian entre si polo seu grao de violentación en polo menos dúas categorías:

– temos en primeiro lugar as violencias visibles exercidas por aqueles que intentan responder aos cambios das mulleres cunha oposición frontal,

– en segundo lugar, atópanse os controis invisibles entre os que destacan, de maior a menor visibilidade a obstaculización pasiva dos que desexan manter as cousas sen moito conflito, as manobras de apaciguamento dos que queren pseudoaliarse coas mulleres sen se transformar

(Godenzi, 1999), e os micromachismos utilitarios, encubertos ou de crises que minan de xeito invisible a capacidade de cambio feminina (Bonino, 1998).

Estas prácticas masculinas foron ata agora moi pouco estudadas, probablemente porque se priorizaron as teorías construtivistas-desconstrutivistas que deixan sen resolver o problema de como, desde a facilitación da masculinidade tradicional para a construción da tendencia ou o desexo de dominar/subordinar ás mulleres, os varóns pasan a exercer a dominación desigualitaria –o que é distinto do desexo ou a capacidade de exercela–, como se obtén e como se mantén. Para iso a utilización das teorías do exercicio do poder son necesarias e é aínda unha tarefa pendente para a investigación das resistencias ao cambio.

Existen tamén outros mecanismos interpersoais de control que non se empregan sobre as mulleres senón contra os varóns que desafían os códigos da masculinidade tradicional e se alían ás mulleres. Entre eles o principal é a descualificación material ou simbólica do quefacer o do mesmo ser destes varóns, por parte dos varóns que permanecen no non cambio,

acompañada de formas diversas de illamento social.

En resumo: podemos comprobar que en relación aos obstáculos e resistencias subxectivas masculinas ás reaccións igualitaristas, a dificultade para o cambio cara á igualdade nos varóns está asentado nun modo maioritario entre os varóns de construción e perpetuación da súa subxectividade masculina á maneira hexemónica cos seus comportamentos derivados, que produce falta de motivacións para o cambio, motivacións para o non-cambio, e estratexias para o mantemento da desigualdade que buscan defender construcións subxectivas e dereitos adquiridos.

#### MIRANDO CARA O FUTURO

Ante o peso resistencial da posición existencial masculina, non sorprende que o movemento cara o cambio igualitario nos varóns non sexa maioritario, nin promovido desde eles, senón en xeral " reforzado " desde o exterior e ao cal eles máis ou menos se adaptan.

Aceptar á muller como suxeito igual, lexitimada como socio de contratos e interlocutora non é tarefa fácil para os varóns. Cambiar cara a igualdade supón un tremendo esforzo que pode levar a moitos varóns a pesar que

o cambio non compensa. Se o logro da igualdade se manifesta pola posta en práctica dos principios de equivalencia entre as persoas e a corresponsabilidade (Emakunde, 2001), cambiar non só implica renunciar a dereitos adquiridos –coa vivencia de perda conseguinte–, senón poñer en cuestión os seus propios hábitos, a súa propia identidade, a súa imaxe da muller e a base do seu sentido de autoestima. Significa modificar comportamentos, pero tamén a propia mente para aceptar a igualdade coa muller e non mirala só como ameazante, e delicada ou subordinada.

Cambiar é transformar, dentro de si e no social, a posición existencial sostida e promovida polos mitos masculinos patriarcais, a que actúa globalmente como poderosa resistencia ao cambio e xera habilidades en estratexias de resistencia; cambiar supón incorporar novos ideais, realizando para iso o duelo por aqueles vellos ideais as vellas vantaxes, coa dor conseguinte. Duelo que implica un arduo traballo, intrasubxectivo cos seus sucesivos pasos de desidealización do vello, distanciamento, desligamento, desenganche, tolerancia ao baleiro identificadorio, reelaboración e reestruturación identitaria, o que debería levar a desidentificarse do ideal masculino tradicional.

Cambiar é tamén un traballo interpersonal de sacrificio para despoxarse de privilexios, e un esforzo e práctica de novos comportamentos igualitarios. Tarefa difícil, pero que pode realizarse desde unha ética da xustiza do cotián e o respecto de xénero como novo ideal masculino. Quizais a quía deste novo ideal (o de ser un varón xusto e respectuoso) é o único modo de innovar e non quedar atrapado no mortífero inmovilismo, a nostalxia do machismo perdido ou no vitimismo do varón resentido.

Por sorte, os varóns non somos "dunha soa peza". Temos contradicións, conflitos, adherimos ambivalentemente á masculinidade hexemónica –que tampouco é monolítica–, ou sufrímola, coñecemos masculinidades alternativas (Connell, 1995), e temos, como todo humano, capacidade de cambio. Por iso, a pesar de dificultades, obstáculos e resistencias, existen varóns que están reaccionando de modo favorable ante os cambios das mulleres e practican a igualdade con elas nas diferentes áreas do privado e o público, aínda que esta práctica se está consolidando moito máis no público e institucional que no interpersonal e doméstico. É certo que en ambos lugares os discursos están por

<p>diante dos feitos, pero os feitos son moi diferentes aos de hai 20 anos: nun país democrático xa ningún varón pode presumir impunemente de machista, a ninguén asombra ver aos varóns comprando no mercado, e algún ministro escandinavo xa pediu licenza por paternidade ao nacer o seu último fillo... (Bonino, 2000; Lozoya, 2001). Pero tamén é certo, que ante os avances femininos nestes últimos anos, un gran número de varóns occidentais estase sumando aos movementos de loita contra as mulleres e o feminismo, e moitísimos outros seguen refuxándose no corporativo silencio, cómplice das desigualdades.</p> <p>¿Cal será a tendencia futura?. Aínda que é difícil de prever, o camiño pasa porque os varóns agarden ser comprendidos, ou por lamentárense por ser o novo sexo débil, ou por embarcárense en visións irrealmente optimistas que proclamen que o novo varón xa está entre nós. Sabendo que o futuro de igualdade non está garantido senón que hai que construílo, cabe preguntarse, ¿como crear novas motivacións nos varóns para un movemento de cambio cara a igualdade coas mulleres?. ¿Cómo xerar condicións que promovan a diminución da resistencia ao cambio, o desenvolvemento de</p>	<p>novos intereses e a tolerancia á dor pola perda que para moitos deles significa o cambio?. ¿Como apoiar aos que xa están cambiando para que sigan avanzando sen romper a súa alianza coas mulleres? ¿Como non encasillarse no pasado? ¿Como contribuír a desactivar os movementos de varóns conservadores da vella masculinidade?</p> <p>Quizás aínda non existen moitas respostas para estas preguntas, pero algo é seguro: para que os varóns cambien cara a igualdade deberán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- permitírense ser disidentes da masculinidade hexemónica</li> <li>- non temer ao cambio, e practicalo</li> <li>- deslexitimar o uso monopólico dos "dereitos masculinos" que os varóns se resisten a ceder</li> <li>- crear e desenvolver desexos de cambio para a igualdade, novos ideais, novas identidades non ríxidas –inclusivas e non excluíntes–, novos intereses non patriarcais que teñen en conta o benestar e desenvolvemento compartido</li> <li>- saber que os cambios non se fan " por decreto ", senón que requiren un proceso ao cal moitos varóns non son afectos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- saber que o cambio non pode ser de comportamento, senón de posición existencial, que supón novos modos de situarse ante a realidade da relación entre xéneros</li> <li>- e, finalmente, ter conciencia que o comezo do cambio non garante a súa continuidade. Que aínda queda moito por facer, e que no persoal se require sempre unha continua vixilancia para tomar distancia da masculinidade tradicional, non repetir hábitos desigualitarios e para que o discurso non se disocie da práctica.</li> </ul> <p>É moi difícil que a realización destas tarefas se produza e se sosteña só desde voluntarismos e cambios individuais Para que sexa posible será necesario o desenvolvemento de estratexias grupais e sociais, políticas que axuden aos varóns a facelo permitíndolles apoiarse nalgúns valores distintos –ou redefinidos– aos da masculinidade hexemónica, sen que perdan ante si mesmos o seu propio valor como varón-persoa. E para iso, o xeito óptimo debería ser o deseño de políticas que estimulen eses desexos, contribúan a crear novos ideais, favorezan novas prácticas e apoiem a produción e a promoción de cambio masculino.</p> <p>Por sorte, algo disto xa se está a facer. Nalgúns países</p>
<p><b>M O N O G R Á F I C O</b></p>		



Europeos, por exemplo, estanse poñendo en marcha estímulos tales como a flexibilización laboral para compatibilizar vida familiar e laboral (algo que ata agora é só un problema feminino), estanse desenvolvendo estratexias para aumentar a implicación dos varóns no coidado das persoas e no doméstico. (Rede at. infancia UE, 1993), estase promovendo o permiso por paternidade –do cal Suecia é pioneira–. Enúncianse estratexias asistenciais-educativas para unha cultura masculina da non violencia e a tolerancia, (UNESCO, 1997), xorden os centros de asistencia psicolóxica a homes en crise (tales como os existentes en Estocolmo, Madrid ou Londres).

Dentro desta liña de accións hai que seguir ampliando o listado das necesarias a desenvolver. E a enumeración é longa: a xerarquización mediática de ideais e modelos masculinos igualitaristas, a promoción do asociacionismo e a saída do silencio e o estímulo aos varóns igualitarios, o desenvolvemento e difusión dos estudos críticos do varón e o capítulo masculino dos estudos de xénero nas universidades, o adestramento de profesionais da saúde, dereito e educación sobre as particularidades do psiquismo e os comportamentos masculinos

–especialmente as habilidades de resistencia ao cambio–.

É imprescindible por outra parte, xerar espazos tales como grupos de reflexión, cursos e xornadas sobre a condición masculina, onde os homes poidan explorar novos papeis, os seus sentimentos contraditorios cara ás mulleres, as súas dificultades para o cambio e desenvolver a súa capacidade empática e coidadora. E onde poidan desactivar a idea de que a loita pola igualdade deben protagonizala só as mulleres, como se os homes fosen alleos a ese problema.

Segundo numerosos estudos (Hearns, 1992; Seidler, 1997), os varóns parecen máis proclives ao cambio innovador en determinados momentos críticos de transición vital: adolescencia, nacemento da primeira criatura, crise dos 30, 40 ou 50, cambios



no laboral, enfermidades ou accidentes que poñen en xogo a vida, e separacións. Tendo isto en conta, as políticas de estímulo e promoción do cambio deberían apuntar a incidir neses momentos.

España é un dos países europeos no que nos últimos tres anos se están comezando seriamente a intentar desenvolver algunhas das propostas mencionadas; exemplos deste intento son o Programa de varóns para a igualdade de Xerez, os programas dirixidos a varóns para combater a violencia cara as mulleres (Mercurio, Lazo Blanco) que comezan a se desenvolveren en moitas cidades, as estratexias derivadas do Proxecto Arianne para actuacións con adolescentes, os intentos socialistas de ampliar o permiso de paternidade, a xestión de espazos académicos para reflexionar sobre a masculinidade, etc. Aínda semella lonxana algunha estratexia pública global para favorecer o cambio masculino.

E para concluír: como xa vimos, anque poucos, existen varóns que están a reaccionar aos cambios das mulleres xerando en si cambios en dirección cara o trato igualitario, e a considerar realmente ás mulleres como suxeitas de iguais dereitos con quen se pode/se debe compartir as responsabilidades domésticas, o traballo e o poder. Un texto, moi

revelador e o único que atopei que aborda a estes varóns (Christian, 1994) e nos descobre o que eles teñen en común. Nel descríbese con gran claridade o compartido por estes varóns e que influíu significativamente no seu comportamento igualitarista –o autor designa este comportamento como antisexistas-non machista-. E o compartido é ter pasado a estar pasando por unha serie de experiencias vitais semellantes.

En primeiro lugar, experiencias significativas na infancia e adolescencia alonxadas ou en colisión coas expectativas tradicionais sobre os xéneros, tales como: boa relación coa nai autónoma que traballa no ámbito público, padres non tradicionais, rebeldía ante pai autoritario, ou pai e irmáns máis vellos coidadores e afectuosos, falta ou dificultade precoz de identificación cos aspectos agresivos do papel viril tradicional, escolaridade mixta e amizades femininas habituais. E tamén experiencias adversas sendo vítima de actitudes dominantes doutros varóns (parentes, veciños e educadores).

En segundo lugar, experiencias adultas significativas tales como o rechazo adulto a un pai autoritario ou a autoritarismos sociais, o “ser todo un varón” non aparece como un ideal de vida importante, experiencias en traballos

convencionalmente “non masculinos” e en grupos de desenvolvemento persoal, influenciado por varóns non tradicionais e sensibilizado ante as inxustizas de diverso tipo. E de modo destacado en todos: o achegamento intelectual precoz ao feminismo, xunto a relacións afectivas importantes –presentes ou pasadas– con mulleres feministas.

Finalmente, estes varóns realizaron moitas decisións de cambios persoais en relación a redefinir a súa masculinidade cara a igualdade en momentos críticos de transición vital.

Probablemente, se a nosa vida (como varóns) está atravesada por experiencias similares, algo máis fácil será saltar obstáculos, diminuir as nosas resistencias e motivarnos para o cambio. Pero se estas experiencias nos faltaron, nunca é tarde para achegarse a elas. Paga a pena.

Tradución: Marga Rguez-Marcuño e Leticia Costas

\*Publicado en Lomas C (ed.) (2003) ¿Todos los hombres son iguales? Identidad masculina y cambios sociales. Barcelona. Paidós.

#### NOTAS

1. Neste texto o termo “igualdade” utilízase en referencia ao valor ético da igualdade de trato, igualdade de valoración e igualdade de oportunidades entre varóns e mulleres. E tamén á igualdade entre persoas equivalentes. Igualdade que se opón ao concepto de uniformización, indiferenciación, semellanza ou similitude, xa que require para existir a presenza de dúas persoas diferentes e diversas, cada unha coas súas particularidades, pero equivalentes.

2. Prefiro utilizar o termo “varóns” pois nomea máis especificamente que o termo “homes” aos integrantes do colectivo masculino. Este último é máis equívoco, porque na linguaxe coloquial (sexista) de moitas persoas designa tamén aos integrantes do xénero humano...

3. O nome (“men’s movement” en inglés) é de uso problemático, porque en Europa e Hispanoamérica se usa con certa frecuencia para designar só aos movementos mitopoético e profeminista ou mesmo se fala de “o” movemento dos varóns.

Por outra parte, algúns autores, entre eles o pioneiro en estudos sobre a masculinidade o sociólogo australiano, Bob Connel (Connell, 2000) alertan tamén, desde unha perspectiva igualitarista, o problemático do uso do termo –que foi utilizado tomando como modelo ao feminismo–, xa que as agrupacións de varóns que o usan moitas veces terminan por priorizar os intereses que os separan das mulleres e achegan ao patriarcado antes que os que os unen en función da xustiza de xénero. E loitar por ela significa moitas veces estar en oposición a determinados temas que son a substancia dalgúns movementos de varóns: esencialismo, complementariedade de xéneros, “o” masculino interno, vitimismo, etcétera. Estes autores inclínanse máis en pensar aos varóns en grupo unidos por unha variedade de temas relacionados co cambio, máis que centrados na masculinidade (por

exemplo, a campaña do lazo branco, ou os estudos académicos sobre varóns ou as campañas a favor da responsabilidade paternal). E cun funcionamento en rede ou en alianzas con outros grupos (antixenófobos, feministas, homosexuais), máis que como movemento ou organización xerarquizada.

Dada a confusión do termo, e aínda acordando con Connell, neste artigo usareino de modo global recoñecendo a pluralidade dos movementos existentes. De todos eles existe información moi abundante e numerosísimas páxinas de internet.

BIBLIOGRAFÍA (soamente a consignada polas citas do artigo)

BENJAMIN, J. (1996), *Like Subjects, Love Objects*. Londres: Yale.

BONINO, L. (1998), *Micromachismos*, la violencia invisible. Madrid: Cecom.

(1999). Los varones frente al cambio de las mujeres. *Lectora*. Revista de dones i *intertextualitat*. 4 (dossier *Varones y feminismo*), Nieves Ibeas (ed. invitada), pp. 7-22 (Universidad de Barcelona)

(2000), *Varones, género y salud mental*, en Sagarra.M y Carabi.A (eds) *Nuevas masculinidades*. Barcelona: Ikaria.

(2001), Los varones hacia la paridad en lo doméstico, en Sanchez-Patencia, C e Hidalgo,JC. (ed) *Masculino plural: construcciones de la masculinidad*. Lleida: Univ. de Lleida.

BOURDIEU, P. (1998), *La domination masculina*. París: Seuil.

BURIN, M., MELER, I. (2000) *Varones. género y subjetividad femenina*, Bs.As: Paidós

DIO BLEICHMAR, E. BURIN, M. (1996) *Género, psicoanálisis, subjetividad*. Buenos Aires:

Paidós

CONNELL, R. (1995), *Masculinities*. Cambridge: Polity Press.

(2000) *The men and the boys*. Berkeley: California Press

CHRISTIAN, H. (1994), *The Making Of Antisexist-Men*. Londres: Routledge

FALUDI, S. (1991), *Backlash. The Underdeclared War Against American Women*. Nueva

FISHER, R. (1990), *The knight og Rusty Amour*, NY: Fisher (traducción al castellano en 1994, Barcelona: Obelisco.

GIL CALVO, E. (1997): *El nuevo sexo débil*. Madrid: Temas de hoy

GODENZI, A. (1999): *StylE or substance. Men-s response to feminist challenge*. *Men and Masculinities* vol N°4.

GOLDBERG, H. (1976), *The Hazard Of Being Male*. NY: Penguin (traducido al castellano en 1992 Madrid: Temas de hoy.

INNER (1988), *Los varones españoles*. Madrid: Instituto de la Mujer.

INSTITUTO VASCO DE LA MUJER (1995), *Transformaciones en el papel social de las mujeres*.

Vitoria: Emakunde

(2001), *Modelos y referentes de los comportamientos femeninos y masculinos en la juventud vasca*. Vitoria: Emakunde

KAUFMAN, M. (1992-1998), (Editor) Serie: *Research On Men And Masculinities*. Londres: Sage

KIMMEL, M. (1994), *Manhood, The American Quest*. NY: Harper.

LOZOYA, J, MARQUES, J. (1997), *Los varones frente al cambio*. Inédito.

LOZOYA, J. (2001), *Cambios en las formas masculinas¿ un cambio en los roles?* Jornadas de masculinidad en la Univ. Pablo Olavide, Sevilla-España

MACMAHON, A (1999), *Taking Care of Men*. Cambridge, UK: Cambridge University Press.

PORTER, D. (1992) (ED.), *Between Men and Feminism*, Nueva York: Methuen.

SAEZ BUENAVENTURA. C. (1990), *Violencia y proceso de socialización genérica*. En Maquieira, V. y Sánchez, C. (comp.) *Violencia y sociedad patriarcal*. Madrid: Pablo Iglesias

SHER y otros (1987), *Psychotherapy With Men*. Nueva York: Sage.

SIMON RODRIGUEZ; E. (1999), *Democracia vital*. Madrid: Narcea

Cedido polo autor do seu espazo Web [www.luisbonino.com](http://www.luisbonino.com)

Luis Bonino é psicoterapeuta especializado en problemáticas masculinas e director do Centro de Estudos de la Condición Masculina, de Madrid.

[luisbonino@luisbonino.com](mailto:luisbonino@luisbonino.com)

## PAIS DE ARTISTAS: TOMMASO DA PIZZANO E AMILCARE ANGUISCIOLA

O acceso da muller aos máis altos niveis de instrución e ao mundo da creación artística, como é abondo coñecido, estivo moi limitado até datas ben recentes. A excepcionalidade é o que teñen en común todas as mulleres artistas ou escritoras de moi diferentes séculos e contextos culturais. Con todo, sabemos que a práctica intelectual e creativa non foi allea ao mundo feminino antigo nin medieval; neste último, o mosteiro foi o refuxio para que non poucas mulleres puidesen exercer as calidades creativas ou de reflexión intelectual. É ben coñecido que os libros iluminados, unha das grandes realizacións da cultura medieval europea, tiveron tamén



Sofonisba. Retrato de dama

protagonistas femininas, nalgún caso como o da freira Ende, unha das autoras do famoso *Beato de Girona*, até coñecemos o seu nome documentado no mesmo códice.

Diciamos que a excepcionalidade é o elo que une as mulleres artistas e en moitos casos esa singularidade vai acompañada por unha situación familiar que se sae dos parámetros comúns do seu tempo e que favorece a formación destas mulleres, con figuras paternas que dalgún xeito rompen cos modelos máis duros dos esquemas patriarcais.

Para facer explícitos estes, en certo sentido, contramodelos, escollemos dous casos excepcionais, pola actitude e pola relevancia que acadaron as súas fillas: o pai da escritora Cristina de Pizán (1364-1430) e o da pintora Sofonisba Anguisciola (1532/35-1625).

### CRISTINA DE PIZÁN E TOMMASO DA PIZZANO

A que logo sería unha das grandes figuras do mundo cultural francés de finais do século XIV e comezos do XV, Cristina de Pizán, era filla do físico (o que equivalía a astrólogo e médico no mundo medieval) Tommaso da Pizzano, profesor na Universidade de Boloña,

daquela un dos centros á vangarda do saber na Europa baixomedieval.

Tommaso, enviado a París como embaixador da República de Venecia, ficaría ao servizo do rei Carlos V como físico. Cristina, que nesta altura (1368) tiña catro anos, foi educada como unha princesa na corte real. Mais o pai non ía limitar a formación da filla a unha convencional educación feminina do seu tempo. Tommaso, que probabelmente foi autor de tratados de cirurxía, de medicina e de cosmogonía, traducidos do árabe, potenciou a educación da súa filla dun xeito extraordinario.

Temos o testemuño da propia escritora que no seu famoso libro *A cidade das mulleres* (*Le Livre de la Cité des Dames*) informa de como o pai quere que ela estude, en canto a nai defende a dedicación da súa filla ao lar; nai, por certo, que era filla doutro sabio, o anatomista Mondrino de Lazzi. A actitude de Tommaso é a dun humanista que fomenta a educación da súa filla nun momento no que as mulleres das clases elevadas, polas súas responsabilidades sociais precisan dun certo nivel de cultura. Saben escribir, mesmo moi ben; gustan da lectura e incluso as máis dotadas dominan o latín e, ás veces o grego<sup>1</sup>.

Cristina sitúase nun mundo privilexiado desde a perspectiva social e tamén desde a propiamente feminina, o que en absoluto quere dicir que estea exento de dificultades para unha muller. Só hai que ler os tratados e a literatura contemporánea da autora para nos decatarmos de que a misoxinia era dominante e en ocasións feroz, tema de moitas das páxinas da autora, escritas en defensa da condición feminina. Cómpre lembrar que a educación das raparigas é un tema controvertido nesta altura, discutíndose a oportunidade da instrución feminina que conta coa hostilidade de moitos moralistas, aínda que, por exemplo, en Florencia, desde 1338 sabemos da presenza de nenos e nenas nas escolas<sup>2</sup>.

A actitude do pai e da nai de Cristina, como dicíamos ficou reflectida nas páxinas do libro *A cidade das mulleres*, a máis coñecida das 37 obras que conservamos da escritora. Nel, por medio da Rectitude, unha das tres donas que cabo da Razón e mais da Xustiza orientan e dirixen a construción da cidade ideal feminina, a escritora afirma o seguinte:

É un feito contrastado que non todos os homes, e sobre todo os máis cultos, pensan que está mal que as mulleres estuden. Tamén é certo que opinan así os que

menos formación teñen, pois anoxaríaos moito que unhas mulleres soubesen máis ca eles.

Teu pai, grande astrónomo e filósofo, non pensaba que, por dedicarse á ciencia, as mulleres se fosen corromper. Pola contra, ti sábelo ben, aledouse de ver a túa disposición cara ao estudo. Foron os prexuízos femininos da túa nai os que te privaron, na túa xuventude, de afondar e ampliar os teus coñecementos porque ela só quería que te distraeras en fiar, que é a ocupación común das mulleres. Pero, como asegura o dito que antes amentei: «O que Natureza dá ninguén o quita». E a túa nai non puido arrincar de ti esa afección polo estudo, esa inclinación natural que che ten permitido ir facéndote máis sabia, aínda que fose apañando migallas. Ti non cres, diso estou certa, que o estudo te teña corrompido, senón que o estimas, e con razón, como o teu máis apreciado tesouro<sup>3</sup>.

O texto está inserido no libro II, capítulo XXXVI, que leva o expresivo título de «Contra os homes que afirman que non é bo que as mulleres estuden». Cristina, que noutras pasaxes reafirma o amor a súa nai, salienta neste caso a diferenza entre o pai e a nai no que atinxe á súa educación, feito sen dúbida decisivo para a súa formación, mais tamén –e isto é



Sofonisba. Retrato de Filipe II

fundamental– polo que supón de autoconciencia, querendo deixar clara a vontade persoal, feito que delata a extrema modernidade da escritora que cando afirma que “o que Natureza dá ninguén o quita” fai explícita esta idea.

A vida de Cristina de Pizán estivo chea de dificultades, tamén económicas, tras a morte do seu marido, a caída en desgraza do seu pai logo do pasamento do rei Carlos V, feitos que tiveron enorme influencia na construción da súa obra literaria, mais o sedimento inicial foi, sen dúbida o que permitiu o desenvolvemento da súa obra nun contexto tan complexo para a proxección social da muller como o que lle tocou vivir<sup>4</sup>.

SOFONISBA ANGUISCIOLA E  
AMILCARE ANGUISCIOLA

Sofonisba Anguisciola foi unha hábil retratista que destacou polos seus numerosos autorretratos e os que realizou das súas irmás. Nalgúns cadros, por exemplo *A partida de xadrez* de 1555 (Museo Narodowe, Poznan) converteu o retrato nunha escena de xénero. Os realizados na Corte española, onde tivo unha destacada presenza, mostran un grao de humanidade e unha sosegada expresión nos rostros que establecen unha comunicación directa co espectador a través da ollada. Soubo reflectir á perfección coa súa minuciosa técnica pictórica, a calidade das teas e as xoias que portan os retratados, membros da familia real española e importantes personaxes da Corte. Do aprecio e sona da que gozou en vida sirva o testemuño de Argote Molina que en 1582 afirma que a pintora soubo mostrarse "*excellentísima en retratar, sobre todos los pintores desta edad*"<sup>5</sup>.

Nacida cara a 1532 no seo dunha familia da pequena nobreza de Cremona, foi a máis vella de sete irmáns e recibiu unha sólida educación baseada no estudo do latín, a música e a pintura. O seu pai Amilcare Anguisciola, demostrando unha

mentalidade aberta, enviouna xunto coa súa irmá Helena, ao taller dun pintor de éxito, Bernardino Campi e despois ao estudo de Bernardino Gatti. Máis tarde elas ensinaron pintura ás súas irmás menores mentres o seu pai se dedicaba a apoiar o traballo das súas fillas, sobre todo o de Sofonisba, até o punto de atraer a atención de Vasari quen viaxa até Cremona para coñecela e á que dirixe palabras de eloxio. Outro salientábel exemplo do apoio paterno é que Amilcare chegou a manter correspondencia con Michelangelo en 1557 a quen lle propuxo "*que le enviara unos dibujos a su hija y que esta se los devolviera pintados al óleo para que el maestro pudiera ejercer una labor crítica sobre el trabajo de Sofonisba*"<sup>6</sup>.

Sofonisba beneficiouse da influencia que tivo Baldassare de Castiglione en Amilcare Anguisciola. A partir de 1528 o tratado de Castiglione, *O cortesán*, tivo unha enorme influencia na educación das clase altas en moitos países europeos, con numerosas edicións ao longo do século XVI. No libro dedicaba un capítulo enteiro a como debía ser a educación da muller ideal, tendo como modelo a cultísima Elisabetta Gonzaga, duquesa de Urbino. No libro recomendaba

unha educación ideal feminina na que se entendese de poesía, a pintura, a música ou canto e se exercitase nas devanditas artes<sup>7</sup>.

En 1559 o rei Filipe II convidaa a Madrid e na Corte convértese en dama de compañía e mestra de pintura da raíña Isabel de Valois. Segundo parece nesta transcendente etapa da súa carreira tamén tivo un papel singular o seu pai xa que o mérito da pintora foi garantido ao Duque de Alba directamente polo gobernador español de Milán e o pai de Sofonisba soubo acrecentar entre os círculos españois de Milán a sona da filla, divulgando os autorretratos da mesma, sendo un destes enviado ao mesmo Filipe II que vai solicitar a súa presenza en Madrid<sup>8</sup>. Alcanzou unha importante posición na corte que lle permitiu continuar no pazo real trala morte da raíña até o seu casamento co cabaleiro siciliano de orixe española Fabrizio Moncada, con quen se traslada a Palermo. Trátase claramente dun matrimonio de conveniencia que dura pouco tempo debido á morte do marido. Decide entón volver a Cremona pero se detén en Pisa onde casa de forma imprevista cun capitán de barco, o xenovés Orazio Lomellini. En Xénova continúa sendo unha



Sofonisba. *Retrato de tres nenos*

pintora de éxito trasladándose xa na vellez a Palermo onde foi visitada e retratada por Anthony van Dick un ano antes da súa morte acaecida en 1625.

Cristina de Pizán e Sofonisba Anguisciola teñen en común movérense en ambientes familiares de alta categoría intelectual (e social) e viviren en contextos avanzados: a Italia e Francia prerrenacentista e renacentista, nas que o espírito do novo humanismo vai abrindo fisgoas no abafante universo feminino e no que algunhas mulleres conseguen o "cuarto" propio do que falaba Virginia

Woolf, plasmado no obradoiro de pintora ou na biblioteca, aspecto tan relevante que a propia Cristina comeza o seu libro *A cidade das Mulleres* fachendosa de ter cuarto de estudo e estar rodeada de libros: "Segundo teño por costume e seguindo o hábito que rexe o decorrer da miña vida, é dicir, o estudo incansable das artes liberais, estaba sentada un día no meu cuarto de estudo, rodada dos libros máis dispares...<sup>9</sup>" Toda unha declaración de principios para o nacemento dunha nova muller.

#### NOTAS

1. Ariès Philippe e Duby, Georges (dir.), *Historia da vida privada 2. Da Europa feudal ao Renascimento*, Ed. Afrontamento, Lisboa, 1990, páx. 283.

2. Ariès Philippe e Duby, Georges (dir.), *Op. cit.*, páx. 283.

3. Cristina de Pizán, *A cidade das mulleres*, introdución de M<sup>a</sup> Carmen Pallares Méndez, tradución de Susa Blanco Montecelos, Xunta de Galicia-Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 2004, páx. 233-234.

4. Para os aspectos biográficos sobre a autora, véxanse a introdución de M<sup>a</sup> Carmen Pallares Méndez citada na nota 3 e tamén Lemarchand, Marie-José "Introducción" en Cristina de Pizán *La Ciudad de la Damas*, Siruela, Madrid, 1995.

5. Bettagno, Alessandro, "Escuela italiana", en Bettagno, Alessandro e outros, *El Museo del Prado*, Fonds Mercator e Amigos del Museo del Prado, Madrid, 1996, páx. 224.

6. Combalía, Victoria, *Amazonas con pincel*, Destino, Barcelona, 2006, páx. 24.

7. Combalía, Victoria, *Op. cit.*, páx. 23.

8. Bettagno, Alessandro, *Op. cit.*, páx. 222.

9. Cristina de Pizán, *Op. cit.*, páx. 51.

## PLATAFORMA DE HOMES POLA ABOLICIÓN DA PROSTITUCIÓN

Comeza o S.XXI cun despertar masculino para os temas feministas. Son varios os colectivos que, con iniciativa propia, xorden para facer súas reivindicacións que estiman de xustiza.

Desde o feminismo racionalista sempre consideramos que o feminismo non era un asunto exclusivo de mulleres, xa fose enfocando unicamente o aspecto biolóxico, o que podemos chamar "feminismo uterino", ou ben na defensa das mulleres como vítimas, boas por vítimas. O feminismo é o humanismo dos nosos tempos; é unha teoría política; é un compendio de democracia. A explotación da ser humana muller é algo que debe repugnar a toda persoa recta e benévola, independentemente do xénero ao que pertenza. Así é como, superando prexuizos infantís, moitos homes opóñense ao patriarcado e ao dano que causa na sociedade, tanto ás mulleres como aos homes.

Os abolicionistas rompen o silencio e elaboran un Manifesto, argumentado con rigor, sobre a prostitución, interpretada como unha evidente dominación do home sobre a muller e como a máis cruel violencia de xénero, o que denominan unha "violación remunerada".

*A Festa da Palabra Silenciada*, defensora da abolición, como manifestamos no nº18, dedicado ao tema, concordamos totalmente cos termos do seu Manifesto, e a capacidade que teñen de simpatizar coas mulleres e homes (2%) explotados sexualmente. Pero, ademais, valoramos moi positivamente aqueles aspectos masculinos da súa repulsa. Comprendemos que, a esta altura, non debe ser fácil pertencer a un xénero que adoita uns comportamentos tan atroces e unhas prácticas sexuais tan groseiras. Que debe ser humillante saber que tantos conxéneres compran sexo, mentres eles consideran que o sexo debe ser un pracer accesible, unha práctica separada de relacións de poder e de comercio, e que teñen dereito a ser sensibles e xenerosos. Comprar sexo, din, é converter a sexualidade nunha relación deficiente e patolóxica na que o sometemento doutra persoa xera pracer.

Tamén cómpre destacar a súa oposición á legalización da prostitución e aos argumentos que expoñen certas organizacións, como Hetaira, que alude aos dereitos das prostitutas. Responden a isto que tampouco se lle podería permitir traballar aos menores de

16 anos, aínda que reclamaran o dereito a traballar en mellores condicións; que se debe negar a ablación do clítoris, aínda que se propuxera realizalo en mellores condicións hixiénicas. Se @s escrav@s pediran que se regulara a súa situación, seguirían sendo escrav@s con certas melloras. O traballo infantil, a ablación do clítoris, a escravitude, a prostitución, deben ser abolidos, non regulados. Nestes casos, non se trata de dar dereitos, senón de regular a explotación e a dominación. E, tamén, dar carta branca ao prostituidor e ao proxeneta.

Sosteenen que @s partidarios da regulación acostuman acusar @s abolicionistas de conservadores, e nada máis lonxe da realidade. A análise non é moralista nin sexualmente conservadora, senón simplemente feminista, e declaran que non teñen nada de homófobos nin heterosexistas.

Benvinda aos Homes Abolicionistas e a outras Asociacións feministas masculinas.



Algunhas webs de interese:

<http://www.egrupos.net/grupo/hombresabolicionistas/alta>

<http://hombresabolicionistas.blospot.com>

<http://www.firmasonline.com/1Firmas/camp1.asp?C=215>

<http://www.elplural.com/noticiasred/detail.php?id=4223>

[www.ahige.org](http://www.ahige.org)

<http://www.flacso.cl/> (Chile)

<http://www.nodo50.org/prometeo/> (Grupo Prométeo de Homes Feministas en León)

<http://www.heterodoxia.net/> (Grupo de Homes profeministas)

<http://www.europrofem.org/index.htm> (Homes profeministas europeos)

<http://www.euowrc.org7> (Homes profeministas europeos)

<http://www.euowrc.org/01.euowrc/05.euowrc-es/sevilla/sevilla3.htm> (Grupo de Homes de Sevilla)

<http://www.hombresigualdad.com/> (Homes pola Igualdade)



**M O N O G R Á F I C O**

## ADEUS A XAN TRABA

Xan Traba, que faleceu o 28 de Agosto deste ano, non pode quedar excluído dos feministas actuais. A súa morte, insoportable, privou á Festa da Palabra dun texto seu que houbera enriquecido este número.

Nacera hai 53 anos no faro de Fisterra e foi el mesmo un faro para as persoas que tivemos a sorte de coñecelo. Era un humanista, no sentido máis completo da palabra. Persoa de ampla cultura, diversos coñecementos, artes e afeccións. Nun dos traballos onde compaxinou a creatividade, a percepción e a didáctica foi o de publicista. Sabía captar a mensaxe e plasmala en imaxes, conseguindo ao mesmo tempo a comprensión e o compromiso. Neste sentido ten elaborado a imaxe da Asociación feminista Alecrín e as súas campañas denunciando a violencia contra as mulleres e a condena da prostitución.

Mais, Xan Traba non era só un compañeiro de viaxe das feministas no camiño da liberación e da consecución da igualdade, que xa sería meritorio; era un feminista, de razón ilustrada, a quen lle

repugnaba a inxustiza, a explotación das persoas, a desigualdade social. O seu feminismo nacía do máis profundo das súas conviccións. Era abolicionista e entre os seus proxectos estaba promover unha plataforma de homes galegos abolicionistas.

As feministas perdemos o pensamento e a acción dunha excelente persoa que deixa un oco na súa familia, nas amizades, en todas as persoas que valoraban a súa elegancia, a


súa mesura e amabilidade. Era un exemplo a imitar de como se pode combinar a responsabilidade política e os principios da esquerda coa tolerancia e o respecto.

As Feministas Independentes Galegas honramos a memoria de Xan Traba e ofrecemos a nosa solidariedade e cariño á súa esposa, Ana Míguez, compañeira feminista e amiga.





A C T U A L I D A D E



## ARDEMOS CON GALIZA

As mulleres que elaboramos a Festa da Palabra, así como colaborador@s e amig@s, choramos, este aciago mes de Agosto, vendo arder as árbores e destruírse a riqueza galega e a paisaxe da que tanto gozamos. Doémonos como moita xente que non posúe montes, nin casas no campo, nin intereses madereiros. A dor increméntase ao sabermos que a outra xente non lles doe queimalo nin lles doe que se queime. Comprobamos que é difícil apagar un lume cando hai quen quere que arda. Esta evidencia provoca a repulsa de frases feitas como "amor á terra", "Galicia terra nai" que se mostran, máis que nunca, idealistas, trasnoitadas, ou, mesmo, perversas se as imaxinamos nas bocas de certas autoridades que, agora sabemos, "se demoraron" na contribución de apagar o lume. A cidadanía non pode seguir tolerando a unha caste de políticos que son quen de permitir, e, incluso, aledarse das peores desgrazas con tal de debilitar ao opositor político. Tampouco pode aturar aquelas políticas que valoren o residual. Esta terra está a monte porque careceu de gobernos que se preocuparan de ordenala, distribuila, coidala.

Ademais da calor e do nordés implacable, son moitas as causas que provocan os incendios masivos. Cómpre empezar pola

ordenación do territorio, e isto implica un cambio de mentalidade. A maioría da terra galega está en mans privadas. Os señores da terra actuais non son, afortunadamente, os das novelas de Otero Pedrayo ou Emilia Pardo Bazán, pero herdaron o concepto antigo de propiedade e un fondo individualismo que os leva a non interesarse máis que polo propio. Será, pois, moi trabaloso

democratizar e modernizar un pobo con esta ideoloxía. Pero, paralelamente, cando hai unha catástrofe assistimos á solidariedade de persoas dadas, xenerosas, que non dubidan en entregar o seu esforzo polo colectivo. É urxente acometer os cambios políticos e as normas que fagan deste país, tan favorecido pola natureza, un lugar ideal para vivir e convivir.



Manuel G. Vicente

## ÓS PIRÓMANOS DO MONTE

¿ONDE está o rostro do que acende o lume?  
Os morcegos da sombra, as traidorías?

¿Fuxe coa alma alombada cando fuxe  
con pisada furtiva e asasina?

¿Quen acende as restrebas, os rastrollos,  
deixando tras de si lume mordendo  
árbores, matos, aves, alimarias?

¿Quen mata o aire co aseitar da chama  
que acora a quen se achega a exterminalo?

¿Que paixoes remoen ó que queima?

¿Non lle doen nas entranas as paisaxes,  
o asasinar cobarde da beleza,  
converter en fogueiras as herdades  
e converter as terras en borrallas?

¿Que afán na podre man que estreba o misto  
ou que cervos, maliaxes, os que os rillan?

¿Que lobos, que rancuras despeitadas  
lle están sugando arreo as irtas veas?

¿Son fillos de Cain como o que mata,  
ou son fillos sen nai, amor nin alma,  
veleno, refugallo rexeitado?

Fede a traición o fume das toradas.  
Negra traición a que asasina os adros,  
a que prende nos montes as fogueiras.

¿Que alienixena chama os rilla dentro?  
¿Que almagre, en vez de sangue, os alucina?



## ¿ELECTRICIDADE OU INCENDIOS?

### A BIOMASA DOS MONTES DE GALICIA COMO RECURSO E NON COMO PROBLEMA

Despois dun verán terrible en materia de incendios forestais, reflexionar sobre as potencialidades e a adecuada xestión da biomasa dos montes galegos non é só necesario senón que semella incluso imprescindible. O presente artigo pretende enfocar o que é actualmente un problema –combustible para os lumes– como un recurso natural xestionable e, o que é máis importante, social e economicamente rendible a través da valorización enerxética. Presentamos aquí algúns dos resultados dunha investigación iniciada en torno ao verán de 2005, financiada polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, e que recibiu tamén unha axuda da Fundación Caixa Galicia<sup>1</sup>.

O punto de partida é a observación da situación actual do mundo rural e interior galego na actualidade, caracterizada por dous tipos de imaxes. En primeiro lugar, gran cantidade de terras antes adicadas á produción agrícola e gandeira e agora abandonadas, con deficientes condicións de mantemento, que agravan o problema dos incendios forestais e incrementan o risco de erosión. En segundo

lugar, a progresiva substitución do bosque atlántico de caducifolias por plantacións forestais, particularmente agresiva no litoral e aumentando progresivamente nas zonas do interior, que a propia incidencia dos lumes agrava propiciando un incentivo adicional a acurtar o prazo de xestión das explotacións forestais.

En definitiva, abandono e produtividade caracterizan ao rural galego. Porén, é indiscutible que o monte galego, independentemente da súa situación, pode proporcionar abundante material vexetal, especialmente a limpeza do monte baixo, que antigamente era útil como alimento ou cama para o gando e base do estrume posterior, e que actualmente é material combustible que na maior parte dos casos non se retira. Pero tamén se podería incluír outro tipo de materiais coma os residuos derivados das podas e cortas madeireiras, que antes servían para cubrir as necesidades enerxéticas –calor– dos fogares e que agora, ou ben nin sequera se realizan<sup>2</sup> ou ben cando se fan, os restos son abandonados no propio monte ou queimados *in situ*. En resumo, o abandono do sistema agrario tradicional no mundo rural galego (Bouhier, 1979) provocou un gravísimo problema de

rexeneración dunha biomasa que antes eramos capaces de mobilizar. Esta é a “biomasa” que nos consideramos valorizable –tecnicamente, biomasa secundaria–, cun elevado potencial económico, social e ambiental para a produción de enerxía eléctrica<sup>3</sup>.

Por outro lado, a superficie incendiada en Galicia no período 1970-1999 representa case o 25% da superficie estatal afectada por lumes e máis do 50% desta superficie non é superficie boscosa arborada, repoboada, etc., senón que é monte baixo, superficie desarborada, mato. Durante estes 30 anos en Galicia lévanse queimado unhas 800.000 hectáreas de monte desarborado fronte a 600.000 de arborado. Isto implica que, en termo medio, cada ano quéimanse unhas 27.000 hectáreas de monte desarborado, fronte a 19.000 hectáreas/ano de monte arborado.

Na nosa investigación utilizamos modelos de combustible en superficie forestal desarborada, que fan referencia a pastos, mato, follaxe baixa arborada e restos de cortas e operacións silvícolas (Xunta de Galicia, 2001) para calcular a cantidade de mato dispoñible. A nosa estimación, prudente en todo caso ao utilizar as

cantidades mínimas de mato por hectárea, sitúanos en 5 millóns de toneladas de material dispoñible.

O que se proporía, e aquí empeza a nosa argumentación, é, nunha xestión sostible, coidadosa<sup>4</sup>, e empezando con algunhas áreas experimentais, cunha xestión a dez anos, retirar 500.000 toneladas anuais limpando así 50.000 hectáreas de monte desarborado cada ano que, en termos enerxéticos, equivalerían á enerxía xerada a partir de 87 mil toneladas de petróleo. Se esta biomasa é retirada de forma pouco agresiva e sostible<sup>5</sup>, ó cabo de dez anos teríamos baleirado o material que antes retiraban e mobilizaban os que agora non están, o material que antes tiña un uso e que agora queda abandonado no monte e que, en épocas estivais, cumpre a función de "acelerador do lume".

Debemos resaltar, porén, que só consideramos as potencialidades do mato, cando se incluísemos residuos de cortas, de actividades silvícolas e serradoiros, a dispoñibilidade de recursos sería probablemente do dobre en termos anuais (ver cadro 1).

Analizando o panorama enerxético galego, actualmente a metade da nosa enerxía é directamente negra (carbón,

CADRO 1. POTENCIALIDADES ENERXÉTICAS ANUAIS DA BIOMASA EN GALICIA

	Toneladas secas/ano	GWh	Ktep	%
Mato	502.541	1.019	87,6	42,2
Residuos de cortas	315.948	641	55,1	26,5
Residuos de actividades silvícolas	140.545	285	24,5	11,8
Residuos de serradoiros	232.818	472	40,6	19,5
Total Galicia	1.191.852	2.417	207,8	100,00

Fonte: elaboración propia.

petróleo ou gas), enerxía que nos ocasiona serios problemas ambientais, de dependencia da subministración, de inestabilidade dos prezos, etc. Fronte a isto, estaríamos propoñendo que aproximadamente o 10% da enerxía podería potencialmente obterse da biomasa antes descrita en lugar de só o 1% que se obtén na actualidade. Para ter unha idea comparativa, a Xunta de Galicia estableceu o obxectivo de que no ano 2010 a biomasa xerara 52 ktep<sup>6</sup> (Xunta de Galicia, 2000), cantidade moi inferior á potencialidade do recurso non xestionado na actualidade, 87 ktep só considerando a xestión do mato. O Ministerio de Industria, no Plan de enerxías renovables (IDAE-MINER, 1999), estima unha cifra (72 ktep) bastante parecida á nosa (87 ktep).

O programa que propomos permitiría reducir o risco de incendios pero, ademais,

implicaría unha mellora doutros indicadores ambientais e sociais como, por exemplo, a redución das emisións de CO<sub>2</sub> e doutros gases de efecto invernadoiro á atmosfera; a diminución da nosa dependencia enerxética; contribuíría a non esgotar recursos mundiais limitados; e incluso chegaría a crear 3.000 novos empregos no medio rural. Conseguiríamos daquela reducir problemas ambientais, sociais e, por suposto, económicos e estratéxicos, mellorando a nosa balanza de pagos e reducindo a nosa dependencia enerxética do exterior. Imsos presentar a continuación unha estimación aproximada do que suporían todas estas melloras en termos monetarios<sup>7</sup>.

Utilizando a metodoloxía do programa ExternE da Unión Europea (European Commission, 1995-1999) para calcular danos ambientais das fontes de enerxía,

A C T U A L I D A D E



as emisións contaminantes que evitaríamos, os danos en termos de CO<sub>2</sub> e todos aqueles impactos negativos que se producen no ciclo de vida da xeración de electricidade, estarían nun abano entre 30 e 40 millóns de euros.

Se, como argumentamos anteriormente, reducimos á metade o risco de incendios forestais, estaríamos aforrando probablemente unha boa parte dos gastos de extinción e de prevención (23 millóns de euros ao ano), ou polo menos estaríamos utilizándoos dunha maneira alternativa: en vez de pagar por apagar estaríamos pagando por evitar. Aínda que cunha menor importancia (3 millóns de euros ao ano), tamén aforraríamos custos sociais de importar hidrocarburos, derivados dos gastos en defensa en posición de dominio a nivel internacional.

E tamén teríamos un capítulo importante pola xeración de emprego no medio rural que estaría acompañando este programa. Consecuencia directa deste programa sería a creación de arredor de 3.000 empregos en 10 anos. Entón, imputando simplemente o aforro en prestacións de desemprego, pois é preferible pagar a un ocupado porque realice un traballo que estar pagando esas prestacións, conseguiríamos un aforro, ou un

uso alternativo de 26 millóns de euros. Ademais de afectar substantivamente á poboación do medio rural galego, reduciríanse as desigualdades interterritoriais presentes, pois calquera ferramenta que permita frear ese declive poboacional sería positiva.

Polo tanto, a suma de todos os efectos positivos da valorización enerxética da biomasa, situaríanos nun diferencial neto de danos evitados na orde de 80-90 millóns de euros ao ano, é dicir, de aproximadamente 8 céntimos de euro por kilowatio-hora producido (c€/KWh) (cadro 2).

O problema é que cos ingresos por venda de electricidade no mercado, o produtor apenas cubriría os custos de xeración e en ningún caso se conseguiría compensar o custo

privado da valorización dos residuos extraídos directamente do monte<sup>8</sup>, constatándose un diferencial negativo de 5,33 c€/kWh.

¿Son os danos evitados co programa de substitución de electricidade negra por electricidade verde superiores ás perdas para o produtor? Noutras palabras, xustificárian os beneficios ambientais e sociais unha intervención pública que asumise ese diferencial de custos. A evidencia está nas cifras aportadas, aínda dende uns cálculos extremadamente prudentes.

Se efectivamente esta intervención pública se producise, os ingresos dos produtores poderían ascender a 15 c€/kWh<sup>9</sup>, é dicir, máis do dobre respecto aos ingresos actuais. Entón, aínda

CADRO 2. DIFERENCIAL NETO DE DANOS EVITADOS POLA SUBSTITUCIÓN PARCIAL DE COMBUSTIBLES FÓSILES POR BIOMASA EN GALICIA

	Millóns de euros/ano
Emisións contaminantes	29,76 – 40,56
Incendios forestais	23,00
Custos sociais de importar hidrocarburos	3,13
Prestacións por desemprego	26,44
Total:	
Carbón	90,00
Petróleo	82,33

Fonte: elaboración propia.

aplicando unha axuda por un valor inferior á nosa estimación (8 c€/kWh), tal que compensase as perdas actuais apuntadas (5,33 c€/kWh), conseguiríase acadar a viabilidade económica. En definitiva, unha intervención pública de apoio a xeración eléctrica a partir da biomasa, que intente cubrir a recollida e posta a disposición na planta da materia prima –por outro lado, o proceso do cal se derivan elevados beneficios sociais– acadaría non só a valorización dun recurso actualmente abandonado nos nosos montes, senón tamén axudaría a evitar nalgúns casos, e minimizar noutros, certos problemas sociais e ambientais crónicos do país.

#### BIBLIOGRAFÍA

- Bouhier, A. (1979). *La Galice: Essai Geographique d'Analyse et d'Interpretation d'un Vieux Complexe Agraire*. Tradución realizada por Casal, B. (2001). *Galicia: Ensaio Xeográfico de Análise e Interpretación dun Vello Complexe Agrario*. Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria - Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- Comisión Europea (2005). "Plan de Acción sobre la Biomasa". COM (2005) 628 final. Bruxelas.
- European Commission (1995-1999). *ExternE, Externalities of Energy (Vol. 1-10)*. Office for Official

Publications of the European Communities, Luxembourg.

IDAE-MINER (1999). *Plan de Fomento de las Energías Renovables en España (2000-2010)*. Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía, Madrid.

Prada, A., Vázquez, M.X. e Soliño, M. (2006). *Electricidad verde. La Biomasa en los Montes de Galicia*. CIEF - Fundación Caixa Galicia, en prensa.

Xunta de Galicia (2000). *Libro Branco da Enerxía: Galicia*. INEGA, Santiago de Compostela.

Xunta de Galicia (2001). *O Monte Galego en Cifras*. Consellería de Medio Ambiente: Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, Santiago de Compostela.

#### NOTAS

1. No mes de Xullo pasado presentamos un libro editado pola Fundación CaixaGalicia titulado "Electricidad verde. La biomasa en los montes de Galicia", do cal son coautora (con Albino Prada e Mario Soliño), e que describe todos os detalles da investigación que deu lugar, entre outros, aos resultados presentados neste artigo.

2. Un argumento que explica en parte isto é que os prezos que eran de corenta euros por metro cúbico de madeira pasaron do ano 1999 ao ano 2005, en termos reais, a preto dos 25 euros. Así que este é un incentivo, para que quen teña que xestionar o monte arborado, sexan eucaliptos ou piñeiros, para abandonar os coidados silvícolas, de mantemento, de tratamentos, etc.

3. Facemos esta puntualización porque outros autores inclúen tamén como "biomasa" certos cultivos realizados

expresamente para a produción de enerxía, ou incluso residuos gandeiros ou de industrias de transformación da madeira. No noso caso, só consideramos limpeza de monte baixo e podas ó analizar a pontencialidade dos montes galegos, co cal estamos adoptando un enfoque extremadamente prudente.

4. A Comisión Europea advirte sobre a necesidade de tomar prevencións de cara a realizar unha extracción sostible dos residuos forestais e, ao mesmo tempo, afirma que nalgúns rexións a súa extracción axuda a reducir o risco de incendios (Comisión Europea, 2005).

5. Debemos ter en conta aquela porcentaxe de biomasa que hai que deixar no solo por razóns medioambientais, como a loita contra a erosión e o mantemento de nutrientes e, ademais, debemos considerar factores que dificultan a súa extracción como a orografía, a ausencia de camiños de acceso, etc.

6. Kilotoneladas equivalentes de petróleo.

7. Ver Prada et al. (2006) para unha explicación máis detallada do proceso de cálculo.

8. Ver Prada et al. (2006) para unha explicación máis detallada do proceso de cálculo.

9. Derivados do prezo de mercado (3,79 c€/kWh, a prima á produción de electricidade renovable contemplada na lexislación vixente (3,42 c€/kWh) e á internalización de externalidades (8,08 c€/kWh).

## A PERSPECTIVA DE XÉNERO NO TRATAMENTO PENAL DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Ninguén discute hoxe en día os importantes avances en todos os campos que os homes e mulleres españois fomos alcanzando nos últimos vintecinco anos, progresos que permitiron un profundo cambio nas estruturas sociais e os beneficios dos cales todos e todas gozamos día a día. Algúns deles son o acceso dos nenos e nenas á educación; o sistema público de saúde, que permite o acceso universal en condicións igualitarias ante o desenvolvemento dunha enfermidade, ou o acceso ás novas tecnoloxías, que, cando menos á maioría, non a todos nin a todas, nos fai a vida máis cómoda, entre outros avances.

Os movementos de mulleres e a súa loita tenaz en anos anteriores fixeron posible que moitas delas gocen duns dereitos e posibilidades impensables para as mulleres de dúas ou tres xeracións anteriores. Porén, o desenvolvemento do estado de benestar, o crecemento económico e o simple transcurso do tempo por si só non resolven as desigualdades entre os grupos humanos, entre elas as que se producen por razón de xénero, e como consecuencia a sociedade non deixa de arrepiarse, con demasiada frecuencia, ante o incesante goteo de casos que os medios de comunicación nos presentan de mulleres mortas a

mans dos seus maridos e compañeiros, ou das elevadísimas cifras anuais de denuncias por agresións dentro do fogar, presentadas ante as forzas de seguridade do Estado, sen que pareza que a resposta do ordenamento xurídico ou, de ser o caso, dos poderes públicos roce cando menos o aprobado, motivo que conduce a preguntarnos se o desenvolvemento democrático e lexislativo e a capacidade exercida polo poder xudicial non son, neste campo, claramente insuficientes á vista dos resultados.

Somerxernos na análise da violencia contra as mulleres no seo do fogar e a busca de instrumentos eficaces para combatela esixe *a priori* renunciar a esa imaxe amable e esperanzadora que nos mostra o ordenamento xurídico español actual e, en particular, a lectura dos dereitos fundamentais recollidos pola nosa Constitución; e mesmo cando a situación das mulleres españolas é claramente privilexiada atendendo ao que ocorre en moitos outros países do resto do mundo, iso non obsta para ter que asumir que o panorama é claramente desalentador e que ás veces non sabemos se avanzamos ou retrocedemos.

Co ánimo de profundizar na análise sobre a problemática da violencia contra as mulleres e o

seu tratamento penal na normativa española é necesario preguntárnos por que o noso ordenamento xurídico non serviu como instrumento para combater a violencia contra as mulleres, cales son as opcións e alternativas, ata qué punto hai que ter en conta a decisión das vítimas e cal é o prezo que a sociedade no seu conxunto deberá pagar pola elección do sistema para erradicala; e iso porque encontrar o camiño que permita erradicar o exercicio da violencia nas relacións entre homes e mulleres debería levarse a cabo sen que supoña o debilitamento dos principios esenciais do dereito penal; non perder de vista esta premisa ha de constituír un obxectivo primordial.

Partindo destas premisas fíxose un traballo de investigación, que está estruturado formalmente en tres capítulos.

O primeiro deles analiza a relevancia que para os distintos estamentos da sociedade española tivo a resposta que o ordenamento xurídico previu ante o exercicio da violencia habitual dentro do seo do fogar, con especial referencia ás distintas teorías que tratan de atopar a orixe e as causas do exercicio destas condutas e o grao de tolerancia ante a súa reiteración.

Coa mirada posta na estrutura social, como punto de apoio básico para a consecución e reprodución desta actividade delituosa, preséntase a necesidade de introducir a perspectiva de xénero tanto na análise dogmática do tipo penal que castiga a conduta delituosa, como na análise da resposta dada por cada un dos operadores xurídicos que dunha ou outra forma interveñen na súa persecución; así, afóndase nas distintas consideracións que a doutrina penal tivo en conta á hora de avaliar a resposta dada por quen legisla, o papel do ministerio público e a análise das resolucións ditadas por xuíces, xuízas e tribunais, destacando, no seu último apartado, a existencia dunha serie de propostas que cuestionan, novamente, a intervención do sistema penal ante algunhas das condutas que quen legisla concibiu no seu momento como obxecto de sanción penal.

Cómpre recoñecer que o encubrimento cultural e a invisibilidade teñen sido un dos obstáculos máis eficaces á hora de buscar remedios á problemática da violencia contra as mulleres. Negar esta apreciación suporía negar a evidencia; pero non podemos manifestar conformidade con que tal realidade xustifique a

non-intervención do dereito penal, sobre a base de que se trata dun conflito tan arraigado na sociedade, sen entrar a avaliar se iso tan arraigado ten entidade suficiente como para ser tutelado penalmente. Conformarnos suporía deixarse descansar no arraigo histórico dos costumes dos pobos, e abandonar ao destino que lles tocou vivir a unha parte importante da sociedade que sofre habitualmente un atentado a uns bens recoñecidos pola Constitución española como dereitos fundamentais.

A erradicación da violencia contra as mulleres, sobre todo cando se converte nun modo habitual de conduta e preside as relacións dos membros dalgúns familias, constitúe un obxectivo ineludible se lles queremos ofrecer ás novas xeracións algo máis que a mera proclamación do principio de igualdade, por moi importantes que teñan sido os pasos dados no ámbito legislativo e de desenvolvemento do principio ata a data, e xa non só do citado principio, senón da súa natural consecuencia, como é a vixencia do principio de non-discriminación por razón de sexo.

Porén, é evidente que os mecanismos establecidos ata a data resultaron claramente ineficaces; por iso é imprescindible modificar o



método de traballo, en definitiva, as regras do xogo, e un dos camiños estriba precisamente en introducir a perspectiva de xénero no estudo das causas, dos motivos e das posibles solucións a unha problemática con importantes repercusións xurídicas, sobre todo, no ámbito penal. Faise inevitable non só o exame dos actos que poidan ser obxecto de axuízamento, senón a análise do contexto en que tales actos se producen e o inevitable influxo das especiais condicións de desigualdade en que aínda se desenvolven moitas persoas.

Se aceptamos como válida a teoría que sitúa a orixe e as causas da violencia contra as mulleres no lugar ou rol que a muller desempeñou na sociedade, con independencia de que existan

<p>factores como o estrés, o alcohol, as drogas ou o desemprego que agraven substancialmente estas condutas, en definitiva, que a repartición de poderes entre sexos que leva implícita unha distribución de funcións atendendo ao xénero a que pertence ten sido, e aínda constitúe, o caldo de cultivo para o desenvolvemento de tales condutas, a busca de alternativas deberá pasar necesariamente pola introdución da perspectiva de xénero na análise da problemática, e máis concretamente no estudo do marco xurídico que contén medios para combatela. A análise do impacto que unha norma penal, na súa promulgación, na súa aplicación ou na súa execución, ten sobre os individuos dun ou outro sexo constitúe un instrumento que o ordenamento xurídico non pode desprezar.</p> <p>Os actuais instrumentos dentro do ámbito da xurisdición penal e as modificacións que se leven a cabo no ordenamento non poden perder de vista a propia natureza e especificidade da violencia contra as mulleres; problemática que, pola súa propia virulencia, gravidade e características, debe, ao meu xuízo, ter un tratamento específico no noso sistema penal.</p> <p>No capítulo segundo trátase de identificar o obxecto de tutela no delito de violencia habitual,</p>	<p>que, se ben na actualidade se encontra previsto no actual apartado 2º do artigo 173 do Código penal, dentro do título VII destinado ás "Torturas e outros delitos contra a integridade moral", a determinación de cal é o ben obxecto de tutela por parte da orde penal foi motivo dunha importante controversia, e as distintas consideracións vertidas polos distintos autores para xustificar unha ou outra postura permiten tamén delimitar a importante evolución que sufriu a análise e a consideración xurídica das condutas axuizadas.</p> <p>Por todo iso, nese capítulo afóndase nas distintas posturas que a doutrina e a xurisprudencia sostiveron e que centraron o obxecto de debate na saúde ou integridade física ou psíquica das persoas, a paz familiar, a dignidade ou a integridade moral das persoas. A análise e a delimitación de "a quen protexe" o noso ordenamento xurídico cando castiga a violencia contra as mulleres permitíranos percibir se estamos ou non ante un indicador máis da desigualdade.</p> <p>É indiscutible que o exercicio da violencia física ou psíquica pode producir a lesión doutros bens necesitados de protección xa considerados polo texto penal, pero cando o exercicio da violencia se leva a cabo de maneira reiterada, cando se</p>	<p>converte no mecanismo de comunicación corrente por parte dun membro da parella contra o outro, ou mesmo contra os menores ou anciáns que conviven no ámbito familiar, chegando a afectar ás vítimas na súa integridade como seres humanos e provocando mesmo o derrubamento moral que lles impide buscar a saída a esa dinámica de violencia, o ben xurídico que resultou gravemente vulnerado xa non é a súa integridade física ou psíquica, senón a "<i>integridade moral</i>" que define ao ser humano como ben xurídico autónomo; en definitiva, trátase de castigar a conduta que leva consigo o sometemento da vítima a un estado de humillación continua, ao mantemento dun clima presidido pola constante actitude hostil e intimidatoria, de negación como persoa, e cuxa última finalidade radicaría no mantemento ou, se é o caso, restablecemento do equilibrio nas relacións de poder como obxectivo prioritario; unhas relacións de poder en que o suxeito activo da agresión se cre merecedor dunha posición preferente no ámbito da relación de parella ou familiar, consideración que non encontra amparo nin lexitimación, hoxe en día, nin no ordenamento xurídico, nin na estrutura social.</p>
<p><b>A C T U A L I D A D E</b></p>		

<p>Durante moito tempo resultou difícil para moitas mulleres confiar no sistema penal como un instrumento capaz de resolver a grave problemática na que se desenvolvía unha vida presidida pola violencia, cando a mensaxe que transmitían os que interpretaban e aplicaban a lei era que o castigo deviña do agravio á familia como institución básica do noso ordenamento xurídico, ou cando sobre a base da estrita aplicación do principio de legalidade deixaba fóra da súa intervención e da súa protección aspectos da vida das persoas ás que o ordenamento xurídico penal non facía mención explícita pero ao que o texto constitucional conceptuaba como dereitos fundamentais cuxa protección corresponde, antes que a ningunha outra orde, ao dereito penal.</p> <p>A consideración actual de que o ben xurídico protexido no delito de violencia habitual previsto no artigo 173.2 é a integridade moral da persoa, en definitiva o dereito a non ser tratado como unha cousa, como un obxecto, senón como un suxeito de dereitos e dono de si mesmo, como cidadán con capacidade para rexer a súa vida, tomar decisións en todos os aspectos que lle concirnen tanto no ámbito do privado como socialmente, e facer conciliable o respecto a unha identidade propia,</p>	<p>a un desenvolvemento individual compatible co desenvolvemento dunha vida familiar e persoal plena, constitúese no inicio dunha nova consideración e interpretación da realidade criminolóxica obxecto de análise.</p> <p>A consideración de que é a integridade moral das mulleres o que resulta profundamente vulnerado polo exercicio da violencia permite percibir que o lexislador e o intérprete do dereito están un pouco máis cerca da protección dos dereitos fundamentais, que iniciaron o camiño adecuado e oportuno para resolver aqueles conflitos que en demasiadas ocasións segaron a vida de moitas mulleres.</p> <p>No capítulo terceiro analízase a busca do lexislador de 2003 e 2004 de solucións a problemática da violencia, sentando dúbidas sobre a eficacia da intensiva utilización do dereito penal como medio de amortecer a “alarma social” que provoca o exercicio da violencia; con especial análise da posta en funcionamento do Punto de Coordinación das Ordes de Protección de Galicia</p> <p>A análise da situación actual permite afirmar que é imprescindible modificar o discurso, é inevitable realzar novamente o carácter universal da dignidade das persoas, e a capacidade destas para decidir</p>	<p>individualmente o camiño e a concepción propia dos seus límites. Os homes e as mulleres deberán caracterizarse pola súa propia autonomía racional e moral, pola súa propia capacidade de tomar decisións e elixir o camiño que desexen, tanto no ámbito da súa vida privada como no ámbito do público.</p> <p>E ás propias mulleres correspóndelles decidir e esixir o cumprimento dos seus dereitos desde as súas experiencias concretas, desde o seu propio sufrimento. A decisión e determinación de cal é a medida dese sufrimento, de cando os dereitos foron ou non vulnerados non debe estar ao arbitrio dunha interpretación realizada polos órganos xurisdiccionais; por iso e en atención a esa capacidade de exercer a liberdade de elección dunha forma plena, é imprescindible que exista plena participación das mulleres e dos homes no proceso de creación das normas. O exercicio dos dereitos fundamentais está esencialmente ligado aos homes e ás mulleres, que, dotados dos mesmos dereitos, poden optar pola súa realización ou por prescindir diso nun determinado momento, e esa elección é un proceso insubstituíble e irrenunciabile.</p> <p><i>Hoxe sabemos que a maior das inxustizas é tratar igual os que</i></p>
<b>A C T U A L I D A D E</b>		

*son desiguais, porque ao facelo reproducimos a desigualdade!*; e dicíamos en páxinas anteriores que centrar a solución nun dereito penal que, partindo desa aparente neutralidade, incida nunha maior criminalización ou no agravamento das penas sen que iso se complemente coa suficiente dotación de recursos, co recoñecemento á propia identidade dos suxeitos pasivo e activo do delito, conduciranos a un camiño sen retorno, sobre todo á vítima, pero tamén ao resto da sociedade que presencia como o noso dereito esencialmente garantista se ve profundamente modificado, sen obter resultados.

Quizais a aplicación das medidas previstas na Lei integral de medidas contra a violencia de xénero nos permita contemplar o comezo do final do túnel, un cambio de rumbo que lles posibilite ás mulleres percibir que a utilización do dereito é algo máis que un xogo de especialistas que, observando desde a distancia, delimitan e deciden sobre a vida das persoas; a montaxe dun crebacabezas no que os operadores xurídicos buscamos o encaixe das pezas, incluso aínda que rematar o crebacabezas non leve consigo ningunha solución: **como se a procura da resolución perfecta fose en si mesmo o fin perseguido polo dereito.**



Os poderes públicos teñen na súa man os instrumentos necesarios para cambiar o rumbo iniciado nos últimos anos; a resposta penal xa se está producindo; pero se esta resposta non vai acompañada do esforzo dos responsables doutros ámbitos, estaremos reconducindo as vítimas a un precipicio. A sociedade non pode seguir observando atónita o odioso prexuízo que se esconde tras a discriminación, a desigualdade e o doloroso escenario da violencia contra as mulleres; coa participación e o esforzo da outra metade da humanidade permitírase recuperar a idea da Igualdade e a Xustiza como Dereitos Fundamentais e irrenunciáveis que as mulleres poden exercer sen ningún obstáculo; e iso non é máis que

tocar o corazón e a esencia do Estado Social e de Dereito; en definitiva recuperar "a metade do aire, a metade do ceo".

Erradicar a desigualdade non é competencia do dereito penal, pero si lle corresponde intervir ante o exercicio da violencia como a manifestación máis cruel desa desigualdade. Acceder a demandas exclusivamente retribucionistas non é o medio idóneo para lograr o desenvolvemento do principio de igualdade, pero inhibirse ante a posible aplicación de instrumentos penais contra a forma máis perversa da desigualdade, a violencia de xénero, suporía permitir que se quebren os cimentos nos que se sustenta o Estado de Dereito.

Vincular unha maior eficacia na resolución dos conflitos no posible incremento das penas, ou na creación de novos tipos penais é a opción de determinadas opcións políticas que deslocalizan e desvían a raíz do problema; daquelas opcións políticas que cando se trata de condutas vinculadas á violencia contra as mulleres, parece que da noite para a mañá imos conseguir importantes solucións, ata aínda que as vítimas non o desexen, ata aínda que resulte sobradamente probado que a resolución do conflito vai desencamiñada.

A man dura, a limpeza das rúas, o cumprimento íntegro das penas, a prolongación das penas privativas de liberdade, a reforma da prisión provisional, a maior intervención policial e en definitiva un dereito penal máis rigoroso nas súas vertentes substantiva, procesal e penitenciaria é a forma irreflexiva de intentar resolver aqueles problemas que merecerían un tratamento máis multidisciplinar, mais dotado de recursos e impregnado da atención ás vítimas como finalidade prioritaria compatible coa sancionadora.

A verdade é que a creba dos principios de humanidade, de proporcionalidade, de reinserción social a través dunha maior intervención penal cun incremento significativo da resposta punitiva, déixanos entrever unha sorte de neoliberalización no pensamento, e unha certa resignación ante un modelo de Estado que paulatinamente foi substituíndo a política social pola política criminal, que ademais é máis barata. Creo que 18 reformas penais nos últimos 8 anos son máis que suficientes.

Pero é evidente que os mecanismos establecidos ata a data resultaron claramente ineficaces; por iso é imprescindible modificar o método de traballo, e o camiño constitúe precisamente o

introducir a perspectiva de xénero no estudo das causas, dos motivos e das posibles solucións a unha problemática con importantes repercusións xurídicas, sobre todo no ámbito penal.

Os poderes públicos teñen na súa man os instrumentos necesarios para cambiar o rumbo iniciado nos últimos anos; a resposta penal xa se está producindo; pero se esta resposta non vai acompañada do esforzo dos responsables doutros ámbitos, estaremos reconducindo ás vítimas a un precipicio.

Quixese, para finalizar, dedicar este texto ás mulleres que sufriron a problemática da violencia e tiveron a valentía de denunciar.

Moitas desas mulleres sentíronse alleas aos textos legais e ás reformas que conteñen. Aínda que escoiten con frecuencia que as leis se acompañan de posibilidades e de instrumentos para modificar as realidades, malia ser as vítimas máis vulnerables, esas posibilidades poucas veces chegaban. En realidade moitas destas mulleres percibiron que a lei non as recoñece.

Pero tamén ás que non se atreveron; ás que o enorme peso dunha estrutura social non igualitaria impediulles tomar esa decisión. Unhas e outras son

acreedoras dos esforzos que agora están dispostos a realizar os poderes públicos en Galicia.

As mulleres neste país realizaron un esforzo considerable por inducir o cambio social. En só unhas décadas cambiamos a sociedade que herdamos, cambiárona desde o momento en que se incorporaron masivamente á educación, por que non hai ningunha sociedade que permaneza inamovible cando as súas mulleres teñen uns bos niveis educativos, cambiou desde a súa imparabile inserción no mundo do traballo remunerado, a través das súas lexítimas achegas á política, por medio da subversión da orde familiar e moral e contamos agora coa complicidade dos varóns que tamén tratan de superar as inercias do pasado e facer cambalear os cimentos dunha sociedade ás veces moi obstinada no seu mantemento e a sociedade non pode seguir observando atónita o odioso prexuízo que se agacha trala discriminación, a desigualdade e o doloroso escenario da violencia contra as mulleres.

NOTA

1. RUBIO, A. *Análisis jurídico de la violencia contra las mujeres*". Instituto Andaluz de la Mujer. Estudios nº 18, pax.32

A C T U A L I D A D E



## ARTEMISIA GENTILESCHI

A historia da arte nega ás mulleres, a muller non é nada, é un ente baleiro, xa que logo, os datos persoais son os que definen as súas biografías. Se tomamos como exemplo a Frida Khalo, Sofonisba Anguissola ou Artemisia Gentileschi, a súa historia está escrita sempre en relación cos homes que estiveron ao seu carón, como se elas non posuíran por si mesmas valores artísticos, sen necesidade de asocialas a un home. Presentan así mesmo estereotipos sobre a condición feminina e a súa problemática, como se os homes artistas non tiveran rasgos persoais ou experiencias vitais que afectaran á súa actividade estética ou axudaran a salientala. De feito, na historiografía escrita por homes durante varios séculos, as mulleres artistas existen, como se estiveran dotadas milagrosamente de cualidades especiais e non serven como modelo para o resto das mulleres.

Artemisia Gentileschi é, a pesar do escurecemento ao que estivo sometida durante varios séculos, un dos artistas máis importantes do Barroco. Aínda así os seus comezos como pintora non foron moi diferentes aos das outras mulleres da súa época. Confinada no fogar, foi formada polo seu pai como a maioría das mulleres artistas, sendo a única dos fillos de Orazio en seguir os

seus pasos, dende moi nova, limpando os seus pinceis ou facendo as mesturas das cores. A súa aprendizaxe no obradoiro, na que primaba a educación artística, xa que ela case non sabía ler nin escribir ata os dezaoito anos, permítelle acadar unha formación que a situará posteriormente entre os artistas máis afamados da súa época.

Foi unha pintora recoñecida polos seus contemporáneos, e ela mesma considerábase artista. A ambición de Artemisia, non era parecerse aos pintores, senón ser un deles. Crítica coa súa propia obra, resístese ante as esixencias dos compradores, mentres independente e autosuficiente, consegue expresar a súa propia visión da vida, a partir dunha proposta artística persoal, pois ela, pensa sempre en termos pictóricos.

Aínda así, a súa figura coñecerase debido a un feito alleo á pintura, como son a violación e o xuízo posterior, que marcan a súa vida e a súa obra, aparecendo na historia da arte, coma unha muller lixeira e libertina, mais que como a artista poderosa que foi. Esa condición de libertinaxe, reflicte a súa condición de independenciam, incluso sexual, nunha sociedade machista, pero que define unha personalidade forte e independente, de muller que sabe o que quere no camiño

da vida e da arte. Xulgada para desacreditala como femia e como artista, –e pode que o primeiro sexa un pretexto para restarlle importancia á súa pintura– será a súa imaxe de *femme fatale* a que pase aos nosos días, ata que a partir dos anos noventa, a crítica feminista reivindicou a súa figura.

Artemisia, nace en Roma no ano 1563, e aos 16 anos firma a súa primeira obra **A Virxe, realizada no obradoiro do seu pai. Antes dos 18 anos pinta tamén Susana e os vellos e A Tañedora de laúde.** Desde moi pequena, permítéselle o acceso ao estudo paterno, coa condición de que ninguén lle dirixa a palabra. Pero a protección paterna foille de pouca axuda cando Agostino Tassi, que traballaba no taller e lle ensinaba perspectiva, a violenta con só 17 anos. O pai levou o caso aos tribunais, pero Tassi acúsaa de fornicar con outros homes, e Artemisia é torturada e humillada ante o tribunal. Tras o xuízo casa cun pintor e trasládase á Florencia de Cosme II, pero o



matrimonio fracasa e volta a Roma no ano 1620, onde mantén unha relación amistosa e profesional co pintor Simon Vouet, e aparece en diversos documentos como cabeza da familia. No ano 1631, vai a Nápoles onde se desenvolve no grupo de pintores *caravaggistas* e posteriormente realiza unha viaxe a Inglaterra e para a Corte de Carlos I, pinta diversos encargos. A influencia de Caravaggio apréciase na monumentalidade das figuras, no naturalismo e no emprego do claroscuro, así como no sentido dramático das súas obras, pero tamén se aprecian nelas unha cor rica e un virtuosismo que a achegan ao ambiente florentino e a pintura clasicista boloñesa. A súa importancia como pintora, vén dada polo ingreso na Academia de Deseño de Florencia no ano 1616, sendo a primeira en ser admitida desde a súa fundación no ano 1563.

No ano 1641 regresa a Nápoles, deixando á súa morte dúas fillas, que parece ser non continuaron a súa labor artístico.

Artemisia é a primeira muller na historia da Arte cun interese incuestionable, e a súa obra é un reto sobre a educación e o comportamento que as prescricións humanistas facían das mulleres artistas da época, pero o que fai que sexa

salientable na actualidade, ademais de pola boa factura das súas obras e pola relación entre arte e vida que se rescata da súa pintura, é a innovación en canto ao tratamento do tema e o papel da muller na iconografía dos seus cadros. Como Elisabetta Sirani, importante artista boloñesa e contemporánea, participa do interese polo tema da muller heroica, cinguida aos requisitos do drama barroco e afastadas dos ideais máis pasivos sobre a feminidade que aparecían no Renacemento. O recoñecemento da súa propia feminidade e a traxedia que viviu reflíctense en varias obras e mantéñense durante toda a súa vida, nunha serie de pinturas nas que a muller aparece como vítima dunha sociedade inxusta. As súas heroínas, *Judit*, *Esther*, ou *Cleopatra*, son mulleres fortes e independentes na historia de iconografía do barroco, pero ás que Artemisia da un tratamento especial.

Unha das súas primeiras obras coñecidas, **Susana e os vellos**, reflicte no tratamento do espazo a súa anguria ante o acoso dos homes que frecuentaban o obradoiro do seu pai. Na iconografía tradicional, Susana aparece como unha muller sabedora da súa beleza, retratada en xardíns ou perto do baño, e sabéndose espiada polo vellos,

pero non existe anguria no seu rostro, senón un sorriso complacente ante a certeza da súa fermosura. Pero, Artemisia coloca a Susana, sen ningún tipo de adorno, sen xoias, nun lugar onde existe unha barreira arquitectónica. Susana, sentada e cun aceno de anguria se resiste ante as verbas lascivas dos vellos cun xesto de rexeitamento, mentres se elude o *voyeurismo* evidente noutras representacións. Os homes achéganse perigosamente á rapaza, nunha forte composición piramidal, ante unha balastrada, que se converte nun muro, como símbolo do desagrado de Susana ante a insistencia dos vellos. A pedra, corta horizontalmente o espazo, negando profundidade ao cadro e empurrando a rapaza ata diante. A luxuria dos vellos, collidos polos ombreiros, pechan a composición reforzando así a violencia non só sexual senon tamén psicolóxica á que se ve sometida. Estes dous homes representan a faciana máis brutal do poder, ninguén crerá á vítima, pero Artemisia, narra a súa resistencia, resistencia que con toda probabilidade ela tivo tamén ante as proposicións do seu violador Tassi. O aceno que un dos vellos fai ao espectador implica que este forme parte do espazo pictórico, e implica tamén un contido moito máis turbador que transforma os convencionalismos da pintura do

## A C T U A L I D A D E

século XVII e dálle un novo sentido á representación da figura feminina.

O tratamento naturalista do nu feminino que contrasta co doutros artistas, pode ser debido á súa condición de muller, -ás mulleres estáballes prohibida a representación dos corpos espídos dos homes, pero tiñan unha gran familiaridade co corpo do seu propio sexo- nunha interpretación sorprendente, nunha composición que semella a transposición da súa vida nese momento, e que transmite a anguria da muller que trata de afastar aos seus agresores.

Outra das súas pinturas, que ten dúas versións, **Judit e Holofernes**, reflicte a súa preocupación sobre o papel da muller na sociedade, e algúns críticos ven nela, a vinganza sobre o seu violentador. Representa unha desviación radical da versión de Orazio sobre o tema, na complicidade das dúas figuras femininas comprimidas nun mesmo espazo, e constrúe unha heroína que trascende a moral imposta, cun comportamento na esfera pública que lle era negada ás mulleres. A disposición das miradas das dúas mulleres racha a convencional relación entre o espectador masculino activo e a muller receptora pasiva. *Judit*,

heroína bíblica, mata ao xeneral coa axuda dunha serventa, pero o tratamento do espazo así como a colocación das figuras, serán diferentes con respecto a outros artistas como Caravaggio ou Rubens. *Judit*, no cadro de

Artemisia, aparece como unha muller forte, alonxada do noxo que reflicte a cara da heroína de Caravaggio.

A forza dramática, sostida en Caravaggio na confrontación dos personaxes, aparece agora na



A C T U A L I D A D E

acción. As dúas mulleres enmarcadas nun formato vertical, conforman un cruce de diagonais que poñen en relación aos tres protagonistas da escena, *Judit*, afástase da muller sedutora e perigosa así como da inxenua, ou de *médium* para o castigo do tirano, ante a violencia exercida que se nos presenta máis próxima, debido ao carácter físico e corpóreo da execución. Así mesmo, no camafeo que porta na cabeza, aparece a representación dun David, decapitador de Goliat, que será o equivalente varón de *Judit*, na iconografía relixiosa barroca. No xogo dos brazos e a forza que a muller, fai sobre o home, a boca nun xesto serio e a concentración que posúe todo o seu corpo, mentres agarra o pelo de Holofernes e lle corta a cabeza, ante a forza do home, que tenta rexeitar á criada cunha man enorme, afasta a *Judit* doutras versións máis compracentes do tema. É, sen lugar a dúbidas, unha escena violenta, sen sublimar, e poucas veces descrita na historia da pintura, a dunha muller contra un home, nun fondo escuro e baleiro que lle confire un efecto claustrofóbico e resalta o sangue que cae da cabeza de Holofernes, e na que Artemisia, recupera a *Judit* como protagonista da súa propia historia, cunha acción case en directo, en primeiro plano, que evoca un tempo suspendido. Algúns críticos, recoñecen na

representación da escena dous retratos, o da propia Artemisia, e o de Tasso, nunha sorte de xustiza poética, ante a incapacidade de Artemisia como muller de salvar a súa honra e mostrando ao mundo a perversidade do seu profesor de perspectiva. A degolación suxire así a castración simbólica de Tassi.

Pero Artemisia, reivindica tamén a historia das mulleres agraviadas noutras pinturas. Así *Cleopatra* e *Lucrecia*, das que fai diversas versións, son mulleres libres que deciden o seu destino, dignas e sen connotacións negativas, que posúen unha iconografía semellante.

Son mulleres fortes, aínda que semellen novas e fráxiles, en contraste entre a elegancia de que fan gala e a pose violenta, no caso de *Judit*, ou que se autocastigan ante a imposibilidade de vinganza como no caso de *Lucrecia*. *Lucrecia*, violada por Tarquino, pertence a un episodio da historia de Roma, e será representada por Artemisia, coma unha mártir, nunha época en que unha muller, era considerada como mercadoría ou valor de cambio, só se preservaba

a súa castidade. A dor emocional que sentiu toda a vida pola humillación da violación e do xuízo na súa adolescencia, aparece na dor da muller que non desexa morrer, pero que sabe que debe facelo, como no caso de *Lucrecia*.

A importancia de Artemisia como artista, recae na procura doutros valores alleos aos das mulleres da súa época, nos que existe o sacrificio da vida persoal a través da arte, nunha actitude vital apreciable nas súas cartas, que amosan un carácter forte e



A C T U A L I D A D E

autónomo e a conciencia de ser muller nun medio alleo, pero que confía no valor do seu oficio e da súa profesionalidade Artemisia non fai unha pintura feminina de flores ou obxectos domésticos, nin bodegóns, aínda que aparecen subordinados ao tema principal, e comparte os usos artísticos do seu contorno e dos seus contemporáneos coma unha igual, sendo a pervivencia da súa obra noutros autores, o que mellor reflicte a importancia que coma artista tivo na súa época.

Neste sentido, a conciencia da súa condición de creadora aparece claramente expresado no seu **Autorretrato como Alegoría da Pintura**, que pode ser analizado como un sofisticado comentario sobre un tema central na teoría da arte do Renacemento, –o que comporta uns coñecementos moi afastados do seu primitivo analfabetismo– un reto a tradición artística na creación dunha imaxe, non realizada por ningún artista masculino. O seu autorretrato representa a unha figura alegórica que ao mesmo tempo é unha imaxe propia, e otorga os atributos da personificación feminina da Pintura a ela mesma, identificando a pintura coma unha das artes liberais, e afundindo a alegoría e a artista nunha mesma imaxe, nunha soa figura. A diferenza dos autorretratos de

Sofonisba Anguissola é clara, por vez primeira, unha muller artista non se presenta como unha dama, senón no mesmo acto de pintar.

Artemisia, deixou unha forte impronta na pintura, a súa morte, no ano 1652, con 34 pinturas e cartas confirmadas da súa autoría, algunha a Galileo, con quen tivo unha grande amizade, foi a primeira muller en pintar escenas e motivos relixiosos, a primeira muller en ser admitida na Academia da Arte de Florencia, a primeira en gañarse o sustento a través da pintura, e a única muller que adopta o Caravaggismo. Artemisia foi unha grande artista do Barroco, que comenta nunha das súas cartas: “As miñas obras falarán por min”.

Certo.

#### BIBLIOGRAFÍA E SELECCIÓN DE SITIOS WEB:

- Bornay, Erika: **La cabellera femenina**. Ensayos Arte Cátedra. Madrid. 1994.
- Cao, Marián (coor.): **Creación artística y mujeres**. Nancea. Madrid. 2000.
- Chadwick, Whitney: **Mujer, Arte y sociedad**. Ediciones Destino. Barcelona. 1992.
- Pérez Carreño, Francisca: **Artemisia Gentileschi**. *El arte y sus creadores*. Historia 16. Madrid. 1993.

- <http://www.escaner.cl/escaner54/articulo.html>
- <http://www.romecity.it/Artemisiagentileschi.htm>
- <http://www.livronet.com.br/arteyestilos/biografias/pintores/gentileschi.htm>
- [http://www.spanisharts.com/history/barroco/barroco\\_artemisia.html](http://www.spanisharts.com/history/barroco/barroco_artemisia.html)
- <http://www.eha.boj.org/repositorio/biografias/g/msg00012.html>
- <http://www.groups.msn.com/arsmagna/artemisiagentileschi.msnw>
- <http://www.artchive.com/artchive/G/gentileschi.html>
- <http://www.cronologia.it/storia/biografie/artemisia.htm>

#### OBRAS NO ARQUIVO (POR ORDE)

- 1.- Susana e os vellos (1610) Pommersfelden. Colección Schönborn.
- 2.- *Judit* decapitando a Holofernes (1612-13) Nápoles, Museo de Capodimonte.
- 3.- *Judit* decapitando a Holofernes. (ca. 1620) Florencia, Galería de los Uffizi.
- 4.- Cleopatra (1621) Milán. Amadeo Morandotti.
- 5.- Lucrecia. (1642-43) Nápoles, Museo de Capodimonte.
- 6.- Autorretrato como Alegoría de la Pintura (1630) Londres, Kensington Palace.

## UN RECORDO PARA PURA VÁZQUEZ



**Pura Vázquez** (1918-2006)<sup>1</sup> cantora da terra, fortemente arraigada na Galiza mítica, faleceu en Ourense este mes de agosto. Ignorada durante tantos anos da súa bagaxe poética dentro da súa terra, a *Festa da palabra* tentou mitigar unha pequena parte deste silenciamento, adicándolle un Monográfico a ela e á súa irmá Dora Vázquez, coa que mantivo unha intensa vinculación afectiva e artística.

Marcada pola desolación da Guerra, onde perdeu o seu amor e padeceu a crise de subsistencia familiar, Pura aprendeu as letras da man da súa irmá Dora; e, tamén seguindo os seus pasos, fíxose mestra.

Os primeiros poemas de estudante de bacharelato apareceron na revista *A Zarpa*, con gran entusiasmo por parte do seu pai, quen sempre lle serviu de alento na súa carreira literaria. O seu primeiro

poemario será o froito dun agasallo sorpresa recollido polos compañeiros de Tercio do seu noivo falecido<sup>2</sup>. Apenas 18 exemplares de un libriño que propiciaría as incursións de Pura Vázquez na vida literaria ourensá, nas tertulias e na radio.

A súa amizade con Carmen Conde iníciase a partir de *Márgenes veladas* (1944), que entusiasmou á Conde, quen exercerá o seu mecenado, relacionando a Pura co mundo literario madrileño. Así saen á luz: *Desde la niebla* (1951), *Madrugada fronda* (1951) e *Tiempo mío* (1952).

A súa poesía en castelán recibirá o recoñecemento nos círculos literarios de moda, quedando, por dúas ocasións, finalista no Premio Ciudad de Barcelona.

Como filla da súa época, a fame da guerra e a posguerra, a soidade do encerro na aldea ou o desarraigo -provocado pola emigración en Venezuela- marcan os seus poemas. Ademais da versatilidade temática e formal, na versificación de Pura Vázquez enxérgase un risco recorrente nos poetas bilingües: trátase da vinculación entre o idioma e o ton poético. Ousaría dicir que a lingua galega comporta uns acenos xenuínos propios, provocados quizais polo orgullo da terra, a identificación coa terra nai, o panteísmo, e a saudade.

A poesía galega, sobre todo dos primeiros tempos, regala un mundo íntimo, ategado de diminutivos, persistente nas emocións e na hexemonía do mundo feminino e natural. Do intimismo feminino,

Pura Vázquez evolucionará cara ao recoñecemento solidario da súa predecesora Rosalía con chiscadelas ás súas contemporáneas Luz Pozo Garza e Xohana Torres.

En castelán Pura arrinca novos impulsos e rexistros; a súa potencia versificadora, o seu misterio, xa valorado por Carmen Conde. Non se desvincula do diálogo natural nin do gusto pola intimidade, pero se asenta nun lirismo clásico, de Cántico espiritual, ancorado nunha versificación rítmica, medida silabicamente. Nos poemas asoman a propia poeta comprometida xa dentro do universo poético, o amor humano, a carne, o desexo, con lóstregos de rebeldía, máis ontolóxica que particular.

Anque a poesía sexa o máis relevante da súa produción, Pura tamén publicou narrativa, unhas novelas de corte autobiográfico; ademais de dedicarlle —coma a súa irmá Dora, froito da súa profesión-vocación de mestra— garimosa atención á literatura infantil, con poemarios, teatro de monicreques e outras pezas dramáticas para a infancia.

Longa e diversa carreira literaria que chega ao seu fin; Pura Vázquez unha voz ben afinada dentro da *Festa da palabra* e da literatura galega bilingüe.

### NOTAS

1. Vid. *Festa da palabra silenciada* (1996), Monográfico número 12, Vigo, ed. FIGA e Concello de Vigo.

2. Datos recollidos dunha entrevista realizada por MX. Queizán e publicada na *Festa* nº 12.

## PREMIO ROSALÍA DE CASTRO. GALIZA. MAIO 2006

Agradezo aos membros do xuri que me distinguiran con este premio, que leva o nome de Rosalía de Castro, a grande escritora galega que desde mediados do mil oitocentos é unha voz fundamental no coro de grandes voces literarias de España. Rosalía de Castro é ás letras españolas e galegas o que Gabriela Mistral é ás letras chilenas. Son poetas xeniais, atormentadas, visionarias e espirituais, ás que lles tocou vivir nunca época na que as mulleres estaban condenadas ao silencio. Naceron para cantar cos seus versos e o implacable patriarcado non puido calalas. Tampouco as calaron os prexuízos sociais e relixiosos do seu tempo. Os críticos, para os que a palabra "femenino" tiña daquela connotación peyorativa, tampouco puideron calalas. Tildáronas de desenganadas, resentidas, intimistas, sentimentais, pero o pobo, con certo instinto, memorizou os seus versos e transformounos en canción e bandeira, porque se sentiu plenamente representado por eles. Dos críticos mesquiños nin as cinzas quedan, pero os versos vivirán sempre na memoria colectiva. Rosalía de Castro, como Gabriela Mistral, son voces de denuncia e protesta contra a inxustiza social, a pobreza, o clasismo, a situación sometida da muller, o dobre estándar para

xulgar a homes e mulleres, prexuízos. No caso de Rosalía tamén se suma o horror ante a fame que sufriu Galiza na época da súa xuventude, que obrigou a tantos galegos a abandonar o seu lar e emigrar. A súa poesía emigrou con eles e acompañounos, xeración tras xeración, lonxe de Galiza.

Veño dunha familia conservadora, católica e patriarcal, pero tiveron a boa sorte de nacer un século despois que Rosalía, cando as mulleres xa se tiñan organizado en moitas partes do mundo para obter dereito a voto, á educación e certa liberdade que antes eran privilexio de varóns. Nacín seis anos antes da Declaración dos Dereitos Humanos, en tempos da bomba atómica e do Holocausto, cando Europa estaba esgazada pola guerra. Dende aquela, algún progreso temos feito, a pesar de que neste momento o mundo padece o horror da guerra, do xenocidio e do poder mesiánico do imperialismo e o fundamentalismo. Non embargantes, non desespero, porque nos meus sesenta e tres anos presenciei gravísimas crises e en cada unha delas algo aprende a humanidade.

Cando era nova, o feminismo era unha extravagancia; a colonización non se cuestionaba, a India era colonia británica, sen ir máis lonxe; ninguén obxectaba o

racismo, o traballo das criaturas, a violencia doméstica ou o abuso sexual. Cada ano morrían de fame milleiros de persoas na India, en China e en África. Había escravitude, a miúdo era vendida a terra cos animais e cos labregos. Aínda existe a escravitude, pero agora ocúltase porque é ilegal, agás no caso de mulleres e criaturas. Cando en Bangladesh venden unha nena de nove anos a un home de cincuenta, non o chaman escravitude, senón matrimonio. Cando en Camboia e Tailandia venden nenos de cinco anos aos prostíbulos, non se chama escravitude. Non ten nome, ninguén o menciona, eses nenos nunca naceron, non teñen tumba, ninguén os recorda.

Durante a Segunda Guerra Mundial as mulleres tiñeron que realizar os traballos dos homes, mentres eles combatían na fronte. Tocoume medrar nos anos cincuenta, cando esas mesmas mulleres, que lle colleran gusto á independencia, foron obrigadas a regresar ao fogar e parir fillos para reempazar aos mortos. Os homes necesitaban emprego e autoestima. As mulleres: caladas e na súa casa. O meu destino era casar, ter fillos e secundar ao meu marido, cuxa obriga era manterme e cuxo dereito era mandar en min, pero rebeleime dende os cinco anos. Nunca quixen ser unha

vítima, como a miña nai, quixen ser libre, como o meu avó, e para iso estaba disposta a pagar calquera prezo. Non era a única, por suposto, millóns de mulleres novas, coma min, atopábanse no mesmo predicamento. A nosoutras tocáranos levar a cabo a máis estrondosa revolución de todos os tempos: a liberación feminina. Non teríamos sido quen de o facer sen as nosas predecesoras, as mulleres que loitaron soas, as que clamaron no deserto e cuxas voces nos chegan a través do tempo, mulleres coma Rosalía de Castro.

Levo máis de vinte anos escribindo e aprendín pouco de literatura, pero algo aprendín sobre min mesma, porque cada libro é unha viaxe cara a alma e a memoria. Agora coñezo as miñas limitacións e, anque sigo a cometer moitos erros, perdóos con certa lixeireza, porque xa lles collín cariño aos meus vellos defectos. A idade non nos fai máis sabios e mellores, só acentúa o que xa somos. Sempre fun hiperactiva, desafiante, namoradeira e un pouco escandalosa. A idade non me deu calma, tampouco me fixo máis submisiva ou menos namorada, nin me quitou o gusto por chamar a atención. Cando visito Chile, por exemplo, –que a pesar da nosa flamante nova presidenta, Michelle Bachelet, agnóstica,

socialista e nai solteira, segue a ser un dos países máis católicos e socialmente máis conservadores do mundo,– sinto uns desexos tremendos de saír en televisión con plumas de avestruz no cu, para escandalizar aos meus

compatriotas. Esa sensación desaparece nada máis marchar.

Gústame a vida que levei e só me arrepiño da dor que causei a outros. Se puidera vivir de novo, faría máis ou menos o mesmo camiño, anque trataría de empezar



A C T U A L I D A D E



a escribir máis cedo. Agardei trinta e nove anos para o facer, a pesar de que a miña primeira novela, **A casa dos Espíritos**, estivo completa adentro de min durante oito anos, agardando que me atrevera a contala. Se volvera empezar daría as mesmas batallas, sobre todo aquelas contra o machismo, que tantas satisfaccións me aportaron: por cada golpe recibido dei dous.

Estou en idade de dar. Non son unha doce avoíña e espero non selo nunca; son forte, sa e rebelde. Pertenzo a unha xeración única na historia, mulleres que hoxe son vellas activas, que non se visten de negro nin se encerran a chorar polos mortos e a tecer para os vivos. Somos mulleres con educación, saúde e independencia económica, dispostas a loitar polas nosas irmás menos afortunadas e decididas, nada menos, que a mudar o mundo. Desexamos unha irmandade de razas, tribos e nacións. Pretendemos que os débiles sexan protexidos e os recursos dean para todo o mundo, que educación, saúde e liberdade sexan dereitos inalienables. O noso papel é protexer ás mulleres novas e ás criaturas. Non aceptamos a violencia, nin no fogar nin no mundo. Queremos paz. Estamos fartas de que os machos vellos manden aos nosos fillos e aos nosos netos a morrer na guerra. Tócanos nutrir e, no



posible, multiplicar a asombrosa beleza deste planeta. A terra e as súas criaturas necesitan dos nosos coidados e tamén da nosa espada.

¿Que versos escribirían hoxe Rosalía de Castro e Gabriela Mistral? Escribirían da sombra e da luz, da inevitabilidade e do sufrimento e o poder prodixioso do amor. Escribirían da desesperanza, pero tamén de alegría, compaixón e solidariedade. Rosalía e Gabriela serían dúas meigas poderosas, sen temor a nada, decididas a deter a carreira suicida de violencia e consumo que afecta a todo o mundo. Estarían furiosas ao ver como o abismo entre os ricos e a crecente maioría dos pobres, que xa era enorme no seu


tempo, agora xa se fixo insalvable, pero tamén estarían pletóricas desa enerxía que nace da esperanza. Sentiríanse fortes, porque non estarían soas.

Rosalía de Castro e Gabriela Mistral non proporían unha revolución, desas xa tivemos varias. Elas haberían pretender nada menos que un salto evolutivo: consciencia, espiritualidade, xustiza, decencia. Esixirían absoluta integridade. Fascíname esa idea dun salto evolutivo. Imaxinalo ocúpame por completo. Imaxinar un futuro espléndido e traballar por conseguilo apaixóname tanto, que non me queda tempo para envellecer. No máis profundo do meu vello corazón desexo ser heroína e arriscar todo, mesmo a miña vida, para crear un mundo mellor. Non, non só mellor, senón case perfecto. Xa o sei, é unha idea moi arrogante, pero se non imaxinamos a perfección ¿como poderíamos obtela? Como Rosalía de Castro e Gabriela Mistral, teño a secreta aspiración de que a palabra escrita logre motivar á xente, tal vez xente coma vostedes, hoxe reunid@s nesta antiga casa do saber, e que unid@s poidamos primeiro imaxinar e logo obter un mundo case perfecto.

Moitas grazas.

Tradución: Marga Rguez. Marcuño

## ANNA POLITKÓVSKAYA



Anna Politkovskaya, asasinada en Rusia, Octubre do 2006, vítima da súa conciencia moral.

"Denuncio as  
inxustizas porque non  
quero que o meu silencio  
as absolva"

Clara Campoamor



A C T U A L I D A D E

## AS MULLERES DE BRECHT

### UNHA DRAMATURXIA REVOLUCIONARIA

Un dos meirandes reformadores do teatro, no século pasado, co seu paradoxo do dramaturgo e do director escénico, foi Bertolt Brecht (1898-1956), a través da formulación teórica e práctica do "teatro épico". Igual que Diderot expuxera *O paradoxo do comediante* (1830), no que defende o oficio do actor baseado nunhas técnicas de control dos seus medios expresivos, en substitución daquel que actúa enriba do escenario posuído polas emocións e sometido ao seu capricho, Brecht, xera, na maioría da súa produción dramática e ensaística a realidade dun teatro antidramático, anti-ilusionista, no que non se produza unha identificación nin dos actores nin do público cos personaxes, xa que a inmersión emocional que iso supón fai que os acontecementos que teñen lugar sobre o escenario semellen incontestables, inevitables. A ilusión de realidade creada polo teatro burgués e a *pièce bien faite* aséntase nunha estrutura continua da acción, baseada no encadeamento causa-efecto, de tal xeito que todos os elos desa cadea resultan inevitables e imprescindibles, orixinando un sistema fatal con moi poucas posibilidades de emancipación ao seu respecto.

Por outra banda, o naturalismo desenvolvía a submisión do ser humano fronte ao mundo e, en última instancia, instauraba unha fatalidade da materia. Oposto a isto, e influído polo drama en estacións do expresionismo que dominara o teatro alemán do 1910 ao 1920 (con nomes como Wedekind, Kaiser, Toller e Hasenclever), Brecht emprega unha construción dramática fragmentaria coa que rompe co encadeamento indiscutible do teatro burgués, neoclásico, e do naturalista, nos que unha escena conduce a outra mediante unha progresión continua irremisible que, de igual maneira, tamén conduce ao espectador nun *crescendo* cara a catarse. No seu lugar introduce a montaxe de partes separables que lle permitía facer coexistir diversas interpretacións e significacións que se suceden e se xustapoñen. Partes cun sentido pleno de xeito independente, pero que, á súa vez, en conxunto adquiren tamén outro sentido global. Cada unha das escenas das obras de Brecht ten unha significación e revela algo diferente, e a súa sucesión fai emerxer un sentido global. Por exemplo, en *Nai Coraxe e máis os seus fillos* (1939), atopamos unha separación entre as secuencias nas que Ana Fierling actúa como nai e nas que actúa como comerciante, nesa exposición engancha dialecticamente a vida



cotía do suxeito e o contexto social da época. Rexeita mostrar o devir dramático como unha evolución fatal, sen capacidade de resistencia, senón como unha serie de posibilidades que o suxeito pode acometer.

### HELENE WEIGEL, A HEROÍNA PROLETARIA


Na realidade Bertolt Brecht vivía rodeado de mulleres, amantes e estreitas colaboradoras, segundo a polémica biografía que fixo John Fuegi, profesor da Universidade de Maryland (Estados Unidos). A ese contacto co mundo feminino, ademais do transmitido por vía materna, quizais debamos achacar a rica galería de personaxes deste xénero que desfilan pola súa extensa obra, nas que alén das tipificacións sociais, de clase e

<p>oficio, crea á nova heroína proletaria. Mulleres que, aínda ao seu pesar, se erixen en mitos ou en novos arquetipos máis humanizados e menos aristocráticos que as todopoderosas heroínas da traxedia grega.</p> <p>Entre as mulleres reais, colaboradoras do dramaturgo, que deixan a súa pegada na súa obra, temos á escritora alemana Elisabeth Hauptmann (1897-1973), que participou, entre outras pezas, na escrita de <i>A ópera dos catro cartos</i> (1928), <i>Santa Xoana dos matadoiros</i> (1930), <i>A excepción e a regra</i> (1931), e <i>Cabezas redondas e afiadas</i> (1932). Hauptmann acabou casando co compositor e director de orquestra Paul Dessau no 1943, quen crearía as partituras musicais de varias montaxes de Brecht. Logo da morte deste, Elisabeth foi, ademais, dramaturxista do Berliner Ensemble, o teatro de Brecht.</p> <p>A escritora berlinesa Margaret Steffin (1908-1941), quen, segundo o profesor Ricard Salvat, fai unha contribución decisiva á obra <i>Nai Coraxe</i> (1939), colaborou tamén na composición dramaturxica de <i>Os horacios</i> (1934), <i>Terror e miseria do Terceiro Reich</i> (1935), <i>Os fusís da señora Carrar</i> (1937), <i>Vida de Galileo</i> (1938), <i>O parable ascenso de Arturo Ui</i> (1941), <i>O</i></p>	<p><i>interrogatorio de Lúculo</i> (1951), e <i>A boa persoa de Sezuán</i> (1938), obra esta á que tamén contribuíu a actriz Ruth Berlau.</p> <p>Ao surtido grupo hai que engadir tamén á súa amiga Hella Maria Wuolijoki (1886-1954), famosa dramaturga finlandesa, feminista moderada e política radical de ideas marxistas, quen tamén foi, valla as contradicións, unha moi importante muller de negocios, toda unha capitalista, directora de grandes empresas, parlamentaria... No 1940 invita a Brecht á súa mansión de Marlebäck, nese momento o dramaturgo escapaba do réxime nazi xunto coa súa muller Helene Weigel, o seu fillo Stefan, e a súa colaboradora Margaret Steffin. Da casa de Hella Wuolijoki en Finlandia, seguirán o seu periplo cara Moscova e de alí cara aos Estados Unidos. Wuolijoki é co-autora, xunto a Brecht, de <i>O señor Puntilla e o seu criado Mati</i> (1940).</p> <p>Outra estreita colaboradora foi a actriz danesa Ruth Berlau (1906-1974), que dirixía un teatro obreiro fundado por ela en Dinamarca, e a quen Brecht coñece no 1933, durante o seu exilio. Berlau abandonou marido, familia e amigos e seguiu a Brecht deica a morte deste e, segundo o profesor Fuegi, interviu na escrita de <i>O círculo de xiz caucasián</i> (1945), ademais, xunto con</p>	<p>Margaret Steffin, colabora en <i>A boa persoa de Sezuán</i> (1938).</p> <p>Todas estas presenzas femininas simultaneadas coa que era a súa segunda muller, a actriz austríaca Helene Weigel (1900-1971), coa que casou no 1929, despois de teren no 1924 un fillo chamado Stefan, deixaron, sen dúbida, unha importante pegada na súa ampla obra.</p> <p>Mentres Hitler ocupa o poder, a parella Weigel - Brecht vese obrigada ao exilio, ata que volven no 1948 e fundan na República Democrática Alemana o Berliner Ensemble, no Theater am Schiffbauerdamm. A responsabilidade xeral do Berliner, o cargo de "general intendant", era desenvolvida por Helene Weigel, que ademais de exercer como actriz principal coidaba de todos os complexos aspectos administrativos do teatro. Desde a morte do seu marido, hai agora cincuenta anos exactos, a Weigel ocupouse da dirección do Berliner Ensemble ata o final dos seus días.</p> <p>Helene Weigel foi quen ensaiou e encarnou a maioría das personaxes protagonistas do teatro brechtiano, e quen mellor soubo levar á práctica o método interpretativo no que a actriz non pretendía "ser a personaxe", non pretendía identificarse e confundirse con ela, senón</p>
<p><b>A C T U A L I D A D E</b></p>		

“parecer a personaxe”, mostrala, expoñela, mediante o control e o dominio absoluto do sentimento e a creación do “gestus”, ou comportamento que caracterizaba a cada personaxe, poñendo en evidencia o máis destacable dese comportamento no que se incluían as marcas socioculturais e laborais de cada papel.

Resulta bastante lóxico decatármolos da influencia que o traballo da Weigel debeu de ter sobre as mulleres que aparecen na literatura dramática do autor alemán. Brecht, como a maioría dos grandes dramaturgos, era director escénico e escribía a pé de escenario, intervindo e participando en todo o proceso de realización, á beira das actrices e dos actores, a cuxo oficio ten dedicado numerosos artigos e ensaios.

A primeira heroína que prorrompe na dramaturxia de Brecht é Xoana de Arco, a que fora queimada en Rouen en 1431, e cuxa figura atraera, con anterioridade, a Friedrich Schiller, quen escribiu *A doncela de Orleans* (1801), ou Bernard Shaw coa súa *Santa Xoana* (1923). Brecht transfórmaa nunha moza do Exército de Salvación, en Chicago, e envólvea nas disputas dos matadoiros. Xoana Dark (“dark” = ‘escura’) descende ás rexións máis baixas do inferno industrial, e coñece a amarga



Brecht, por Heller (1955-56)

realidade da perversión das clases operarias. Nos matadoiros ve que a pobreza e o desemprego traen consigo degradación moral. En *Santa Xoana dos matadoiros* (1930) desmitifica o heroísmo da traxedia clásica, empregando, entre outros mecanismos, o proceso de “estrañamento” ao facer parodia, alusión e imitación do verso clásico. Os obxectos inmediatos da parodia eran Schiller e Goethe. Na Alemaña pre-Hitler as obras dos clásicos eran ben coñecidas, así a parodia sobre eles resultaba dobremente efectiva.

Xoana comeza coa simplicidade dos ben

intencionados e cre: “O infortunio, como a choiva, vén non se sabe de onde, ninguén o fai, mais el vén”. Ao final comprende o sistema, e pouco antes de morrer di: “ [...] Oh bondade sen froito! Intención estéril! Non cambiei nada”. O capitalismo canoniza aos seus mártires.

Xoana inaugura na produción de Brecht unha liña de mulleres heroicas, que continúa con Vlasova, en *A nai* (1930); Tareixa Carrar, en *Os fusís da señora Carrar* (1937); Nai Coraxe, na obra do mesmo título de 1939; Shen-Te, en *A boa persoa de Sezuán* (1940); Simone Machard, en *As visións de Simone Machard* (1943); *Grusha*, a criada da obra *O círculo de xiz caucasiano* (1945)... todas elas máis humanas, máis vivas e, na maioría dos casos, soportando valores sociais e morais positivos. Non son nihilistas, senón que emerxen como participantes activas nun mundo que pode ser cambiado.

A transformación en Brecht está ligada á influencia inspiradora de Helene Weigel, que foi quen desempeñou a maior parte deses papeis no escenario e, por suposto, a todas as colaboradoras antes citadas, das que soubo rodearse, e das que soubo aprender.

A modo de exemplo podemos fixarnos en Vlasova de *A nai*, ou

en Simone de *As visións de Simone Machard*.

*A nai. Vida da revolucionaria Pelagueia Vlasova de Tver*, baséase na novela homónima que Maximo Gorki escribira no 1907. A protagonista (nai de Pavel Vlasov, operario na fábrica Sukhlinov) diríxese directamente á platea. Ante unha drástica redución salarial que os funde na miseria, o fillo faise revolucionario. A policía irrompe violentamente na casa de Vlasova na busca de panfletos subversivos. Vlasova está contra a violencia, pero cando o seu fillo cae preso ela é a que asume a tarefa de proseguir coa axitación obreira. Para iso aprende a ler: "ler é a loita de clases", dilles ás súas compañeiras. O fillo é fusilado, entón a nai rexeita as piadosas condolencias. Cando estoura a Primeira Guerra, ela, doente, érguese do leito para manifestarse a favor da paz, pero resulta brutalmente zurrada pola policía, o cal non impedirá que continúe a súa cruzada contra a guerra, convencendo ás outras mulleres.

*A nai* foi estreada no Theater am Schiffbauerdamm o 17 de xaneiro de 1932, aniversario do asasinato de Rosa Luxemburgo, Helene Weigel interpretou a Vlasova. Despois dunhas cantas funcións exitosas, a policía prohibiu a súa representación.

Segundo as testemuñas, Weigel interpretaba a unha Vlasova con moí bo humor nos momentos máis duros e nas situacións máis conmovedoras. O propio autor sinalou que "cerca dunhas quince mil mulleres traballadoras de Berlín asistiran á peza e así aprenderon os métodos da guerra revolucionaria ilegal". Nesta obra Brecht funde doutrina marxista, instrución e o encantamento propio das artes escénicas, de xeito sinxelo e directo.

*As visións de Simone Machard* presenta unha trama única e unificada, non interrompida por elementos épicos, con escenas "visionarias". O heroísmo de Simone ten unha realidade e unha razón concretas e irrefutables, fai o que fai polo ben de seu irmán (anxo inspirador) e polo de milleiros de iguais. Simone é o pobo. Simone é unha personalidade activa, ela le, nun contexto onde reina o analfabetismo, intenta entender as cuestións vitais que están en xogo. Simone é unha representante da resistencia francesa ante a ocupación nazi. Poderíamos dicir que o seu personaxe exemplifica o instinto feminino vinculado a unha comprensión racional do contorno, moito máis operativa que a dos homes que interveñen na obra.

A conclusión é clara, aínda que consideremos a Brecht o artifice

do chamado "teatro épico", non o é, a "epicidade" ou "narratividade" xa estaba presente no teatro grego co corifeo e os mensaxeiros e emisarios, do mesmo xeito o "gestus" brechtiano que tipifica @s personaxes en maior ou menor medida, xa aparece na dramaturxia do comediógrafo romano Plauto. Por outra banda, a estrutura descontinua e fragmentaria vén do teatro medieval, así son os misterios e os autos sacramentais, como tamén o será posteriormente, como xa dixemos, os dramas en estacións expresionistas. E certos recursos de linguaxe escénica do nomeado "distanciamento" son deudores directos do cabaré de Karl Valentine. Tamén cómpre lembrar a influencia decisiva do actor Mei-Lan-Fang, da Compañía de Ópera de Pekín, no xeito "distanciado" e artificioso de actuar, interpretando as actitudes físicas e as emocións a través de convencións xestuais codificadas, sumamente controladas e audazmente efectivas.

No que respecta á enorme produción dramaturxica, e á creación das heroínas proletarias, xunto con esa rica galería de personaxes femininas, non cabe dúbida, como fomas vendo, que Brecht non era un só, Brecht eran moitos.

## A C T U A L I D A D E

## CENTENARIO DE HANNA ARENDT, FEMINISTA SEN QUERER

A filósofa Hanna Arendt naceu en Hannover no ano 1906 no seo dunha familia xudía culta. Recibiu unha coidada instrución e foi alumna de Husserl, de Heidegger, con quen mantivo tamén unha relación amorosa xuvenil, e discípula preferida de Karl Jaspers. A persecución nazi levouna a establecerse en Nova York desde 1941. Alternou o seu labor didáctico na Universidade coas colaboracións en diversas publicacións e a escrita de ensaios. Ao primeiro, *As orixes do Totalitarismo*, de 1951, seguen *Sobre a Revolución*, *Homes en tempos de escuridade*, *A Condición humana*, etcétera. Morre en Nova York en 1975.

H.A. foi unha pensadora intelixente e profunda, pero tamén foi unha muller apaixonada pola vida. Nela a esixencia de pensar vai unida á de actuar. Comprender é facerse cargo do mundo. O pensamento humano converte o mundo na súa patria. Amar o mundo significa amar os seres humanos que o habitan. O mundo para H.A. son as persoas que aman o mundo. Pensar implica responsabilidade. "Deixar facer" non é aceptable, non é verdadeiramente humano.

H.A. é unha filósofa inclasificable. A pesar de ter como mestres a grandes filósofos existenciais, ela non se

adapta a ningún ismo. Ten o orgullo de pensar e de facelo con independencia. Vai ser unha pensadora crítica e nada moderada. Non se limita a pensar senón que xulga, exprésase, responsabilízase, toma posicións. Aporta unha nova idea da historia.

É a filósofa da acción. Isto *enfóntaa* coa metafísica. A realidade, afirma, non é o obxecto do pensamento, senón precisamente aquilo que o activa. Non se garda de denunciar que a filosofía nunca tivo un concepto claro da realidade política e, pola contra, fixo canto puido para desprezar a acción. A filosofía, maiormente, tomou partido pola vida contemplativa e relegou a vida activa. Os filósofos, di, limitáronse a interpretar o mundo, cando do que se trata é de transformalo. H.A. é unha mente que xulga, que ten un pensamento crítico, oposto aos tópicos e ás verdades consolidadas; unha mente que necesita a realidade e cre que ser libre e actuar é a mesma cousa. É unha filósofa política.

Estudosas de H.A. coinciden en afirmar que non foi feminista. Nin ela aceptou a cualificación, nin o tema da muller foi o obxecto da súa filosofía. Non obstante, considero que é unha das máis importantes filósofas feministas do S. XX. *Malgré elle*.

No seu libro *Que é a Política?* Afirma que desexa mirar a política con ollos limpos de calquera filosofía. A política sempre tivo por norma a aclaración e disipación dos prexuízos. Lembro que este foi un traballo constante do feminismo, tanto no súa face teórica, como na praxe cotiá das mulleres. O feminismo é unha teoría política, é unha filosofía que se articula en termos políticos, como ben razoa Amelia Valcárcel, Celia Amorós e outras destacadas filósofas actuais. Os homes, segundo H. A., necesitan unha institución política para chegar a ser iguais, necesitan as leis. Non se decatou de que as mulleres estamos dobremente necesitadas de leis de igualdade e que, aínda agora, as estamos conseguindo en Europa. Coincide o feminismo plenamente coa importancia da política na consecución da igualdade, dun mundo que é común a moit@s. Afirma con ela que: A política e a liberdade son idénticas. Actuar é ser con outr@s. O feminismo tamén renega da filosofía contemplativa.

Seguindo a súa preocupación pola *vita* activa detense na análise do traballo humano. Ignorando a evidente diferenza de roles e traballos femininos e masculinos, analízaos, con todo, perfectamente. Distingue entre o labor e o traballo produtivo e afirma que o *animal laborans* non

realiza un traballo recoñecible, laboran coma se fosen un (unha) e non moitas. Así permanecían tantas mulleres nas que constaba no seu DNI, de profesión: *os seus labores*, e que ignoraron que o seu esforzo tivese categoría de traballo ata que o feminismo llelo revelou. Aínda agora, as mulleres, cando din que traballan non se refiren aos seus labores. Mágoa que H.A. non alcanzase a ler os estudos da profesora Ángeles Durán sobre este "labor" oculto, sen horario, sen contrato e sen remuneración. Un traballo "inexistente" e, así a todo, indispensable para a sociedade. H.A., sen ser feminista, puido analizar perfectamente os dous tipos de traballo humano e opoñer ao labor, o traballo produtivo, propio do *homo faber*, que realiza un traballo durable, obxectivo, definido. Un traballo con valor. Un traballo transformador.

O pensamento de H.A. incide en aspectos clave do feminismo e céntrase na explicación de dicotomías que mantiveron a exclusión das mulleres da historia. O pensamento dicotómico, alimentado pola relixión e certa filosofía, é xerador de inxustizas, de desigualdades, de racismo. Helène Cisoux razoa que todas as dicotomías teñen como base as diferenzas xenéricas. Como se a parella humana constituíse o modelo de organización



fundamental, o resultado é que toda oposición é sexuada. O pensamento traballou sempre mediante oposicións duplas, xerarquizadas. Unha orde, un criterio, un sentimento, funciona por oposición. Subliña Helène Cisoux que nas oposicións binarias está presente o pensamento patriarcal: lúa / sol; ceo / inferno; natureza / cultura; corazón / cabeza; sensible / intelixible, ...'

Ademais de natureza oposta a razón, artificio, cultura..., que xustificou, non só a exclusión, senón a explotación das mulleres "naturalmente" ao longo dos séculos, hai outras dúas dicotomías determinantes para a opresión feminina. Son estas privada / público e pasiva / activo. Coinciden coas dúas grandes preocupacións do pensamento arendtiano.

A C T U A L I D A D E



En *A Condición humana*,<sup>2</sup> H.A. divide o mundo en esfera privada e esfera pública. A palabra "privado" cobra para ela o orixinal sentido privativo. "Vivir unha vida privada significa estar privado de cousas esenciais a unha verdadeira vida humana; estar privado da realidade que provén de ser visto e oído polos demais (...) estar privado de realizar algo máis permanente que a propia vida. O home privado non aparece e, daquela, é coma se non existise. Calquera cousa que realice carece de significado e consecuencia para os outros e o que lle importa a el non interesa aos demais". As consecuencias que tivo a privacidade para as mulleres foi nefasta, xa no aspecto físico e mental, como na saúde e a identidade persoal. O ideal da sociedade patriarcal consistía en homes con esposas nas casas. Nese mundo doméstico cocíase o egocentrismo, a propiedade, levábase a cabo a violencia sobre mulleres e criaturas fóra de toda intromisión legal, producíase a explotación, os servizos gratuítos... O espazo privado, desvalorizado, inexistente, fai posible a existencia do espazo público, onde, segundo H.A. radica a excelencia. "Todo o que aparece en público pode velo e oílo todo o mundo. Esa aparencia constitúe a realidade. (...) O termo público significa o propio mundo,

en canto é común a todos nós (...) e transcende ao noso tempo vital tanto cara ao pasado como cara ao futuro. É o que temos en común, non só cos nosos contemporáneos, senón tamén cos que estiveron antes e cos que virán despois de nós. (...) A maldición da escravitude non só consistía na falta de liberdade e visibilidade, senón tamén no temor dos propios escravos de que, por seren escuros, pasarían sen deixar pegada da propia existencia. (...) A distinción entre as esferas pública e privada é igual á diferenza entre cousas que deben mostrarse e cousas que han de permanecer ocultas. Só a época moderna descubriu o rica e diversa que pode ser a esfera do oculto baixo as condicións de intimidade; pero resulta sorprendente que desde o comezo da historia fora sempre a parte corporal da existencia humana a que necesitou manterse oculta e privada, como cousas relacionadas coa necesidade do proceso da vida, que antes da Idade Moderna abarcaba todas as actividades que servían para a subsistencia e a supervivencia da especie. Apartados estaban os traballadores, que co seu corpo atendían ás necesidades corporais da vida (esquece as traballadoras) e *as mulleres* que co seu garantían a supervivencia física da especie. (Reduce o papel das

mulleres á procreación). Mulleres e escravos pertencían á mesma categoría e estaban apartados, non só porque eran propiedade de alguén, senón tamén porque a súa vida era *laboriosa*, dedicada ás funcións corporais".

Non incide H.A. sobre este aspecto corporal, pero as feministas constatamos como os filósofos puideron pensar coma se non tivesen corpo, e verificamos a ausencia total do sexo no seu filosofar. Unha novidade, necesaria para o feminismo, ao sermos as mulleres consideradas corpo, natureza, e explotadas como tal, foi situar o corpo no centro do discurso e utilizalo como medio de liberación. "Dereito ao propio corpo", grito unánime, ten múltiples significacións. O sexo, ao ser clave da opresión, da violencia contra as mulleres, fíxose obxecto privilexiado de estudo da teoría feminista. Sexo e violencia continúan sendo temas reiterados na actualidade, na que a permanencia da prostitución sitúa ás mulleres como escravas no S.XXI.

Non coñeceu H.A. o slogan feminista: *O persoal é político*. Sospeito que non estaría de acordo. Creo que, desde o feminismo tampouco estaría mal revisalo. H.A. relaciona a esfera privada coa propiedade privada. O esmorecemento da esfera

## A C T U A L I D A D E

privada, pensa, levaría a debilitar a propiedade privada. Un tema suxectivo para reflexionar.

Outra dicotomía que ten nocivas consecuencias para as mulleres é pasiva / activo. O masculino é o principio activo, considerado así xa desde Aristóteles, a muller ha ser pasiva, receptora. Toda a simboloxía: os contos infantís (belas adormecidas ...) ou non infantís (Penélope = a que non se move) ás imaxes sexuais, as normas relixiosas, a poesía, a educación, a vestimenta e calzado, etcétera, levan a que as mulleres acepten a pasividade e o silencio como comportamentos

“adequados” para elas. A pasividade vai unida ao mundo privado. Así, as mulleres son presas que se cazan con facilidade. Non corren, non se defenden. Cando hai guerra, quedan coas súas criaturas, anciás e persoas enfermas, mentres os homes liscan. Non hai máis que ver os campos de refuxiadas. A pasividade feminina conduce á morte, tanto na guerra como na paz.

H.A. é, por excelencia, a filósofa da acción. Unha vida pasiva non ten valor. “Unha vida sen acción nin discurso está literalmente morta para o mundo, deixou de ser unha vida humana. Coa palabra e co acto

inserirmonos no humano. A esta inserción non nos obriga a necesidade, como fai o labor, nin nos impulsa a utilidade, como é o caso do traballo. Actuar significa tomar a iniciativa, comezar, poñer algo en movemento”. A acción, para H.A. vai unida ao discurso e nunca é posíbel en illamento. Estar illada é o mesmo que carecer de capacidade de actuar. O poder significa que a palabra e o acto vaian xuntos. O poder radica na esfera pública, o espazo da aparición entre os que actúan e falan.

Resulta evidente que o pensamento de H.A. é feminista, que analiza moitos dos temas cruciais para comprender a nosa situación no mundo, e trátaos co impulso transformador necesario para incitarnos a abandonar o lugar e o rol que nos foi asignado. Que as súas análises non estivesen dirixidas ás mulleres non impide que nos cheguen e nos sirvan. Persoalmente estou en débeda co seu pensamento, imprescindible para reflexionar e escribir os meus textos feministas.

#### NOTAS

1. Para o tema ver: *Escrita da Certeza*. María Xosé Queizán. Espiral Mayor, 1995
2. *La Condición humana*. Hanna Arendt. Ed. Paidós, 1993



A C T U A L I D A D E

## ESCRITO POR MULLERES

### I. Narrativa

#### I. 1. Narradoras galegas

ALFAYA, An, *Matei un home*, Premio Xulián Magariños, Santa Comba-A Coruña: 3C3 Editores, col. Céltigos Narración, nº 4, 2005, 206 pp. (ISBN: 84-934335-8-6).

KÜNH-BODE, Heidi, *Pomerania meu amor*, A Coruña: Edicións Espiral Maior, 2005, col. Narrativa, 225 pp. (ISBN: 84-96475-07-7).

LÓPEZ TEIJEIRO, Iria, *Meniña de cristal*, I Premio Biblos, A Coruña: Biblos Clube de Lectores, 2005, 173 pp. (ISBN: 84-934126-6-X).

MOURE, Teresa, *Herba Moura*, Premio Xerais de Novela 2005, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, setembro 2005, col. Narrativa, nº 217, 442 pp. (ISBN: 84-9782-347-8).

RUÍZ, Dolores, *Dentro da illa*, Premio Blanco Amor 2004, Vigo: Galaxia, abril 2005, col. Literaria, nº 216, 171 pp. (ISBN: 84-8288-796-3).

SUMAI, Anxos, *Melodía de días usados*, Vigo: Galaxia, maio 2005, col. Literaria, nº 219, 381 pp. (ISBN: 84-8288-809-9).

#### I. 2. Reedicións comentadas e facsímiles

CHRISTIE, Agatha, *Asasinato no*

*Orient Express*, trad. Alberto Álvarez Lugo, Vigo/A Coruña: Galaxia/La Voz de Galicia, 2005, col. Biblioteca Galega de Clásicos Universais, nº 34, 276 pp. (ISBN: 84-8288-838-2) (ISBN: 84-9757-183-5).

LÓPEZ SILVA, Inma, *Neve en abril*, Vigo: Galaxia, xaneiro 2005, col. Costa Oeste, 103 pp. (ISBN: 84-8288-773-4).

SHELLEY, Mary, *Frankenstein ou o moderno Prometeo*, trad. Fernando R. Tato Plaza, Vigo/A Coruña: Galaxia/ La Voz de Galicia, 2005, col. Biblioteca Galega de Clásicos Universais, nº 11, 290 pp. (ISBN: 84-8288-836-6) (ISBN: 84-9757-191-6).

TAYLOR, Kressmann, *Enderezo descoñecido*, trad. Enma Lázare, Vigo/A Coruña: Edicións Xerais de Galicia/La Voz de Galicia, 2005, col. Biblioteca Galega de Clásicos Universais, nº 32, 63 pp. (ISBN: 84-9782-404-0) (ISBN: 84-9757-226-2).

YOURCENAR, Margarite, *Ana, Soror*, trad. M<sup>a</sup> Xosé Queizán, Vigo/A Coruña: Edicións Xerais de Galicia/La Voz de Galicia, 2005, col. Biblioteca Galega de Clásicos Universais, nº 40, 94 pp. (ISBN: 84-9782-368-0) (ISBN: 84-9757-198-3).

#### I. 3. Traducións ou versións

AGNELLO HORNBY, Simonetta, *A Mennulara*, II Premio de Novela Europea "Casino de Santiago", trad. Carlos Acevedo e Eva M. Almazán García, Vigo: Galaxia, febreiro 2005, col. Literaria, nº 214, 311 pp. (ISBN: 84-8288-786-6).

AUSTEN, Jane, *Orgullo e prexuízo*, trad. José Díaz Lage e introd. Carlos J. Gómez Blanco, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións/Xunta de Galicia, 2005, col. As letras das mulleres, nº 4, 527 pp. (ISBN: 84-7824-479-4) (ISBN: 84-453-3964-8).

DRAKULIC, Slavenka, *Como se non existise*, trad. Jairo Dorado Cadilla e prólogo de Tamara Kelava, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2005, col. As literatas, 203 pp. (ISBN: 84-9782-260-9).

JORGE, Lidia, *Marido e outros contos*, trad. Xavier Rodríguez Baixeras, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2005, col. As literatas, 109 pp. (ISBN: 84-9782-261-7).

### II. Poesía

#### II. 1. Poetas galegas

ALDAO, Lucía, *Unha ducia (máis un)*, fotografías de Luís

<p>Muñoz, A Coruña: Labirinto de Paixóns, xaneiro 2005, [54] pp. (ISBN: 84-932280-3-6).</p> <p>ALEIXANDRE, Marilar, <i>Abecedario e árbores</i>, Santiago de Compostela: Compostela/Grupo Correo Gallego, 2005, col. Poeta en Compostela, nº 20, 53 pp. (ISBN: 84-8064-170-3).</p> <p>BERNÁRDEZ IÑARREA, Sabela, <i>A virtude e outras miserias</i>, Vigo: Ediciones Cardeñoso, 2005, 149 pp. (ISBN: 84-8190-378-7).</p> <p>CASTAÑO, Yolanda, <i>Delicia</i>, limiares de Xabier Cordal e Enma Couceiro, Santiago de Compostela: Grupo Correo Gallego/Concello de Santiago/AELG, 2005, 63 pp. (ISBN: 84-8064-160-6).</p> <p>CASTRO, Luísa, <i>Amor mi señor</i>, Barcelona: Tusquets, 2005, col. Marginales. Nuevos Textos Sagardos, nº 233, 140 pp. (ISBN: 84-8310-437-7)</p> <p>COCIÑA, Olalla, <i>Aquí (intemperies)</i>, Santiago de Compostela: Compostela/Grupo Correo Gallego, 2005, col. Poeta en Compostela, nº 17, 47 pp. (ISBN: C-84-8064-161-4).</p> <p>COCIÑA, Olalla, <i>As cervicais da memoria</i>, A Estrada: Edicións Fervenza, 2005, 52 pp. (ISBN: 84-96368-26-2).</p>	<p>DE CARLOS, Helena, <i>Aracne 3</i>, Santiago de Compostela: Grupo Correo Gallego/Concello de Santiago/AELG, 2005, col. Poeta en Compostela, nº 19, 53 pp. (ISBN: C-84-8064-1671-3).</p> <p>FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Alicia, <i>Botar o mar polos ollos</i>, Lisboa: Tema, 2005, col. Tema, nº 61, 49 pp.</p> <p>GÓMEZ, Lupe, <i>Azul e estranxeira</i>, limiar de Fran P. Lorenzo, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 2005, col. de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, 108 pp. (ISBN: 84-8485-196-6)</p> <p>GÓMEZ, Lupe, <i>O útero dos cabalos</i>, VIII Premio de Poesía Johán Carballeira, prólogo de Xohana Torres, A Coruña: Edicións Espiral Maior, abril 2005, col. Poesía, nº 153, 117 pp. (ISBN: 84-96475-04-2).</p> <p>LADO, María, <i>Berlín</i>, texto introdutorio de Suso Bahamonde, Santiago: Grupo Correo Gallego/Concello de Santiago/AELG, 2005, col. Poeta en Compostela, nº 6, 37 pp. (ISBN: C-84-8064-142-8).</p> <p>LAMAS, María Xosé, <i>Datando lembranzas</i>, prólogo de Marica Campo e ilustr. Paulo Naseiro, Vilalba: Fundación</p>	<p>Manuel María, 2005, col. As fousas do Rañego, 65 pp. (ISBN: 84-609-4085-3)</p> <p>LÓPEZ, Yolanda, <i>Verdugos impolutos</i>, ilustr. da autora, Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra, 2005, 84 pp. (DL: 1062).</p> <p>MARTÍNEZ DELGADO, Verónica e Antonio Fernández Seoane, <i>Cara a un solpor de gatos</i>, III Premio de Poesía "Afonso Eanes do Cotón", A Coruña: 3C3 Editores, 2005, col. Varilongo/Poesía, nº 8, 85 pp. (ISBN: 84-934335).</p> <p>MÉNDEZ FONTE, Rosa, <i>O raio verde</i>, prólogo de Eva Veiga e epílogo de José Jorge Letria, A Coruña: Espiral Maior, 2005, col. Poesía, nº 160 94 pp. (ISBN: 84-96475-14-X).</p> <p>PEDREIRA, Emma, <i>Casa de orfas</i>, Vº Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, A Coruña: Edicións Espiral Maior, abril 2005, col. Poesía, nº 152, 60 pp. (ISBN: 84-96475-03-4).</p> <p>POZO GARZA, Luz, <i>As arpas de Iwerddon</i>, introd. Olivia Rodríguez González, Ourense: Linteo, 2005, col. Aberta, 141 pp. (ISBN: 84-96067-08-4).</p> <p>RIVEIRO TOBÍO, Elvira, <i>Andar ao Leu</i>, Pontevedra: Deputación Provincial de</p>
<p><b>A C T U A L I D A D E</b></p>		

Pontevedra, 2005, col. Tambo, 59 pp. (ISBN: 84-8457-238-2).

RIVEIRO TOBÍO, Elvira, *Arxilosa*, Poio-Pontevedra: Litoral das Rías, 2005, col. Hipocampo Amigo Poesía, nº 17, 78 pp. (ISBN: 84-933408-5-5).

RODRÍGUEZ CASSAGNE, Fátima, *Amencida dos corpos. Vinteún poemas transhumantes euns versos espallados*, México: Editorial Praxis, 2005, 121 pp.

RODRÍGUEZ OXEA, Sabela, *Versos do silencio roto*, limiar Marica Campo, Vigo: Alfer, 2005, 61 pp. (DL: VG-295-2005)

TORRES, Xohana, *Olas atlánticas*, Málaga: Deputación Provincial de Málaga, 2005, 88 pp. (ISBN: 84-7785-683-4).

VEIGA, Eva, *A luz e as súas cicatrices*, Ferrol: Sociedade de Cultura Valle-Inclán, 2005, col. Esquíu de Poesía, nº CV, 91 pp. (ISBN: 84-95289-66-0).

VILELA FERNÁNDEZ, Branca, *A faciana das augas*, ilus. Miguel Anxo Fernández, prólogo de Basilio Rodríguez Cañada, Noia: Toxosoutos, 2005, col. Letra Inversa, nº 3, 114 pp. (ISBN: 84-96259-57-9)

## II. 2. *Reedicións comentadas e facsímiles*

ANTELO SUÁREZ, Asunción, *Páxinas da Rexubeira de Bergantiños*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2005, 96 pp. (ISBN: 84-9812-006-3).

CASTRO, Rosalía de, *Obra poética*, introd. Mauro Armiño, Madrid: El País, 2005, col. Clásicos españoles, nº 26, 237 pp. (ISBN: 84-9815-034-5).

GÓMEZ, Lupe, *Pornografía*, Santiago de Compostela: Grupo El Correo Gallego/Concello de Santiago/AELG, 2005, col. Poeta en Compostela, nº 10, 109 pp. (ISBN: C-84-8064-152-5).

RÁBADE VILLAR, María do Cebreiro, *O barrio das chinesas*, Santiago de Compostela: Editorial Compostela, maio 2005, col. Poeta en Compostela, nº 8, 119 pp. (ISBN: C-84-8064-148-7).

ROMANÍ, Ana, *Love me tender. 24 pezas mínimas para unha caixa de música*, intr. de María do Cebreiro e Anxo Quintela, Santiago de Compostela: Grupo Correo Gallego/Concello de Santiago/AELG, 2005, col. Poeta en Compostela, nº 13, 39 pp. (ISBN: C-84-8064-157-6).

## II. 3. *Traducións ou versións*

HEINZE, Ursula, *Nadir. Gedichte/Poemas*, ilus. Xosé Vizoso, trad. Ramón Lorenzo, Sada: Edicións do Castro, maio 2005, col. Poesía, 103 pp. (ISBN: 84-8485-182-6).

## II. 4. *Antoloxías*

ZERNOVA, Elena (editor), *Rosalía de Castro. Poesía. Antoloxía da Literatura Galega. Tomo X*, edic. bilingüe galego-ruso, San Petersburgo: Centro de Estudios Galegos da Universidade de San Petersburgo, 2005, 185 pp. (ISBN: 5-288-03882-1).

## III. *Teatro*

### III. 1. *Dramaturgas galegas*

ANTÓNIO, Inma, *A ciencia dos anxos*, XI Premio de Teatro Rafael Dieste, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2005, 72 pp. (ISBN: 84-9812-009-8).

## IV. *Día das letras galegas*

### IV. 1. *Monografías, edicións críticas e libros colectivos*

ROMERO, Marga, *Lorenzo Varela*, Vigo: A Nosa Terra, 2005, 63 pp. (ISBN: 84-96403-47-5).

**V. Ensaio. Teoría xeral. Crítica**

**V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos**

ACUÑA, Ana, *Xoán Vidal. Voz e memoria*, Pontevedra: Concello de Pontevedra, 2005, 43 pp. (DL: PO-92/2005).

BELLO VÁZQUEZ, Raquel, *Mulher, nobre ilustrada, dramaturga Osmia de Teresa de Mello Breyner*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 2005, 384 pp. (ISBN: 84-8487-080-4).

CASTRO GARCÍA, Silvana (editora), *Documentos para a Historia do Teatro (1919-1924)*, introd. de Laura Tato Fontaiña, Redondela (Pontevedra): Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, 2005, col. Documenta, 149 pp. (ISBN: 84-9749-170-X)

DÍAZ, María América e María Díaz Rey (coord.), *Arte e compromiso social da cultura galega*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, maio 2005, nº 10, 111 pp. (ISBN: 84-8485-180-X).

GÓMEZ, Lupe, *Luz e Lupe*, Santiago de Compostela: Edición da autora, 2005, 291 pp. (ISBN: 84-609-8217-3).

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena, *Elas e o paraugas*

*totalizador*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2005, 260 pp. (ISBN: 84-9782-340-0).

LÓPEZ SILVA, Inma, *Teatro e canonización. A crítica teatral na prensa periódica galega.*, Lugo: TrisTram, 2005, col. Máscaras, nº 3, 352 pp. (ISBN: 84-89377-51-0).

MOURE, Teresa, *A palabra das fillas de Eva*, Vigo: Galaxia, 2005, 126 pp. (ISBN: 84-8288-707-6).

MUÑOZ MANZANO, Carmen, *Epistolario*, edición, introdución e notas de X. L. Axeitos e Charo Portela Yáñez, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 2005, col. Biblioteca del exilio, 352 pp. (ISBN: 84-8485-173-7).

NOVO, Olga, *Uxío Novoneyra. Lingua loaira*, Fundación Caixa Galicia, 2005, col. Xornadas, Conferencias, Premios, 205 pp. (ISBN: 84-96494-17-9).

NÚÑEZ, Mercedes, *Cárcere de Ventas*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, marzo 2005, col. Mulleres, nº 6, 180 pp. (ISBN: 84-96403-33-5).

RÁBADE VILLAR, María do Cebreiro, *As terceiras mulleres*, Vigo: Galaxia, febreiro 2005, col. Ensaio, nº 23, 150 pp. (ISBN: 84-8288-771-8).

ROIG RECHOU, Blanca-Ana (coord.), *Informe de literatura 2003*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2005, CD-Rom (ISBN: 84-453-3940-0).

ROMERO MASIÁ, Ana e Carlos Pereira Martínez, *O orballo da igualdade. Asociacionismo progresista na cidade da Coruña*, A Coruña: Baía Edicións, 2005, 259 pp. (ISBN: 84-96526-01-1).

VILLALTA, Luísa, *Libro das colunas*, Vigo: A Nosa Terra, marzo 2005, col. Prensa & Criación, nº 16, 110 pp. (ISBN: 84-96403-52-1).

**V. 2. Reedicións comentadas e facsímiles**

CUQUEJO ENRÍQUEZ, María; Luís Alonso Girgado e Manuel Quintáns Suárez (editores), *Eufonía. Rimas y glosas de la poesía gallega*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2005, [105] pp. (ISBN: 84-453-4019-0).

CUQUEJO ENRÍQUEZ, María (editora), *Airiños d'a miña terra*, introdución e índices de Luís Alonso Girgado, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a

A C T U A L I D A D E

Investigación en Humanidades, 2005 (ISBN: 84-453-4040-9).

**V. 3. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas**

BOGART, Anne, *Introdución á dirección de escena*, trad. Manuel F. Vieites, Vigo/Santiago de Compostela: Galaxia/ Xunta de Galicia, 2005, 166 pp. (ISBN: 84-8288-849-8) (ISBN: 84-453-4136-7).

WOOLF, Virginia, *Un cuarto de seu*, trad. de Iria Sobrino, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2005, Xunta de Galicia, 2005, col. As letras das mulleres, nº 3 (ISBN: 84-7824-459-X) (ISBN: 84-453-3965-6).

HOTTOIS, G. & MISSA, J.-N. (dir.): *Nova enciclopedia de bioética, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico*, Tareixa Roca e Luis García (trad.) Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2005.

**VI. Literatura infantil e xuvenil**

**VI. 1. Narrativa**

**VI. 1. 1. Narradoras galegas**

ALEIXANDRE, Marilar, *Rúa carbón*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, setembro 2005,

col. Fóra de xogo, nº 86, idade recomendada [mocidade], 215 pp. (ISBN: 84-9782-335-4).

ÁLFAYA, An, *Unha xanela para Cecilia*, fotografías de Olga Seoane, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2005, col. Ala Delta, nº 11, serie Verde, a partir de 10 anos, 131 pp. (ISBN: 84-263-5624-9).

ÁLVAREZ, Marta, *A aspironeta*, ilustr. Marta Álvarez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2005, col. Merliño, idade recomendada [Prelectorado e lectorado autónomo], 30 pp. (ISBN: 84-9782-366-4).

BARBERENA, Teresa, *A Grecia de Karagiózis*, ilustr. de Nieves Lago, corrección do grego Dimitrios Moulakis, Vigo: Alcroque Edicións, setembro 2005, [30] pp. (ISBN: 10-689-3524-7).

BLANCO, Concha, *Tita*, ilustr. Noemí López, A Coruña: Everest Galicia, 2005, col. Montaña encantada, serie Verde, a partir de 8 anos, 79 pp. (ISBN: 84-403-0518-4).

BLANCO, Concha, *A bruxiña da sorte*, ilustr. Xosé Cobas, Santiago de Compostela: Alfaguara/Obradoiro, xaneiro 2005, col. Alfaguara Infantil, serie Violeta, a partir de 8 anos, 97 pp. (ISBN: 84-8224-118-4).

BLANCO, Concha, *Boris e compañía*, ilustr. Orballo, Vigo: Galaxia, 2005, col. árbore/galaxia, nº 132, a partir de 8 anos, 87 pp. (ISBN: 84-8288-782-3).

CASAL, Uxia, *Sede en Ourense*, Vigo: Galaxia, 2005, col. Costa Oeste, idade recomendada [mocidade], 164 pp. (ISBN: 84-8488-798-X).

CASALDERREY, Fina, *Un misterio na mochila de Alba*, ilustr. Xan López Domínguez, Barcelona: Planeta&Ofxord, abril 2005, col. Camaleón, serie Laranxa, a partir de 8 anos, 66 pp. (ISBN: 84-9811-008-4).

CASALDERREY, Fina, *O meu avó é unha gata*, ilustr. Marina Seoane, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2005, col. Andavía, nº 4, idade recomendada [prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-285-4).

CASALDERREY, Fina, *¿Quen me quere adoptar?*, ilustr. M<sup>a</sup> Fe Quessada, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2005, col. Merlín, nº 156, idade recomendada de 7 anos en diante, 56 pp. (ISBN: 84-9782-359-1).

EZQUIETA, Itziar, *O cuarto prohibido*, ilustr. Itziar Ezquieta, Pontevedra: OOO Editora, xullo 2005, col. Q,

<p>idade recomendada [lectorado autónomo], 44 pp. (ISBN: 84-934499-8-9).</p> <p>FERNÁNDEZ, Ana M<sup>a</sup>, <i>Contos con sombreiro</i>, ilustr. Ánxeles Ferrer, Barcelona: Planeta&amp;Ofxord, abril 2005, col. Camaleón, Serie Amarela, a partir de 6 anos, 56 pp. (ISBN: 84-9811-010-6).</p> <p>FERNÁNDEZ, Ana M<sup>a</sup> e Xoán Babarro, <i>O fillo do rei desaparecido</i>, ilustr. Marina Seoane, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2005, col. Ala Delta, nº 10, serie Verde, a partir de 10 anos, 140 pp. (ISBN: 84-263-5626-5).</p> <p>GRACIÁN, Ánxela, <i>A toupiña cegarata</i>, ilustr. Jacobo Ligio, Vigo: Galaxia, 2005, col. árbore/galaxia, nº 135, a partir de 10 anos, 184 pp. (ISBN: 84-8288-789-0).</p> <p>GRACIÁN, Ánxela, <i>Nun lugar chamado labirinto</i>, ilustr. Ramón Trigo, Vigo: Luís Vives/Tambre, 2005, col. Ala Delta, nº 13, a partir de 8 anos, 99 pp. (ISBN: 84-88681-38-0).</p> <p>HORRO GONZÁLEZ, M<sup>a</sup> Isabel e Manolo Rico, <i>Animaliños 1/Animaliños 2/Animaliños 3/Cousas 1/Cousas 2/Cousas 3/Cousas 4/Nenos 1/Nenos 2/Nenos 3</i>, ilustr. Mon Daporta Padín, Vigo: A Nosa Terra, 2005, [24] pp. (ISBN:</p>	<p>84-96403-62-9/84-96403-63-7/84-96403-64-5/84-96403-65-3/84-96403-66-1/84-96403-67-X/84-96403-68-8/84-96403-69-6/84-96430-70-X/84-96403-71-8).</p> <p>JANEIRO, Patricia A., <i>Caixa de mistos</i>, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2005, col. Docexvintedous, idade recomendada [mocidade], 148 pp. (ISBN: 84-7824-462-X).</p> <p>LORENZO MÉNDEZ, Itos, <i>Rufino e as súas rufinadas</i>, ilustr. alumnado de terceiro de infantil do Colexio Bispo Guerra Campos, Santa Comba-A Coruña: 3C3 Editores, 2005, col. Furafol/Infantil, [26] pp. (ISBN: 84-934335-7-8).</p> <p>MOSQUERA SASTRE, M<sup>a</sup> Luísa, <i>O conto da pitiña</i>, ilustr. da autora, A Coruña: Primerapersona, 2005, idade recomendada [Prelectorado], [23] pp. (ISBN: 84-95923-96-3).</p> <p>NÚÑEZ, Marisa, <i>Celestino Tarambainas</i>, ilustr. Mariona Cabassa, Pontevedra: OOO Editora, xullo 2005, col. Q, idade recomendada [lectorado autónomo], 50 pp. (ISBN: 84-934499-0-3).</p> <p>OYA, Milagros, <i>Onk, un ourive nas estrelas (Porcos no espazo)</i>, ilustr. Xan López Domínguez, Vigo: Tambre, 2005, col. Ala</p>	<p>Delta, nº 11, serie Azul, a partir de 8 anos, 126 pp. (ISBN: 84-88681-36-4).</p> <p>PAZ, Begoña, <i>Norocai. Libro Primeiro. A illa durmida</i>, ilustr. Beatriz Parra Moracho, A Coruña: Baía Edicións, setembro 2005, col. Meiga Moira, nº 3, a partir de 11 anos, 159 pp. (ISBN: 84-86526-18-6).</p> <p>PAZOS HERMIDA, Silvia, <i>O conto dos silencios</i>, ilustr. Rodrigo Chao Blanco, A Coruña: Baía Edicións, 2005, col. Xiz de cor, idade recomendada [lectorado autónomo], [34] pp. (ISBN: 84-96256-20-8).</p> <p>ROSENDE, Emilia, <i>O circo/Cousas da Rúa</i>, ilustr. Juan Vázquez, Concello de Tui: Concello de Tui, 2005, a partir de [lectorado autónomo], 62 pp. (DL: VG.1042-2005).</p> <p>SANCHO YÁÑEZ, Loli, <i>Lilín e a súa gatiña Daisy</i>, ilustr. Cesáreo Varela, Vigo: Ediciones Cardeñoso, decembro 2005, idade recomendada [lectorado autónomo], 102 pp. (ISBN: 84-8190-399-X).</p> <p>SORIANO RADÍO, Luz, <i>Alba de Vilalba</i>, ilustr. Mariana Riestra, A Coruña: Baía Edicións, 2005, col. Xiz de cor, idade</p>
<p><b>A C T U A L I D A D E</b></p>		



recomendada [prelectorado], [28] pp. (ISBN: 84-96128-98-9).

VILLAR JANEIRO, Helena, *Raúl*, ilustr. David Rubín, Vigo: Galaxia, 2005, col. árbore/galaxia, nº 137, serie Azul, a partir de 10 anos, 99 pp. (ISBN: 84-8288-800-5).

**VI. 1. 2.** Reedicións e adaptacións

CARBALLEIRA, Paula, *Correo urxente*, ilustr. Xan López Domínguez, A Coruña: Rodeira, 2005, col. Tucán, nº 8, serie Laranxa, a partir de 8 anos, 121 pp. (ISBN: 84-96352-60-9).

CASALDERREY, Fina, *Puag, que noxo!*, ilustr. Xan López Domínguez, Vigo: Galaxia, outubro 2005, col. árbore/galaxia, idade recomendada [prelectorado], [23] pp. (ISBN: 84-8288-862-5).

EXPÓSITO VALLE, Ana, *O dente de Clara*, ilustr. Marina Seoane, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2005, col. Ala Delta, serie Azul, nº 10, a partir de 8 anos, 100 pp. (ISBN: 84-263-5652-4).

MEROTO, Tina, *A bruxa regañadentes*, ilustr. Maurizio A. C. Quarello, Pontevedra: OOO Editora, 2005, idade recomendada [prelectorado], [44] pp. (ISBN: 84-96573-00-1).

MORANDEIRA, Luisa, *Valentino*, ilustr. Renata Gallio, Pontevedra: OOO Editora, 2005, col. Para lectores intrépidos, idade recomendada [lectorado autónomo], 56 pp. (ISBN: 84-96573-15-X).

NÚÑEZ, Marisa, *Rato Tom e rata Tomasa*, ilustr. Alessandra Cimadoribus, Pontevedra: OOO Editora, xullo 2005, col. O, idade recomendada [prelectorado], 44 pp. (ISBN: 84-934516-0-6).

**VI. 1. 3.** Traducións ou versións

ÁLVAREZ, Blanca, *Palabras de pan*, trad. Luís Fernández Rodríguez, Pontevedra: Luís Vives/Tambre, 2005, nº 14, idade recomendada [mocidade], 155 pp. (ISBN: 84-88681-41-0).

ARETZAGA, M<sup>a</sup> Teresa, *Ra por un día (Rana por un día)*, ilustr. Xan López Domínguez, trad. Pilar Ponte Patiño, A Coruña: Rodeira, 2005, col. Tucán, nº 2, a partir de 8 anos, 102 pp. (ISBN: 84-96352-62-5).

GALLEGO, Laura, *Un fantasma en apuros (Un fantasma en apuros)*, ilustr. Santy Gutiérrez, trad. Ignacio Chao Castro, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2005, col. Andavía, nº 9, idade recomendada

[prelectorado], 23 pp. (ISBN: 84-9782-290-0).

GIL, Carmen, *A princesa que bocexaba a todas horas (La princesa que bostezaba a todas horas)*, ilustr. Elena Odriozola, trad. Antón Fortes, Pontevedra: OOO Editora, novembro 2005, col. Q, idade recomendada [lectorado autónomo], [30] pp. (ISBN: 84-96573-02-8).

GROBÉTY, Anne Lise, *O tempo das palabras en voz baixa (Les temps des mots à voix basse)*, ilustr. Esperanza León, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 2005, col. Sopa de libros, nº 29, serie Verde, a partir de 12 anos, 78 pp. (ISBN: 84-9782-312-5).

PEYDRÓ, Eva, *As vacacións de Saida (Les vacances de Saida, Ed. Bromera, 2002)*, Vigo: Galaxia, 2005, col. árbore/galaxia, nº 133, serie Azul, a partir de 10 anos, 102 pp. (ISBN: 84-8288-787-4).

RIVERA FERNER, Marta, *A bruxa do dente (La bruja del diente)*, ilustr. da autora, A Coruña: Everest Galicia, 2005, col. Montaña encantada, idade recomendada primeiros lectores, [46] pp. (ISBN: 84-403-0429-3).

RODRÍGUEZ, Manuela, *O patíño feo*, ilustr. Ana Sande, Vigo:

**A C T U A L I D A D E**

<p>Kalandraka Editora, abril 2005, col. Os contos do trasno, [36] pp. (ISBN: 84-8464-525-8).</p> <p>SABATÉ, Teresa, <i>O pan/O aceite/O mel/O leite/O azucre/O sal/O viño</i>, ilustr. Carme Solá, trad. Baía Edicións, A Coruña: Baía Edicións, setembro 2005, col. Queremos saber, nº 1-7, idade recomendada [lectorado autónomo], 31 pp. (ISBN: 84-96526-10-0/84-96526-11-9/84-96526-12-7/84-96526-13-5/84-96526-14-3/84-96526-15-1/84-96526-16-X).</p> <p>SLEGERS, Liesbet, <i>Uxía no verán (Kaatje in de zomer)</i>, ilustr. da autora, trad. Ignacio Chao, Santiago de Compostela: Tambre, 2005, col. Uxía, nº 6, idade recomendada [Prelectorado], [28] pp. (ISBN: 84-88681-45-3).</p> <p>SLEGERS, Liesbet, <i>¿Onde estou? (Waar ben ik?)</i>, ilustr. da autora, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2005, col. Lois, nº 1, [18] pp. (ISBN: 84-263-5649-4).</p> <p>SLEGERS, Liesbet, <i>¿Quen son? (Wie ben ik?)</i>, ilustr. da autora, Zaragoza: Luís Vives/Tambre, 2005, col. Lois, nº 3, [18] pp. (ISBN: 84-263-5649-4).</p> <p>SLEGERS, Liesbet, <i>¿Que estou facendo? (Wat doe ik?)</i>, ilustr. da autora, Zaragoza: Luís</p>	<p>Vives/Tambre, 2005, col. Lois, nº 2, [18] pp. (ISBN: 84-263-5649-4).</p> <p>SLEGERS, Liesbet, <i>Uxía muda de casa (Kaatje verhuist)</i>, ilustr. da autora, trad. Ignacio Chao, Santiago de Compostela: Tambre, 2005, col. Uxía, nº 5, idade recomendada [prelectorado], [28] pp. (ISBN: 84-88681-44-5).</p> <p>SLEGERS, Liesbet, <i>Iago no outono (Karel in de herfst)</i>, ilustr. da autora, trad. Ignacio Chao, Santiago de Compostela: Tambre, 2005, col. Iago, nº 10, idade recomendada [prelectorado], [28 pp.] pp. (ISBN: 84-88681-42-9).</p> <p>SLEGERS, Liesbet, <i>Iago e Uxía (Karel en Kaatje)</i>, ilustr. da autora, trad. Ignacio Chao, Zaragoza: Tambre, 2005, col. Iago, nº 9, idade recomendada [prelectorado], [28] pp. (ISBN: 84-88681-43-7).</p> <p>VANDER ZEE, Ruth, <i>A historia de Erika (Erika's Story)</i>, ilustr. Roberto Innocenti, trad. Xosé M. González, Pontevedra: Kalandraka Editora, abril 2005, [24] pp. (ISBN: 84-8464-520-7).</p> <p>WÖLFEL, U., <i>27 historias para tomar a sopa (Siebenundzwanzig Suppengeschichten)</i>, ilustr. Bernasconi, trad. Paco</p>	<p>Mirandeira, Pontevedra: Kalandraka Editora, 2005, col. Seteleguas, idade recomendada [lectorado autónomo], 61 pp. (ISBN: 84-8464-516-9).</p> <p><b>VI. 2. Poesía</b></p> <p><b>VI. 2. 1. Poetas galegas</b></p> <p>BAZ, Carmen, <i>Xogando ás adiviñas</i>, ilustr. Suso Cubeiro, A Coruña: Everest Galicia, 2005, col. Montaña encantada, idade recomendada primeiros lectores, [46] pp. (ISBN: 84-403-0522-2).</p> <p>MORENO, M<sup>a</sup> Victoria, <i>Eu conto, ti cantas...</i>, ilustr. Manolo Uhía, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, outubro 2005, col. Merlín, a partir de 7 anos, 59 pp. (ISBN: 84-9782-358-3).</p> <p>ROSENDE, Emilia, <i>O circo/Cousas da rúa</i>, ilustr. Juan Vázquez, Tui: Concello de Tui @, 2005, 62 pp. (DL: VG.1042-2005).</p> <p><b>VI. 2. 2. Reedicións e adaptacións</b></p> <p>CASTRO, Rosalía de, <i>Adiós ríos, adiós fontes</i>, ilustr. Rodrigo Chao Blanco, A Coruña: Baía Edicións, 2005, col. Xiz de cor, idade</p>
<b>A C T U A L I D A D E</b>		

recomendada [prelectorado], [32] pp. (ISBN: 84-96526-21-6).

### **VI. 3. Teatro**

#### **VI. 3. 1.** Dramaturgas galegas

GÓMEZ SILVA, Cristina, *Perspectivas ou foleipas*, A Estrada: Edicións Fervenza, 2005, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 29, idade recomendada [lectorado mozo], 15 pp. (ISBN: 84-96368-17-3).

GONZÁLEZ COSTA, Teresa, *Unha noite de medo... tricolor*, A Estrada: Edicións Fervenza, 2005, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 35, idade recomendada [lectorado autónomo], 12 pp. (ISBN: 84-96368-13-0).

GONZÁLEZ COSTA, Teresa, *Quen dixó bombóns?*, A Estrada: Edicións Fervenza, 2005, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e representar, nº 34, idade recomendada [lectorado autónomo], 11 pp. (ISBN: 84-96368-14-9).

GONZÁLEZ COSTA, Teresa, *O soño de Leila*, A Estrada: Edicións Fervenza, 2005, col. A Pinguela. Teatro Escolar para ler e

representar, nº 33, idade recomendada [lectorado autónomo], 18 pp. (ISBN: 84-96368-15-7).

#### **VI. 3. 2.** Reedicións e adaptacións

CUÑA BÓVEDA, Ánxeles, *A gata con botas*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 2005, col. Foradeserie, 51 pp. (ISBN: 84-8487-078-2).

### **VI. 4. Ensaio. Teoría xeral. Crítica**

#### **VI. 4. 1.** Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos

LLUCH CRESPO, Gemma e Blanca-Ana Roig Rechou (coords.), *Para entenderte mellor. As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico*, ilust. Roser Capdevila, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2005, 337 pp. (ISBN: 84-9750-498-4).

ROIG RECHOU, Blanca-Ana (coord.), *Hans Christian Andersen, Jules Verne e El Quijote na literatura infantil e xuvenil do marco ibérico*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2005, 266 pp. (ISBN: 84-9782-378-8).

RUZICKA KENFEL, Veljka, Celia VÁZQUEZ GARCÍA e Lourdes LORENZO GARCÍA (coords.), *Mundos en conflito: Representación de ideoloxías, enfrontamentos sociais e guerras en la Literatura infantil y juvenil*, Vigo: Universidade de Vigo, 2005, 700 pp. (ISBN: 84-8158-309-X).

Esta bibliografía foi extraída do *Informe de Literatura 2005*, dirixido por Blanca-Ana Roig Rechou e publicado polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

## PREGÓN FEIRA DO LIBRO. Vigo 30 de xuño de 2006

Autoridades, miñas donas e meus señores:

Moito me alegrou o convite dos amigos da Asociación de Libreiros de Vigo propoñéndome que fixese a lectura do pregón da Feira do Libro da miña cidade. A reflexión sobre a lectura e sobre a nosa abella da ribeira, revolcado volcán de dinamismos, saben ben os que me coñecen, son dúas das miñas maiores querenzas e preocupacións. Razón pola que me sinto moi honrado de acometer esta difícil encomenda de animar aos meus conveciños e conveciñas a participar activamente nesta Feira do Libro 2006.

Situados no centro deste trapecio, onde vivín tantas tardes da miña nenez, é imposible non lembrar que aquí traballaron durante moitos anos os fotógrafos de minuto, agardando pola súa clientelele de jichiños e namoradas que xuntaban as súas miradas dentro dun corazón diminuto de papel. Nin recordar a presenza de Camilo e a súa barquilleira, o home do parisién; nin aqueloutros retirados que pasaban nos bancos, atentos á chegada dos músicos da banda municipal dispostos a interpretar o seu concerto popular diante do estanque dos peixiños de cores. Nin, moito menos, aos temibles gardas que nos rifaban se pisabamos algúns dos parterres

presididos polas esculturas do oso, do cisne, da hiena, da cabra e polas alegorías do mundo do traballo que cicelaran as mans enormes do pai de Camilo Nogueira.

Esta Alameda, concibida hai máis de cento cincuenta anos como un espazo urbano de privacidade, continúa sendo, a pesar dos seus moitos achaques, o lugar máis acaído para camiñar, xogar, conversar, descansar, amar ou ler no centro da cidade. A nosa Alameda –ao pé do buligar da ribeira, onde se mesturan as fragancias das árbores e da maruxía– sempre foi o espazo da serenidade, un remansión para vivir con acougo. Razón pola que dificilmente poderíamos atopar un sitio máis acaído cá sombra destas castiñeiras de indias para gozar do aroma dos libros, do noso primeiro pan da cultura; un lugar ideal para ubicar este improvisado corredor de lectura que purifica durante dez días o aire de toda a cidade.

Unha venturosa iniciativa que lle debemos a don Antón Patiño Regueira, o fundador desta feira hai máis de trinta anos, en tempos difíciles de entusiasmo nos que era imprescindible levar os aires de liberdade dos libros á rúa. O inesquecible libreiro de Librouro, desaparecido infelizmente hai un ano, merece hoxe o noso recoñecemento e

compromiso, permanecendo vivo nos nosos corazóns e na pegada indeleble que deixou nos lectores a súa memoria de ferro.

Don Antón axudounos a descubrir que camiñar devagariño nesta Alameda, seguindo a liña conformada por milleiros de libros, permite ignorar o estrondo dos vitrasas e identificar o canto dos paxariños, ou descubrir os múltiples matices da luz que reflicten as edificacións pétreas que rodean este trapecio natural. Algo que pouco debe sorprendernos xa que foron descritas infinitas utilidades destes obxectos de papel ou cartón que chamamos libros: iluminar, ensinar, interrogar, acubillar, consolar, divertir, acougar, desacougar, acompañar, namorar, engaiolar, convencer, apupar a nosa sensibilidade, potenciar a nosa coraxe, animar a compartir, a convivir, a comprender a outros, a viaxar, a decidir...

Os libros, hoxe esas máquinas analóxicas impresas dispostas para a lectura, son ferramentas multiusos que axudan aos seus usuarios a vivir, a coñecer como son eles, como son os demais, xa que, como sinala o escritor Agustín Fernández Paz, están compostos cos fíos da vida de cada un dos seus autores e autoras. Os libros son, roubándolle as palabras a Harold



Bloom, unha das creacións máis conseguidas que ideou a humanidade para acceder a un dos praceres máis intensos dos que pode gozar un ser humano en soidade: o milagre da lectura, o de participar na natureza única de quen escribe e de quen le. Mais, alén da intimidade necesaria no acto da lectura, os libros quedaron vencellados, desde hai dous séculos, aos conceptos de cidadanía e democracia. O escritor Manuel Rivas defende na súa nova novela, *Os libros arden mal*, que quixemos nacesse como primicia nesta feira viguesa, que cada libro é un ser vivo, portador do xenoma humano da súa autoría e de todas as súas lectoras e

lectores. O característico dos libros non é o de ser unha serie de follas de celulosa impresas e cosidas ou pegadas formando un miolo; nin o será no futuro se se presenta baixo a aparencia dunha pantalla de plasma. O esencial dos libros, de hoxe ou de mañá, está na presenza das palabras conformando un tecido textual disposto para a lectura. Eis a perdurabilidade e importancia diso que chamamos libro, vencellado coa condición intrinsecamente humana da linguaxe escrita. No século XXI os libros xa non se definen polo seu soporte ou aparencia, senón pola actividade que promoven: a lectura. Os libros son xeradores de lectura.

Razóns todas as sinaladas que subliñan a necesidade de promover a lectura entre toda a cidadanía. E, entre todas as actividades que a fomentan, poucas hai máis eficaces que a celebración de feiras dos libros, os eventos culturais máis notables e concorridos de cada comunidade local. Unha feira do libro é un gran encontro anual dos militantes fantasía da lectura, dos amantes e seguidores desta multiferramenta xeradora de biodiversidade, coñecementos, praceres e convivencia. Cada feira do libro é unha festa da lectura.

A pesar do seu valor intrínseco e dos seus efectos beneficiosos sobre cada individuo e sobre a

sociedade, non son estes os mellores tempos para os libros e para a lectura. Sometidos a unha crise moi grave en todo o mundo, o mundo da edición afronta os efectos perversos da homoxeneización cultural provocada pola globalización. A americanización empobrecedora dos imaxinarios culturais, os cambios de hábitos e de lecer nos lectores provocados polo actual capitalismo impaciente, a concentración da comercialización do libro en moi poucas mans, coa conseguinte desaparición das pequenas librarías de cultura (espazos privilexiados para gozar desta biodiversidade), a minusvalorización do seu valor como produto cultural, son algúns dos síntomas desta crise internacional do libro, da lectura e da edición.

Crise a que non é allea, tampouco, o libro galego, unha arboriña medrada nos últimos cincuenta e cinco anos, que agora, cando xa ten un porte significativo, resiste á intemperie os efectos dunha ventoeira que pode tronzala. O, ata agora, escaso interese das administracións no fomento da lectura pública (apenas contamos cunha dotación de 1,12 volumes nas bibliotecas públicas por habitante, case a metade do índice da Unión Europea, 2,10; apenas gastamos cada ano en

novas adquisicións 0,66 euros, moi lonxe dos 1,80 euros da media europea); os efectos devastadores que sobre a viabilidade das editoriais e librarías provoca a xeralización da modalidade de préstamo da gratuidade do libro de texto ou a hemorraxia de prestixio do uso habitual dunha lingua que como a area da praia semella esvarar nas nosas mans... son circunstancias que agoiran as máis serias dificultades para a vida desa arboriña chantada hai cento cincuenta anos polo impresor pontevedrés José Primitivo Vilas, editor d' *A gaita gallega* de Xoán Manuel Pintos, o primeiro libro, como tal, editado en galego.

Dificultades ás que non son alleas as librarías independentes asediadas tanto pola sobreproducción dos editores, que privilexian a edición de títulos coiunturais de dubidosa pertinencia cultural e impiden o mantemento dos libros de fondo; pola citada modalidade de préstamo do libro de texto e as políticas de descontos, que xa está levando ao peche dalgúns establecementos; como pola desvalorización do libro como ben cultural, reducido a mera mercadoría impresa, como demostran algunhas grandes superficies que chegan a saldar os libros ao quilo, como as toallas na feira de Valençá.

As librarías, como as propias feiras do libro, a pesar da súa fragilidade actual, son espazos de biodiversidade cultural, e como tales deben ser mimados e protexidos como institucións indispensables para o benestar da comunidade. A supervivencia da librería é, como a causa social da lectura, un auténtico problema de estado. Cada palabra impresa posúe o ADN do seu autor, cada páxina editada expresa o soño do seu editor, cada libro publicado constitúe un neurotransmisor de vida e coñecemento, cada librería aberta funciona coma un pulmón que renova constantemente o aire que respiramos, cada feira de libro expresa os azos de futuro da comunidade de lectores e lectoras onde se asenta.

Dificultades de editores, libreiros e bibliotecarios que, lonxe de desanimarnos, deberían obrigarnos a repensar cál debe ser o novo vieiro a seguir para preservar a frescura do pan da cultura, deste produto que é un ben cultural, indispensable para garantir o benestar a calquera sociedade. Estou certo que o sector do libro en Galicia non vai desistir nin se vai resignar a agardar que o seu pan quede reseso. O interese das novidades que van ser aquí presentadas, a presenza de numerosos autores e autoras da nosa punxente República das Letras dispostos a

intimar con lectores e lectoras, a variedade de sabores presentes nas casetas (dende a ficción narrativa ao ensaio, dende as grandes obras de referencia aos títulos de divulgación) testemuñan o pulo recuperado desta feira viguesa que hoxe inauguramos.

Agardo que durante a vindeira semana este trapecio da memoria e do futuro volva ser o punto de encontro de milleiros de militantes fantasía da lectura. Dos pequenotes e dos avós, recuperando a fermosa tradición de punto de encontro interxeracional que sempre mantivo a nosa Alameda. De todos aqueles que defendemos este pan nutritivo porque entendemos que un vehículo privilexiado para proporcionar pracer e coñecemento, en medio dunha vertixe homoxeneizadora que todo o arrasa. Baixemos á Alameda como militantes Fantasía que fomos e que somos. Defendamos e gocemos entre os libros.

Moitas grazas.

\* Director de Edicións Xerais de Galicia.

A C T U A L I D A D E

## FEMINISMO E COÑECEMENTO. DA EXPERIENCIA DAS MULLERES AO CÍBORG, de Carme Adán

O libro que nos ocupa é froito da investigación levada a cabo na súa tese de doutoramento *Epistemoloxía, natureza e xénero*, defendida na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela.

É unha magnífica edición na que hai que celebrar a oportunidade das citas que abren cada capítulo, recursos literarios que invitan á reflexión antes de nos adentrar na complexidade dos asuntos que van ser desenvolvidos no seu interior. Asemade resaltar o esforzo bibliográfico que nos conecta cun amplo panorama de dispersas referencias anglosaxonas na súa maioría inéditas en castelán. Conta cun suxestivo prólogo de M<sup>o</sup> Xosé Agra que facilita certas claves para introducirmos na lectura do libro.

Hai que agradecerlle á autora achegarnos ao núcleo "duro" da nosa cultura, ao pensamento complexo. Fainos pensar a nosa existencia na dimensión teórica e na práctica. Fai que nos paremos a vela coas lentes axeitadas, nun intento de saír da caverna, de atrevérmolos a pensar e de sermos suxeitos de pensamento.

O libro conta con catro capítulos. O primeiro está máis centrado na filosofía da ciencia; no segundo recolle as aportacións das autoras que proveñen do

marxismo; no terceiro dende unha óptica máis post-estruturalista está adicado ás teses de Donna Haraway e a perspectiva posmoderna da súa epistemoloxía feminista; e no cuarto hai unha reflexión sobre os conceptos desa teoría feminista. A intención da autora é que a orde dos capítulos non sexa rixida, pois cada un ten un valor independente e pode ser lido sen contar cos outros, en función dos intereses da persoa que o lea.

Este traballo tenta ser un *instrumento óptico* (concepto de Donna Haraway) que permita achegarnos a unha reflexión dende a teoría feminista sobre o ámbito do coñecemento. Isto permítenos reflexionar sobre a propia teoría feminista e sobre os seus conceptos nucleares. Na primeira parte fai unha análise das diferentes correntes que existen dentro da epistemoloxía feminista, mostrando o estado da cuestión nun diálogo coas diferentes autoras que tratan o tema do coñecemento; é na segunda parte, que se corresponde co último capítulo, onde se revisan algúns conceptos claves da teoría feminista como "xénero", "experiencia das mulleres", o concepto "suxeito-mulleres", "situación" e o "cíborg".

Neste traballo interrelaciónanse a ontoloxía e a epistemoloxía, a ética e a política,

o coñecemento e o normativo, salientando o papel dos valores no cognitivo, denunciando que non son alleos. Tamén reconfigura o suxeito cognoscente. ¿Quen é? ou ¿quen son os suxeitos?, ¿quen coñece?, ¿con que fins?, ¿dende que intereses?, ¿con que capacidade de actuación? Para levarnos deste xeito a pensar que o social está na base da produción do coñecemento.

A autora entra nun diálogo coas epistemólogas: Helen Longino, Lynn H. Nelson, Nancy Harstock, Evelyn Fox-keller, Sandra Harding, Donna Haraway, Nelson, por citar as autoras máis relevantes, pero tamén hai outras moitas que teñen un lugar neste debate. Xunto con elas desentraña as marxes dos discursos da ciencia e a técnica como construcións valorativas ao servizo dos intereses de clase con sesgos patriarcais. Desnudan a ciencia no laboratorio e o suxeito cognoscente, indagan en cómo se elaboran as teorías e cómo se concibe o coñecemento, tarefa imprescindible a partir de agora para facer a análise revisada da ciencia.

Unha idea clave que pivota ao longo do libro é o concepto de "**comunidade de suxeitos**" que substitúe ao suxeito illado. É así como aproxima a ciencia á práctica social. O científico xa non é o individuo illado senón un

membro dunha comunidade, entendendo esta como diálogo; evidénciase así que os fenómenos son pero os fenómenos tamén se interpretan no marco das comunidades, e é o diálogo entre científicos o que vai favorecer unha idea de obxectividade.


Estas reflexións sobre o coñecemento feitas dende o feminismo aportan aos debates actuais un fértil grupo de conceptos e perspectivas, amosan os lindeiros borrosos entre ciencia e valores. Así ao facernos pensar o movemento social en conceptos, aporta ferramentas moi útiles para captar o acontecer e transformalo.

Carme Adán trata de afondar no axuste de contas coa tradición, somete a revisión as concepcións filosóficas e científicas, para descubrir o velo da neutralidade, obxectividade e imparcialidade. Nesta saída da caverna, denuncia como o legado do saber ten faciana masculina e así rompe co mito da ciencia neutral.

Aplica o zoom do xénero para enfocar e ampliar as zonas opacas, analizando as causas que contribúen ao mantemento e reprodución da desigualdade entre homes e mulleres. Denuncia o androcentrismo na ciencia que reduce ás mulleres ao destino biolóxico e fai un repaso histórico analizando a situación das

mulleres no coñecemento. Incide nas trampas patriarcais que afectan á ciencia tanto dende o punto de vista metodolóxico como de contido. Evidencia como discursos amparados na

neutralidade ideolóxica dan razón da desvantaxe social das mulleres sometendoas a un papel de obxectos pasivos de estudo, e posteriormente, en torno aos anos oitenta e noventa dáse paso á



A C T U A L I D A D E



reconfiguración das mulleres como suxeitos de coñecemento, á reconfiguración das mulleres como suxeitos políticos con capacidade de acción, dando importancia á subxectividade. Como é ben sabido a posmodernidade filosófica critica a noción clásica de suxeito.

Por outra banda, o libro lévanos á unha reconfiguración do concepto de **xénero**. Para entendela na súa complexidade convén repasar moi brevemente a evolución deste concepto. Así no inicio, Robert Stoler en 1968 distingue o sexo biolóxico do xénero entendido como conduta psicolóxica; Kate Millet investiga como se interioriza na primeira infancia e Celia Amorós, entre outras pensadoras, achéganos á complexidade da xerarquización patriarcal. Estereotipos, crenzas familiares, expectativas, roles, incapacidades aprendidas... esta ditadura que marca cómo comportarse, cómo sentir, cómo sermos femininas ou masculinos... son *mecanismos de alta seguridade*, como chamaba Foucault, que axudan a aproximarnos ao concepto de xénero. Como dicía Simone de Beauvoir, a bioloxía non é razón suficiente para explicar por que a muller é "o outro", e concluía *non se nace muller, chégase a selo*. E nas palabras do poeta Luís Cernuda atopamos un paralelismo

no tocante á faciana masculina cando di *aprendín o oficio de home duramente*. Ambas citas nos remiten á construción social do xénero feminino e masculino imposta pola nosa cultura.

En relación coa reconfiguración do concepto de "xénero", a autora pasa revista a conceptos como "o punto de vista", "a experiencia das mulleres", "a noción de situación" e ao "**cíborg**". Este concepto introducido por Donna Haraway, é un recurso á ciencia ficción que emprega como axuda para a liberación. O "xénero" xa non lle serve. Quere pensar o suxeito doutro xeito. Esta metáfora visual é unha alternativa para pensar a posición do feminismo no fin do milenio. Pretende que a categoría de sexo non interveña no discurso e foxe así das identidades pechadas. O cíborg é unha criatura nun mundo postxenérico que trata de superar aos sexos, aos xéneros e á sexualidade; é un espazo de resignificación; *É a nosa ontoloxía, outórganos a nosa política*. Consiste nun proxecto político que asume a ciencia e a tecnoloxía como parte do que somos e supera as dicotomías da modernidade aportando os monstros postindustriais. Trátase dunha enxenería visual que quere ensinarnos a mirar. Podemos dicir que o cíborg é a lente que nos

permite readaptar a mirada e desvelar as claves da dominación.

En síntese, estamos ante un libro importante, esta publicación estimula a crítica, dá claves para interpretar a ciencia, aposta pola democratización do coñecemento, desmantela vellas fronteiras, aboa novos camiños e sobre todo, é unha homenaxe ás aportacións do feminismo ao mundo do ser, do coñecer e do facer.

Celebramos a aparición deste libro pero sabemos que o feminismo no novo milenio aínda dá medo, tanto na rúa como na academia, pero hai que insistir en que o proxecto feminista non quere romper co home, como reza o prexuízo, senón coa idea de home superior, e axuda a enfrontar a propia inseguridade e as resistencias a perder os privilexios a costa da soidade, a incompreensión e o illamento.

Posiblemente libros como este axuden a que lle poidamos deixar ás nosas criaturas un mundo mellor.

\*(2003) Edicións Espiral Maior. Colección Universitas

\*Doutora en filosofía e profesora no IES Alexandre Bóveda de Vigo.

## CONTRA UN FEMINISMO QUE LLE EMPRESTA A VOZ AOS VIOLENTOS

El País, na páxina 44 da súa edición do luns 23 de outubro de 2006, recollía unha información relativa á reunión que, supostamente en Madrid, celebrou o colectivo denominado "As outras feministas". Ante a gravidade das declaracións que recollía a citada nova e que entendemos supoñen un ataque sen precedentes á Lei Integral contra a Violencia de Xénero, que está a piques de cumprir dous anos de vida, así como ás mulleres que foron e son vítimas do terrorismo machista, consideramos imprescindible transmitir á opinión pública e aos poderes políticos a necesidade de realizar unha defensa sen ambages da Lei Integral –pese ás súas imperfeccións e carencias–, ademais de botar luz sobre o que realmente é –e supón– o terrorismo de xénero, algo que insistentemente os colectivos de homes<sup>1</sup> violentos, e semella que agora tamén "As outras feministas", tratan de difuminar, retorcer e minimizar. A esa pretensión clarificadora e sensibilizadora responde este escrito.

Ante todo, queremos aclarar que respectamos profundamente ás mulleres que se fan chamar "As outras feministas", o que non é impedimento para que denunciemos que os argumentos que elas manexan as invalidan

para usar o calificativo de "feministas", en tanto que están a reproducir o discurso do machismo virulento en dous temas especialmente sensibles como son a violencia contra as mulleres e a prostitución. Ademais, que as integrantes dese mal chamado "outro feminismo" teñan formado parte no seu día de movementos pro dereitos da muller non quere dicir que a súa evolución ideolóxica –tal e como están demostrando– teña sido acorde cos principios feministas.

Dito isto, dóenos especialmente que sexan mulleres as que fagan o traballo sucio aos homes<sup>2</sup> que usan a violencia como mecanismo de control e dominación sobre as mulleres, ás que se resisten a ver como iguais, e sobre todo, como seres humanas con dereitos. Porque a violencia de xénero é algo máis ca un asunto abordado desde hai décadas polo feminismo: é un problema de dereitos humanos, do dereito á liberdade, á integridade física e á vida que aínda se nos nega.

A reclamación, por parte deste colectivo de mulleres, de que se diferencien nunha escala de diversa gravidade os tipos de maltrato parécenos, canto menos, un insulto ás vítimas e a unha sociedade que avanza con serias dificultades no camiño da erradicación desta violencia. A

"gradación" á que fan referencia parece vir motivada pola idea, absolutamente falsa, de que os homes<sup>3</sup> violentos contra os que se interpón denuncia acaban irrevogablemente en prisión, cousa que lamentablemente ocorre só cando hai homicidios frustrados ou asasinatos consumados. Cabe recordarlles a "As outras feministas" que o que elas denominan "maltrato leve", para o que piden non chegar ao Xulgado, non adoita ter, anque as vítimas denunciaren, resposta xudicial algunha, pois precisamente na natureza deste tipo de violencia –do que demostran un descoñecemento absoluto– está a invisibilidade inicial, tanto para quen o padece como para quen debería xulgarlo.


De igual maneira consideramos que a "escala" á que se refiren está implícita na aplicación que os xuíces fan da propia Lei Integral contra a Violencia de Xénero que, en contra do discurso que algunhas das súas membras mantiveron desde a xestión da nova lei, non é o instrumento que usan as mulleres para defender os seus intereses económicos ou a través do cal "rendabilizar" non se sabe qué situacións. A aplicación da Lei Integral nos xulgados non se traduciu nin en condenas exemplarizantes nin en masivos ingresos en prisión, tal e como

interesadamente pretenden facernos crer, non só "As outras feministas", senón especialmente os homes<sup>4</sup> violentos, cos que lamentamos que compartan argumentos.

Outro dos aspectos que nos escandalizan das súas declaracións é que avoguen por "reconducir" o maltrato leve "a través da intermediación de profesionais". Propoñen mediación cando unha das premisas básicas é que en violencia non se pode mediar, porque os actores, neste caso, os dous membros da parella, non están en plano de igualdade, senón de dominio e subordinación. A violencia imposibilita calquera negociación.

Sorprende igualmente o seu interese polos verdugos, para os que reclaman "tratamentos resocializadores", mentres que se esquecen por completo das mulleres que padeceron a súa violencia, marcadas de por vida por secuelas deshumanizadoras, ás que restan importancia cando califican de "leve" o maltrato sufrido.

Sobre a súa formulación de poñer en marcha recursos preventivos que non obriguen a unha denuncia que, "nalgúns casos, as propias mulleres rexeitan", compartimos con elas a necesidade deses recursos, pero



non con homes<sup>5</sup> que xa exercen a violencia, pois está comprobada á súa practicamente nula eficacia. Do mesmo modo é inadmisibile que se cargue sobre as vítimas a responsabilidade da, por outra parte, inviable recuperación dos agresores, animándoas a non "xudicializar" a súa tortura. Aflora, de novo, o argumento dos violentos : con axuda, cambian. E sí, cambian, pero a peor. As escandalosas cifras de asasinadas

este ano, cuxas historias tamén comezaron por "maltrato leve", deberían servir para non frivolar con este cancro social.

Por último, o discurso de que a prostitución é unha actividade lexítima coloca a "As outras feministas" na cúspide da ignorancia do que é a violencia contra as mulleres. Hai unhas semanas, a premio Príncipe de Asturias de Cooperación Internacional, a cambodiana

Somaly Mam, afirmaba en Madrid que as mulleres que defendían a regulación da prostitución non coñecían as consecuencias que a escravitude sexual tiña para as vítimas. "Legalizar a prostitución é legalizar a violencia", afirmaba. Idéntico argumento manexa Nacións Unidas, ao considerar a explotación sexual das mulleres como a escravitude moderna, o negocio delitivo máis florecente do mundo, tras o tráfico de armas e o de drogas. Relegar ás mulleres á condición de obxectos de consumo masculino é negarllas a súa condición de seres humanas con dereitos, algo inadmisíbel en pleno século XXI, aunque se disfrace de "actividade lexítima". Custa pensar que unha muller "elixa" a prostitución como traballo. Non estaría de máis reflexionar sobre a diferenza entre "liberdade" e "vontade", perversamente difuminada: que o faga de forma voluntaria non implica que teña sido libre para decidir outra cousa.

Por todo o exposto anteriormente, consideramos de extrema urxencia manter unha reunión co ministro de Traballo e Asuntos Sociais, Jesús Caldera, a fin de defender política, mediática e socialmente, unha postura común sobre a loita contra a violencia de xénero, que periodicamente se ve nesgada e distorsionada ante a sociedade



cos argumentos dos violentos, multiplicando o seu efecto devastador o feito de que sexan mulleres as que os defendan.

*Asinantes:*

**Federación de Asociaciones de Mujeres Separadas y Divorciadas**- Ana M<sup>a</sup> Pérez del Campo Noriega, **Federación de Mujeres Progresistas** -Enriqueta Chicano Jávega , **Asociación Vivir Sin Violencia de Género** -Lola Aguilar Redorta, **Asociación "Consuelo Berges" de Mujeres Separadas y Divorciadas de Santander** - M<sup>a</sup> Ángeles Ruiz-Tagle Morales, **Asociación de Mujeres Valdés Siglo XXI** - Aurora Valdés Suárez, **Fundación Mujeres** - Marisa Soletó, **Enclave Feminista** - Ángeles Álvarez, **Consejo de las Mujeres de Madrid** - Lourdes Hernández, **Asociación**

**Mujeres Vecinales de Madrid** - Lourdes Hernández, **Grupo de Mujer de Carabanchel** - Concha Serrano Sánchez, **Asociación de Mujeres por un Envejecimiento Saludable** - Mariqueta Vázquez Albertino, **Red Feminista de Derecho Constitucional** - Julia Sevilla Merino, **Unión Mujeres por Europa** - Francisca Tarazada, **Asociación para la Prevención, Reinserción y Atención de la Mujer Prostituida** - Rocío Nieto, **Asociación de Cataluña, La Associació d'Asistencia a Dones Agredides Sexualment, Asociación La Sexología** - M<sup>a</sup> Victoria Ramírez Crespo, **Asociación Juristas Themis** - Altamira Gonzalo Valgañón, **Plataforma Andaluza de Apoyo al Lobby Europeo de Mujeres y el Colectivo de Jóvenes Feministas, Nosotras Mismas de Chamberí** - Julia Palacios, **Asociación de Mujeres para la Salud** - Soledad Muruaga, **Asociación de Mujeres Beatriz Cienfuegos de Leganés** - Francisca Oller, **Asociación de Mujeres Separadas y Divorciadas de Valencia** - Virginia Molina, **Mujeres en Red** - Montserrat Boix - Lola Pérez Carracedo, **Grupo de Estudios sobre a condición da Muller "Alecrín" Vigo, FIGA (Feministas Independentes Galegas); Asociación Mujeres Opañel** - Elena Álvarez López, **Rosario Luque Gálvez** - Coordinadora Área Federal da Muller de IU, **Maite Mola Sanz** - Secretaria da Muller PCE, **Luisa Posada Kubisa** - Filósofa, **Bárbara Allende Gil (Ouka Leele)** - Premio Nacional de Fotografía, **M<sup>a</sup> José Varela, Rosario Carracedo Bullido, Sara Vicente, M<sup>a</sup> José Díaz Gaitán, Arantxa de Juan-Aracil Elejabeitia, Gema Palazuelos Juárez, Carmen Fernández Romero, Diana Plaza García, Elvira Blanco Gallego** - Avogadas, **Elena Arnedo Soriano, M<sup>a</sup> Ángeles Ruiz-Tagle Morales, Vita Arrufat Gallén, Valeria Mlejnitá** - Médicas, **Gema Vitutia**

A C T U A L I D A D E

**Ciurana, Esther Ramos Matos, Elena Marcos Sánchez, Mª Antonía Hernanz Aranda, Carmen Acebes Manrique, Ana Espinosa González, Mar Cañadas Navas, Ana Alonso Pérez** - Psicólogas, **Cristina Polo Usasola** - Psiquiatra, **Ana Mª Balseiro Expósito, Nuria Varela, Rosa Mª Hernández San Román, Marisol Guisasola, Susana Gaviña Barriuso** - Periodistas, **Rosa San Segundo Manuel, Teresa San Segundo Manuel, Paloma Ortiz de Urbina** - Profesoras de Universidade, **Pilar Aguilar Carrasco** - Profesora Crítica de Cine, **Ilda Fava** - Profesora de Expresión Dramática e Actriz, **Carmen Mendoza Martín** - Profesora de Filosofía, **Natalia Pérez Pérez** - Profesora de Inglés, **Patricia Sánchez Caballero, Juana Mª Aguilar Mayoral, Ana Mª Rodríguez García, Estela Plaza García, Raquel Pérez San Felipe, Miriam González Merino, Elena Peña Fernández, Mª Cruz García García - Cid, Nuria González Casado, Cristina Masseli Martín, Noemí Fernández Baz, Ana Muñoz Escribano** - Traballadoras Sociais, **Pilar Méndez Sánchez, Mª Jesús Morillo Calero** - Bibliotecarias, **Maria Fuentes Escribano Cortes, Ruth Cordorica Torre, Nazaret Gómez de Francisco** - Educadoras Sociais, **Cristina Castillo Siles** - Técnica en Integración Social, **Mar Ruiz Baños** - Educadora Infantil, **Carmen Gil** - Pedagoga Gil, **Belén Reyes Redondo** - Poeta, **Julia Rodero Sánchez** - Ciencias do Traballo, **Marisol del Real** - Responsable Tasacións do Grupo Banco Popular, **Leonor Morillo Sánchez, Esperanza Valiente Núñez** - Secretarias de Dirección, **Ana López Bujalance, Marga Latorre Redondo, María Cea Picos, Mª Ángeles Salvado Navamiel, Mónica Peláez Cabiedas, Concepción Becedas Carreras** - Administrativas, **Marta Cabo Salcedo** - Xestión e Administración, **Celia Rioja**

**Molina** - Licenciada en Administración e Dirección de Empresas, **Cristina Ordóñez Goded** - Restauradora de Bens, **Carmen Camarero Lázaro, Olga Aranda Ramos, Isabel Arjona, Eneida Mercado Soriano** - Mestras, **Concha Licera Costarosa, Esther González Sanz, Mª del Rosario Picos Gómez, Paz San Segundo Manuel, María Consuelo Planes Moreno** - Funcionarias, **Vanessa Rodríguez Vargas** - Cantante, **Maite Castro Gracia** - Analista Informática, **Hurona Ysabey Vicente** - Protésica Dental, **Ester López González** - Auxiliar de Clínica, **Mercedes Pérez Santamaría** - Auxiliar de Enfermería, **Ángeles Asenjo Algobia** - Auxiliar de Gardería, **Patricia Sagrado Pedrera, Ester de Paz** - Perruqueiras, **Concepción Fernández González, Lidia Sánchez Ortiz, Mariam El - Lovah Rodríguez, Manuela Hernández Latorre** - Sector Servizos, **Isabel Tello Corroto** - Mantemento, **Marcia Guzmán Torres, Yolanda Morales León, Mati Jaén, Carmen Parra Braulio** - Hostelería, **Hanane Fakir** - Limpadora, **Carmen Molina Segura** - Governanta, **Isabel Martínez Flores** - Lavandeira, **Facunda Matador Andura** - Cocinera, **Ana del Carmen Bernabé Rodríguez** - Comercial, **Feliciana Ruiz González** - Panadeira, **Andrea López Latorre, Paula de la Fuente Blanco, Sara Pérez Pastón, Ruth Cabero Martínez** - Estudantes Universitarias, **Begoña Gonzalo Lorenzo** - (profesión descoñecida), **Manuel González Orviz** - Director Xeral de Vivenda do Principado de Asturias, **Adolfo Barreda** - Avogado, **Andrés Montero Gómez** - Psicólogo, **Antonio Escudero** - Psiquiatra, **Miguel Lorente Acosta** - Coordinador Xeral dos Institutos de Medicina Legal de Andalucía, **Daniel González Valdés** - Soldador, **Rafael Pérez Pérez** - Escaiolista, **Fernando Losada del Río** - Operador Técnico de Telefónica, **José A. Frías Montoya** - Profesor da Universidade de

Salamanca, **Pedro López López**, - Profesor da Universidade Complutense, **Alberto Bustos** - Profesor da Universidade Carlos III, **Carlos López Piñón** - Enxeñeiro Industrial, **Juan Latorre Redondo** - Proxectista de Xardíns, **Vicente Traver Centaño** - Pensionista, **Julio Salamanca Gallego** - Axente de Viaxes, **Miguel Merino Hernández** - Enfermeiro, **Luis Lumbreras Pérez** - Administrativo, **Hugo Pedrosa Latorre, Kai Yañez Deguchi, Eduardo Losada Valdés, Alejandro Losada Valdés** - Estudantes Universitarios, **Álvaro Quintana Montero** - Estudante Bacharelato

#### NOTAS

1. *Varón* no texto orixinal (nota da tradutora).
2. Ídem
3. Ídem
4. Ídem
5. Ídem

## PERDA DUNHA GRAN FEMINISTA

María José Urruzola, histórica do feminismo independente de Euzkadi, morre prematuramente. Deixa un baleiro, non só entre as compañeiras do Colectivo Lambroa de Bilbao ou no Partido Feminista, senón en todas as feministas españolas que coincidimos con ela ao longo de moitos anos de experiencia política feminista en Encontros e Foros diversos.

Destaca no campo educativo. Profesora de Filosofía no Ensino Medio, ensinou ética e feminismo desde unha perspectiva non sexista. Defende a coeducación e un sistema alternativo de valores que recolla o positivo da cultura masculina e feminina. A súa idea orixinal e discutible, expresada tamén en varios dos seus libros, é a defensa de espazos autónomos escolares, femininos e masculinos, como medio para conseguir a coeducación. Considera que o actual espazo mixto ten serias dificultades para conseguilo porque manifesta un acaparamento e un poderío masculino.

O feminismo euzquera fíxolle unha homenaxe no Museo Marítimo de Bilbao no mes de xuño. Desde a *Festa da Palabra*, as *Feministas Independentes Galegas* facémoslle o noso recoñecemento.



## ORIANA FALLACI, IN MEMORIAM



Morreu a Fallaci. Situándose sempre na boca do volcán, narrou para a prensa os grandes dramas do último século. Confesaría moito despois que tiñan para ela unha atracción fatal, unha perversa fascinación. Esa vivencia transformábase máis tarde en relatos apaixonados, lúcidos e interpelantes. Creou escola fóra das nacentes academias, sometidas en exceso ás técnicas da autocensura: as que impoñen a equidistancia e a obxectividade escénica ou de ritual. Tampouco amedrentou como muller en medio dunha profesión de homes e bohemia: acabou marcando axenda internacional. Froito da súa paixón pola verdade, que sempre buscou a contrafío das versións oficiais.

A través das súas reportaxes publicadas no semanario

*L'Europeo*, e máis tarde no *Times* de Londres, na revista *Life* ou no *New York Times*, entre outros, moitos puideron interpretar nos anos do frío e do chumbo un mundo en erupción. Recollera en directo eses materiais na barbarie que encheu de sangue estudiantil a mexicana Praza de Tlatelolco. Na Grecia dos coroneis, facéndose cómplice e máis tarde amante de Alekos Panagulis, o heroe da resistencia. Na guerra de Vietnam, desafiante e insobornable na súa denuncia antimilitarista. Nos submundos de Latinoamérica, desvelando os escenarios da represión. E tamén no Oriente Medio, que acabou converténdose no seu particular camiño de Damasco. Moitos puidemos coñecer a intrahistoria desde anos convulsos a través das súas modélicas entrevistas cos seus principais protagonistas: con Yasser Arafat e Golda Meir, con Indira Gandhi, Mao Tse Tung, Henry Kissinger ou Robert Kennedy, entre outros.

Co tempo, Oriana Fallaci foi máis unha lenda que un icono do xornalismo que practicara sen concesións nesa súa etapa cívica e global. Ela mesma contribuiu a desacralizar esa imaxe de muller aguerrida e de xornalista con poder de influencia: "Non son ningún Rambo feminino co

casco á cabeza e o puñal entre os dentes", dixera cando cumpriu 70 anos. Transacciona ideoloxías. Da esquerda intelectual e contestataria á dereita vivencial. Non por involución, sí por independencia persoal e intelectual. A obsesión polo islamismo, que coñece moi ben, fíxoa caer no pesimismo europeísta. Sobre todo tras os atentados do 11-S. Ela, que nunca comungara co cristianismo vaticano, vese por reacción condenando con extremoso dramatismo a cantos, para contemporanizar, renuncian a seguir reivindicando as raíces cristiás de Europa, á que ve en proceso de colonización panárabe –velaí o contido dos seus polémicos libros *A raiba e o orgullo* (2002) e *A forza da razón* (2004)–.

Hai quen lle recrimina que morrese soñando con fronteiras ideolóxico/relixiosas, con enreixados e estacadas contra os ideólogos musulmáns. Eu quero seguir pensándoa cómplice das causas xustas. Porque foi neses anos do frío e do chumbo un vendaval de liberdade. Moitos de nós descubrimos a grandeza deste apaixonante oficio a través das súas espléndidas crónicas. Agradecido, Oriana.

A Festa da palabra quere mostrar a súa garimosa solidariedade á nosa amiga e compañeira Marga R. Marcuño, polo recente falecemento da súa nai Margarita Marcuño Campos, Margot, quen a propia filla definiu como: "boa, xenerosa e artista".

Marga R. Marcuño incorpórase á Festa da palabra, exercendo como traductora e asesora lingüística da revista naqueles conflictivos anos 80 e compartiu o esforzo por conquistar unha revista profunda nos seus contidos e vangardista na súa estética, vixiando para que a lingua galega asomara en consonancia coa cualidade da publicación.

Nestes días tristes para a nosa compañeira, Marga aferrouse sen perda de tempo aos artigos da revista, para poderlle dar saída a este Monográfico número 22 da Festa da palabra, en que homenaxeamos ao homes feministas.

FIGA-MBC



A C T U A L I D A D E



## ÍNDICE

Editorial **3**

Un filósofo feminista no século XVII: Poullain de la Barre **6**

Unha figura trágica nas orixes da democracia moderna: Condorcet, filósofo feminista **11**

Defensa da muller: Benito Feixó, Martín Sarmiento, Vicente do Seixo **16**

O feminismo na tradición utilitarista: de Willian Thompson a John Stuart Mill **23**

Mafalda, a feminista de Quino **33**

A cuestión feminista en F. Engels **43**

A Muller, de August Bebel **47**

Predicadores e activistas. Pro-feminismo masculino norteamericán no século XIX **51**

Carl Djerassi, o creador da píldora **55**

Pierre Bourdieu e o feminismo: análise da *Dominación masculina* **59**

Catro ensaios sobre a muller, de Carlos Castilla del Pino **63**

Os varóns ante o problema da igualdade coas mulleres **67**

Pais de artistas: Tommaso da Pizzano e Amilcare Anguisciola **82**

Plataforma de homes pola abolición da prostitución **86**

Adeus a Xan Traba **88**

Ardemos con Galiza **91**

Ós pirómanos do monte **92**

¿Electricidade ou incendios? **93**

A perspectiva de xénero no tratamento penal da violencia contra as mulleres **97**

Artemisia Gentileschi **103**

Un recordo para Pura Vázquez **108**

Premio Rosalía de Castro. Galiza. Maio 2006 **109**

Anna Politkóvskaya **112**

As mulleres de Brecht **113**

Centenario de Hanna Arendt, feminista sen querer **117**

Escrito por mulleres **121**

Pregón Feira do Libro. Vigo 30 de xuño de 2006 **130**

Feminismo e coñecemento. Da experiencia das mulleres ao cibernético, de Carme Adán **133**

Contra un feminismo que lle empresta a voz aos violentos **136**

Perda dunha gran feminista **140**

Oriana Fallaci, in memoriam **141**

## NÚMEROS ANTERIORES



Rosalía de Castro  
(esgotado)



Francisca Herrera  
Garrido (esgotado)



Xohana Torres



Literatura infantil



Emilia Pardo Bazán



Medios de comunicación



O erotismo



Colonialismo e sexismo



Dez anos de  
movemento feminista



Novísimas pintoras  
galegas



Poetas Pura e Dora  
Vázquez



Encontro de poetas  
peninsulares e das illas



Arquitectura e urbanismo



50 anos de revolución sexual. *O segundo sexo*



15 anos de poesía feminina galega na Festa da Palabra



Abolición!  
A Prostitución a exame



I premio de investigación "Festa da Palabra" As traballadoras da Artística



O Rromipén.  
Cultura xitana



A ciencia como aliada




María Mariño

Solicite o seu número atrasado a domicilio, contra reembolso, cun desconto progresivo.

- 1 exemplar ..... 10 €  
 2 exemplares ..... 7 € cada unidade  
 3 exemplares ..... 5 € c/u  
 4 exemplares ..... 4 € c/u  
 5 ou máis exemplares... 3 € c/u

Nome: .....	
Enderezo: .....	
Cidade: .....Código: .....	
Cantidad	Títulos / nºs





# F E S T A   D A   P A L A B R A

S I L E N C I A D A

Publicación Galega Feminista  
Galicia. 2006

# 22



FEMINISTAS INDEPENDENTES GALEGAS



Concellería da Muller  
Concello de Vigo